

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
27012048	Xograr Afonso Gómez de Sarria	Sarria	2023/2024

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SSC	Servizos socioculturais e á comunidade	CMSSC01	Atención a persoas en situación de dependencia	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0212	Características e necesidades das persoas en situación de dependencia	2023/2024	6	160	192

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	INÉS CALVO TORRES
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

As medidas establecidas na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal, así como o aumento da esperanza de vida das persoas, fan previsible unha alta inserción laboral e unha tendencia de crecemento no ámbito de traballo da atención ás persoas en situación de dependencia.

A diminución de coidadores informais no ámbito familiar derivado da situación socioeconómica e laboral das familias redonda tamén nunha maior oferta de emprego das persoas con esta titulación.

O forte crecemento dos servizos de atención ás persoas en situación de dependencia que se observa tamén vai requirir de profesionais con maior competencia e versatilidade na realización de actividades

As persoas que obteñan este título exercerán a súa actividade no sector de servizos ás persoas en situación de dependencia, de carácter asistencial, psicosocial e de apoio á xestión doméstica.

As ocupacións e os postos de traballo máis salientables son os seguintes:

- Coidador ou coidadora dunha persoa en situación de dependencia nunha institución.
- Auxiliar de axuda a domicilio
- Auxiliar de educación especial
- Teleoperador/teleoperadora de teleasistencia

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Coidadora	Nesta unidade traballaranse algúns conceptos básicos relacionados coas necesidades das persoas e a influencia da psicoloxía: ciclo vital, procesos cognitivos, emocionais e condutuais, que nos permitan comprender mellor as futuras persoas usuarias. Analizaremos os conceptos de autonomía e dependencia. Estableceremos a diferenza entre valoración e avaliación da capacidade funcional. Instrumentos e características dos instrumentos de valoración da capacidade funcional das persoas. Graduación da dependencia: Baremo de Valoración de Dependencia (BVD) e Escala de Valoración Específica (EVE)	40	22
2	A dos metros de ti	Nesta unidade traballarase enfermidade coma proceso xerador de situacións de dependencia. Concepto, clasificación e características, así como as necesidades e as pautas de atención das persoas enfermas.	24	12
3	La hora de la verdad	O proceso de avellentamento e esperanza de vida. Cambios que se producen e patoloxías mais frecuentes nas persoas maiores. Unha vez configurada a visión sobre o proceso de avellentamento trataremos as necesidades das persoas maiores así coma a súa repercusión na vida cotiá. Finalizaremos reflexionando sobre o bo trato ás persoas maiores.	34	16
4	Nadie puede volar	Nesta unidade traballarase a evolución histórica da discapacidade. Análise da visión histórica da discapacidade e evolución conceptual dende a CIDDMM ata o actual modelo de diversidade funcional, pasando pola CIF vixente legal e cientificamente. Clasificación da diversidade funcional con referencia a discapacidade física.	30	16
5	El grito de la gaviota	Coñeceremos a Diversidade funcional sensorial, con especial análise das dificultades de visión e audición así como a combinación de ambas. Identificación de necesidades das persoas con DFS e principios de intervención.	22	12
6	Lectura fácil	Seguindo na liña das UD anteriores análise das necesidades e características específicas das persoas con Diversidade Funcional Intelectual. Achegamento as pautas de actuación co colectivo e os recursos existentes de atención.	22	12
7	Los renglones torcidos de Dios	Análise da enfermidade mental dentro dos procesos de alteración da saúde. Clasificación das enfermidades mentais e identificación das mais frecuentes. Principios de actuación, necesidades e dificultades mais frecuentes, así coma recursos e apoios precisos.	20	10

#### 4. Por cada unidade didáctica

##### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Coidadora	40

##### 4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Caracteriza o concepto de autonomía persoal, para o que analiza os factores que interveñen tanto na súa prevención e promoción como na súa deterioración.	SI

##### 4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Descríbense os procesos básicos asociados á promoción da autonomía persoal e a vida independente.
CA1.2 Caracterizáronse as habilidades de autonomía persoal.
CA1.3 Identifícanse os factores que favorecen ou inhiben o mantemento da autonomía persoal e a vida independente.
CA1.4 Descríbense as principais alteracións emocionais e de conduta asociadas á perda de autonomía persoal.
CA1.5 Identifícanse os indicadores xerais da perda de autonomía.
CA1.6 Xustifícase a necesidade de respectar a capacidade de elección da persoa en situación de dependencia.
CA1.7 Argumentouse a importancia da prevención para retrasar as situacións de dependencia.
CA1.8 Valorouse a importancia da familia e do medio do suxeito no mantemento da súa autonomía persoal e o seu benestar físico e psicosocial.

##### 4.1.e) Contidos

Contidos
Conceptos básicos de psicoloxía: ciclo vital e procesos cognitivos, emocionais e de conduta.
Autonomía e dependencia. Vida independente: concepto, orixe e filosofía. Autodeterminación. Identificación dos graos e niveis de dependencia. Indicadores xerais da perda de autonomía.
Habilidades de autonomía persoal.
Promoción da autonomía persoal. Procesos básicos e factores influentes: Prevención da perda de autonomía. Identificación de barreiras físicas e psicosociais para a autonomía das persoas.
Factores que favorecen ou inhiben o mantemento da autonomía persoal
Alteracións emocionais e de conduta asociadas á perda de autonomía.
Valoración da prevención e a promoción da autonomía persoal como estratexia de actuación fronte á dependencia.
Sensibilización acerca da importancia de respectar a capacidade de elección das persoas en situación de dependencia.
Papel da familia e do contorno no ámbito da autonomía persoal e a dependencia.

**4.2.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
2	A dos metros de ti	24

**4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Describe as doenzas xeradoras de dependencia e determina os seus efectos sobre as persoas que as padeczan.	NO

**4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA4.1 Caracterizáronse as doenzas agudas, crónicas e terminais pola súa influencia na autonomía persoal da persoa enferma.
CA4.2 Identificáronse as principais características e necesidades psicolóxicas e sociais de pacientes con doenzas xeradoras de dependencia.
CA4.5 Identificáronse as necesidades de apoio asistencial e psicosocial das persoas enfermas en función da tipoloxía de doenza que padeczan.
CA4.6 Descríbironse as principais pautas de atención ás necesidades psicolóxicas e sociais das persoas enfermas.
CA4.7 Descríbironse as necesidades de orientación e apoio ao persoal coidador non profesional da persoa enferma.
CA4.8 Sensibilizouse sobre a influencia da doenza na conduta da persoa enferma.

**4.2.e) Contidos**

Contidos
Conceptos fundamentais: doenzas crónicas xeradoras de dependencia.
Situacións de dependencia asociadas a doenzas crónicas ou dexenerativas.
Identificación das características e as necesidades en situacións de doenza e da convalecencia.
Apoio e orientación ao persoal coidador non profesional da persoa enferma.

**4.3.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
3	La hora de la verdad	34

**4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Clasifica os niveis de dependencia e as axudas requiridas asociados ao proceso de avellentamento, e analiza os cambios e as deterioracións producidas por el.	SI

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.1 Relacionáronse os cambios biolóxicos, psicolóxicos e sociais propios do avellentamento coas dificultades que implican na vida diaria da persoa.
CA2.2 Identificáronse as patoloxías máis frecuentes na persoa anciá.
CA2.3 Describíronse as principais características e necesidades das persoas anciás.
CA2.4 Identificáronse as principais manifestacións de deterioración persoal e social propias das persoas anciás.
CA2.5 Relacionáronse os niveis de deterioración física, psicolóxica e social cos graos de dependencia e o tipo de apoio requirido.
CA2.6 Describíronse as condutas e os comportamentos característicos das persoas anciás durante o período de adaptación ao servizo de atención á dependencia e ao persoal profesional de referencia.
CA2.7 Identificáronse as necesidades de orientación e apoio das persoas cuidadoras familiares e non profesionais da persoa anciá.
CA2.8 Valorouse a importancia de respectar as decisións e os intereses das persoas anciás.

**4.3.e) Contidos**

Contidos
Proceso de avellentamento.
Patoloxías máis frecuentes na persoa anciá.
Incidencia do avellentamento na calidade de vida e na autonomía da persoa anciá.
Identificación das necesidades especiais de atención e apoio integral das persoas anciás. Indicadores de deterioración persoal e social na persoa anciá. Evolución do contexto socioafectivo e da sexualidade da persoa maior. Calidade de vida, apoio e autode
Apoio e orientación ao persoal cuidador non profesional das persoas anciás.
Proceso de adaptación da persoa anciá ao servizo de atención e ao persoal que a atenda: condutas e comportamentos característicos.
Sensibilización cara ás repercusións do avellentamento na vida cotiá das persoas anciás e no seu ámbito.
Respecto pola capacidade de autodeterminación nas persoas anciás.

**4.4.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
4	Nadie puede volar	30

**4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Recoñece as características das persoas con discapacidade en relación cos niveis de dependencia e coa axuda requirida.	SI

**4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA3.1 Relacionouse a evolución do concepto de discapacidade cos cambios sociais, culturais, económicos e científico-tecnolóxicos.
CA3.2 Relacionáronse os tipos de discapacidade coas dificultades que implican na vida cotiá das persoas.
CA3.3 Describíronse as principais necesidades psicolóxicas e sociais das persoas con discapacidade.
CA3.4 Relacionáronse as tipoloxías e os niveis de discapacidade co grao de dependencia e co tipo de apoio necesario.
CA3.5 Identificáronse os fundamentos da vida independente.
CA3.6 Describíronse as necesidades de orientación e apoio ao persoal coidador non profesional da persoa con discapacidade.
CA3.7 Argumentouse a importancia da eliminación de barreiras físicas para favorecer a autonomía das persoas con discapacidade física ou sensorial.
CA3.8 Argumentouse a importancia de respectar as decisións e os intereses das persoas con discapacidade.

**4.4.e) Contidos**

Contidos
Concepto, clasificación e etioloxías frecuentes. Evolución dos modelos da diversidade funcional: modelo da prescindencia, rehabilitador social e da diversidade.
0Sensibilización acerca da incidencia da discapacidade na vida cotiá das persoas afectadas e o seu ámbito.
Identificación das características e as necesidades das persoas con discapacidade.
Discapacidade, autonomía e niveis de dependencia. Influencia dos tipos e niveis de discapacidade na vida cotiá das persoas afectadas. Tipos de apoio.
Influencia das barreiras físicas na autonomía das persoas con discapacidade.
Promoción da autonomía nas persoas con discapacidade.
Vida independente: concepto (perspectiva filosófica, sociopolítica e económica) e marco legal. O movemento vida independente: orixe, evolución, filosofía e marco legislativo.
Apoio e orientación no ámbito da persoa con discapacidade.
Consideración das diferenzas sexuais na discapacidade.
Participación e discapacidade.

**4.5.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
5	El grito de la gaviota	22

**4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Recoñece as características das persoas con discapacidade en relación cos niveis de dependencia e coa axuda requirida.	SI

**4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA3.1 Relacionouse a evolución do concepto de discapacidade cos cambios sociais, culturais, económicos e científico-tecnolóxicos.
CA3.2 Relacionáronse os tipos de discapacidade coas dificultades que implican na vida cotiá das persoas.
CA3.3 Describíronse as principais necesidades psicolóxicas e sociais das persoas con discapacidade.
CA3.4 Relacionáronse as tipoloxías e os niveis de discapacidade co grao de dependencia e co tipo de apoio necesario.
CA3.5 Identificáronse os fundamentos da vida independente.
CA3.6 Describíronse as necesidades de orientación e apoio ao persoal coidador non profesional da persoa con discapacidade.
CA3.7 Argumentouse a importancia da eliminación de barreiras físicas para favorecer a autonomía das persoas con discapacidade física ou sensorial.
CA3.8 Argumentouse a importancia de respectar as decisións e os intereses das persoas con discapacidade.

**4.5.e) Contidos**

Contidos
Concepto, clasificación e etioloxías frecuentes. Evolución dos modelos da diversidade funcional: modelo da prescindencia, rehabilitador social e da diversidade.
0Sensibilización acerca da incidencia da discapacidade na vida cotiá das persoas afectadas e o seu ámbito.
Identificación das características e as necesidades das persoas con discapacidade.
Discapacidade, autonomía e niveis de dependencia. Influencia dos tipos e niveis de discapacidade na vida cotiá das persoas afectadas. Tipos de apoio.
Influencia das barreiras físicas na autonomía das persoas con discapacidade.
Promoción da autonomía nas persoas con discapacidade.
Vida independente: concepto (perspectiva filosófica, sociopolítica e económica) e marco legal. O movemento vida independente: orixe, evolución, filosofía e marco legislativo.
Apoio e orientación no ámbito da persoa con discapacidade.
Consideración das diferenzas sexuais na discapacidade.
Participación e discapacidade.



**4.6.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
6	Lectura fácil	22

**4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Recoñece as características das persoas con discapacidade en relación cos niveis de dependencia e coa axuda requirida.	SI

**4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA3.1 Relacionouse a evolución do concepto de discapacidade cos cambios sociais, culturais, económicos e científico-tecnolóxicos.
CA3.2 Relacionáronse os tipos de discapacidade coas dificultades que implican na vida cotiá das persoas.
CA3.3 Describíronse as principais necesidades psicolóxicas e sociais das persoas con discapacidade.
CA3.4 Relacionáronse as tipoloxías e os niveis de discapacidade co grao de dependencia e co tipo de apoio necesario.
CA3.5 Identificáronse os fundamentos da vida independente.
CA3.6 Describíronse as necesidades de orientación e apoio ao persoal cuidador non profesional da persoa con discapacidade.
CA3.7 Argumentouse a importancia da eliminación de barreiras físicas para favorecer a autonomía das persoas con discapacidade física ou sensorial.
CA3.8 Argumentouse a importancia de respectar as decisións e os intereses das persoas con discapacidade.

**4.6.e) Contidos**

Contidos
Concepto, clasificación e etioloxías frecuentes. Evolución dos modelos da diversidade funcional: modelo da prescindencia, rehabilitador social e da diversidade.
0Sensibilización acerca da incidencia da discapacidade na vida cotiá das persoas afectadas e o seu ámbito.
Identificación das características e as necesidades das persoas con discapacidade.
Discapacidade, autonomía e niveis de dependencia. Influencia dos tipos e niveis de discapacidade na vida cotiá das persoas afectadas. Tipos de apoio.
Influencia das barreiras físicas na autonomía das persoas con discapacidade.
Promoción da autonomía nas persoas con discapacidade.
Vida independente: concepto (perspectiva filosófica, sociopolítica e económica) e marco legal. O movemento vida independente: orixe, evolución, filosofía e marco legislativo.
Apoio e orientación no ámbito da persoa con discapacidade.
Consideración das diferenzas sexuais na discapacidade.
Participación e discapacidade.

**4.7.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
7	Los renglones torcidos de Dios	20

**4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Describe as doenzas xeradoras de dependencia e determina os seus efectos sobre as persoas que as padezan.	NO

**4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA4.2 Identifícaronse as principais características e necesidades psicolóxicas e sociais de pacientes con doenzas xeradoras de dependencia.
CA4.3 Definíronse as principais características das doenzas mentais máis frecuentes.
CA4.4 Describiuse a influencia das doenzas mentais na autonomía persoal e social das persoas que as padezan.
CA4.7 Descríbense as necesidades de orientación e apoio ao persoal coidador non profesional da persoa enferma.
CA4.8 Sensibilizouse sobre a influencia da doenza na conduta da persoa enferma.

**4.7.e) Contidos**

Contidos
Persoas con doenza mental. Principais trastornos. Influencia da doenza no estado emocional e na conduta da persoa. Calidade de vida e necesidades de apoio das persoas en situación de dependencia por doenza.
Apoio e orientación ao persoal coidador non profesional da persoa enferma.
Sensibilización cara ás repercusións da doenza nas persoas que as padecen e no seu ámbito.

## 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Considéranse mínimos exigibles a adquisición das capacidades específicas en todos os criterios de avaliación (CA) que marca o currículo para o módulo, agás o CA1.8, CA2.7, CA3.6, CA4.7, por consideralos transversais e afíns a outros módulos do ciclo en curso. Para un mellor seguemento e comprensión deste mínimos exigibles pódese acudir a cada unha das unidades didácticas onde se atopan detallados.

Dado que este módulo se engloba dentro das ensinanzas de carácter presencial o alumnado deberá asistir con regularidade ás clases programadas sen poder superar o 10% de ausencias ás sesións do módulo, coincidindo coas faltas de asistencia a clase, atendendo a orde de avaliación de ciclos formativos en vigor.

A comprobación da adquisición das capacidades específicas nos CA realizarase a través dos instrumentos de avaliación marcados:

### 1. Exame (70%)

Estas probas escritas avaliarán os contidos máis teóricos das diferentes unidades didácticas. Realizarase con carácter xeral unha única proba de carácter obrigatorio ó final de cada avaliación. Estas probas estarán compostas por preguntas tipo test, verdadeiro-falso, resposta curta, pregunta tema ou resolución de casos prácticos, ou a mestura de todas ou algunha destas fórmulas. O valor das probas escritas será dun 70% da nota da avaliación. No caso que estea xustifico para un mellor proceso de ensinanza-aprendizaxe, polas características do alumnado e/ou polos contidos vistos, poderase establecer máis dunha proba escrita por avaliación atendendo sempre á organización do módulo por unidades didácticas.

### 2. Traballos e actividades entregadas (30%)

O longo de cada avaliación realizaranse como norma xeral dous actividades (individuais, grupais ou ambos) relacionados con contidos propios dunha ou varias unidades didácticas. O peso na cualificación dos traballos será dun 30% da nota da avaliación e poderá recoller aspectos relacionados sobre o interese e actitude amosado para o módulo recollidos nos CA correspondentes. Unha destas actividades ao trimestre poderá ser substituída pola lectura dunha obra relacionada cos contidos propios da materia vista e a correspondente entrega da recensión da mesma ou proba escrita, supoñendo o 15% da nota de avaliación trimestral.

Para superar a avaliación, é necesario ter aprobada a proba ou cada unha das probas escritas así coma todos e cada un dos traballos individuais e grupais. A lectura da obra e entrega da recensión non será obrigatorio, pero en caso de non realizala non se poderá acadar o 100% da cualificación. A nota obterase do 70% da proba ou media das probas e o 30% restante da media dos traballos individuais e/ou grupais da avaliación (incluída a lectura e recensión de obras) correspondente. Terá que estar superada cada unha das partes con a lo menos o 50% en cada unha delas para facer a proporción correspondente. No caso de non superar a proba (ou probas) escrita trimestral ou algún dos traballos deberá recuperalos de acordo ás indicacións da docente.

As cualificacións das avaliacións parciais e final será numérica sen decimais, entre o 1 e o 10. No caso de obter un primeiro decimal igual ou inferior a 5 o redondeo realizarase á baixa e no caso de obter un primeiro decimal superior a cinco o redondeo realizarase á alza.

Para superar o módulo será necesario obter coma mínimo 5 puntos sobre 10 tanto nas avaliacións parciais coma na final.

A nota reflectida no boletín da última avaliación parcial, será o resultado da media das notas obtidas nas avaliacións parciais ó longo do curso. No caso de que o alumno/alumna non superara algunha das avaliacións parciais a cualificación da última avaliación parcial ou a final non poderá

superar catro.

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

A cualificación e o procedemento para a recuperación das partes pendentes seguirá os mesmos criterios que a cualificación ordinaria:

1. En caso de non superar a proba/probas escritas suspenderase a avaliación correspondente, realizándose unha recuperación trala mesma.
2. No caso de non superar ou non entregar os traballos individuais e/ou grupais, suspenderase a avaliación correspondente aos mesmos. Estes deben ser entregados no período establecido pola docente.

No caso de non ter superado o módulo por medio destas recuperacións parciais, establecerase unha única recuperación final no mes de xuño que versará sobre o conxunto dos contidos do módulo, previa entrega e superación de todos os traballos avaliados establecidos ao longo das UD. Será necesario obter coma mínimo un 5 na proba escrita e en cada un dos traballos tendo en conta os mínimos esixibles que se especifican na presente programación.

### 6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O número de faltas de asistencia (non xustificadas segundo os criterios fixados no RRI) non poderá superar o 10% da duración (192 sesións) do módulo formativo, é dicir, o número máximo de faltas de asistencia non xustificadas será de 20 sesións. Se o alumnado, por tanto, supera este número indicado de faltas de asistencia perderá o dereito á avaliación continua, comunicándose lle a través da titora do grupo de xeito formal. O alumno/a que perda o dereito á avaliación continua non terá dereito a ser examinado por avaliacións parciais e polo tanto será avaliado na Convocatoria de Xuño nun único exame; No obstante o alumno/a poderá seguir asistindo a clase con carácter presencial.

A avaliación extraordinaria consistirá na realización dunha proba que constará dunha parte teórica e dunha parte práctica sobre os contidos do módulo:

- Parte teórica: poderá incluír cuestións de diferente tipo: de elección, de resposta curta e/ou de desenvolvemento (máis ou menos amplo) de cuestións relacionadas cos contidos do módulo. A duración máxima desta proba será de 1.5 horas.
- Parte práctica o alumno/a, ante un ou máis supostos, deberá relacionar o suposto coas aportacións teóricas estudadas no módulo, e que comprenden por exemplo:
  1. Casos prácticos suficientemente caracterizados, onde se especifique o deterioro sensorial, psicomotriz, cognitivo... sufrido pola persoa maior ou discapacitada, especificar a súa incidencia na autonomía persoal e no desenvolvemento cotiá, extraendo a información necesaria para a intervención do profesional
  2. Casos prácticos onde se describen intervencións de atención a distintas persoas dependentes (maiores, persoas con discapacidade, persoas enfermas, persoas con enfermidade mental) suficientemente caracterizados:
    - a) Identificar as situacións de risco máis comúns asociadas aos determinados colectivos estudados (persoas maiores, persoas con discapacidade, persoas con doenzas e doenzas mentais)
    - b) Identificar os comportamentos profesionais que se levan a cabo coas persoas en situación de dependencia
    - c) Determinar as actitudes manifestadas polo técnico; naturalidade no trato, empatía, respecto, aceptación, escoita activa...
    - d) Identificar as características da dinámica establecida na relación de axuda
    - e) Xustificar a súa validez, adecuación á situación exposta

f) Explicar os comportamentos e actitudes que se deben manter coa familia nas situacións de perda de autonomía ...

A duración desta parte práctica da proba terá un máximo de 1.5 horas.

Para acadar unha cualificación positiva na proba é preciso obter un 5 (dun máximo de 10 puntos) en cada unha das partes da proba, non podendo realizar a parte práctica no caso de non superar a teórica. En caso de superar as dúas partes a nota final será a media aritmética de ambas.

## 7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

O procedemento fundamental para levar a cabo o seguimento da programación e a avaliación da práctica docente, será a autoavaliación da práctica educativa. A avaliación corresponde, en primeiro lugar, ao profesor/a, que se enfrontará a todas as súas tarefas e funcións cunha actitude crítica permanente. De igual xeito, no equipo docente do ciclo formativo e no departamento didáctico, en actitude recíproca de participación colectiva, intercambiaranse puntos de vista, analizarase, deliberarase e chegarase a acordos que enriquezan mutuamente a práctica docente. Este procedemento pode estar complementado coas estimacións que o alumnado realice. O profesor/a provocará e favorecerá a avaliación dende o alumnado medindo dende eles o acerto das súas intervencións.

Os aspectos da programación que se someterán a seguimento son:

- Os obxectivos: A concreción dos mesmos e a adecuación aos resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación da programación do módulo e do currículo do mesmo.
- Os contidos de aprendizaxe: A adecuada selección e secuenciación dos mesmos ao longo das unidades didácticas.
- As actividades docentes: Prestando especial atención á coherencia das actividades propostas coa liña metodolóxica que se considera máis adecuada para cada aprendizaxe e ao deseño e aplicación dunhas actividades diversificadas para favorecer os distintos ritmos de aprendizaxe.
- O clima e as relacións na aula: Valorando as interaccións que se producen no grupo, as situacións en que esas interaccións perturban o clima da aula e os procesos de aprendizaxe, a autonomía do alumnado, a adecuación da organización espacial e dos agrupamentos ás características do grupo e do traballo que se realiza.
- Os medios e recursos: uso e rentabilidade que se consegue.
- O sistema de avaliación que se aplica para valorar ao alumnado, así como o propio sistema de avaliación da práctica docente

Así mesmo realizaranse os correspondentes seguimentos de programación a través de aplicación informática específica. En todo caso levarase a cabo cunha periodicidade mensual.

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Segundo o establecido no artigo 28 da orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial: ao comezo das actividades do curso académico, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno/a, así como as súas capacidades. Así mesmo, deberá servir para orientar e situar o alumnado en relación co perfil profesional correspondente. Nesta sesión, o profesor/a que se encarguen da titoría dará a información dispoñible sobre as características xerais do grupo ou sobre as circunstancias especificamente académicas ou persoais, con incidencia educativa, de cantos alumnos/as o compoñan.

Esta información poderá proceder, entre outras:

- a) Dos informes individualizados de avaliación da etapa anteriormente cursada, de ser o caso.
- b) Dos estudos académicos ou das ensinanzas de formación profesional inicial ou para o emprego previamente realizados.

- c) Do alumnado matriculado sen titulación académica de acceso.
- d) Dos informes ou ditames específicos do alumnado discapacitado ou con necesidades educativas especiais que poida haber no grupo.
- e) Da experiencia profesional previa.
- f) Da matrícula condicional do alumnado estranxeiro.
- g) Da observación do alumnado e as actividades realizadas nas primeiras semanas do curso.

Esta avaliación inicial en ningún caso comportará cualificación para o alumnado.

Coma parte do equipo docente, realizarase nas primeiras sesións do módulo entrevista de grupo e individual nos casos que proceda, así coma proba escrita que permita aportar en sesión de avaliación inicial as conclusións acadadas pola docente.

### **8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados**

O reforzo educativo é unha medida ordinaria de atención á diversidade que afecta a elementos non prescriptivos do curriculum, tratándose, polo tanto, de medidas educativas referidas á metodoloxía.

Na programación podemos referirnos a certos criterios moi globais que precisarían, de ser necesario, de concreción e desenvolvemento individualizado tras a detección das dificultades do alumnos/as; podendo solicitar asesoramento do Departamento de Información e Orientación e procurando acordos nos equipos de ciclo.

Entre eses criterios, resaltamos:

- Favorecer ó acceso á información a través de soportes e medios de distinto tipo.
- Indicar os obxectivos e contidos básicos do módulo que se deben acadar.
- Propoñer actividades alternativas con distinto grao de dificultade para abordar aqueles contidos que sexan de dificultade para o alumno/a.
- Traballar con distintos agrupamentos de alumnos para favorecer a súa participación, os traballos das actividades propostas e a axuda que podan brindar outros compañeiros/as.
- Buscar materiais alternativos acordes coas necesidades do alumno/a.
- Realizar unha colocación máis favorecedora para o alumno/a para o seguimento das dinámicas da clase, tendo en conta a súas características
- Aportar instrucións máis detalladas ou diversas para abordar exercicios, traballos, actividades e probas.
- Flexibilizar, na medida do posible, de tempos necesarios para a realización das probas.

## **9. Aspectos transversais**

### **9.a) Programación da educación en valores**

Fundamentalmente vincularemos a educación en valores ós contidos actitudinais do módulo, que veñen a explicitar actitudes de respecto e valoración cara as persoas en situación de dependencia, ó fin da súa posible intervención laboral-profesional; así como de fomento do traballo cos compañeiros/as, procurando un respecto pola contribución de cada membro da clase.

Podemos destacar tamén o papel da metodoloxía na educación en valores, procurando que propicie un entendemento e axuda mutua, a través da interacción didáctica e facilite unha aprendizaxe significativa, como proceso motivador cara á reflexión e vivencia dos contidos actitudinais.

Tamén partiremos dunha concepción da educación en valores vinculada a dinámicas de traballo na aula que fomenten e procuren:

- Puntualidade.
- O diálogo, como recurso para o consenso nos traballos, e nos posibles conflitos que podan xurdir nas relacións.
- O respecto ás aportacións e estilos dos/as compañeiros/as, a través da escoita activa, a espera nas intervencións e da argumentación fundamentada nos debates.
- Dinámicas responsables de traballo: prazos razoables de entrega de actividades e traballos (que salvo certas excepcións non se ampliarán),

respectando a vía de entrega indicada e instrucións básicas detalladas, seguindo unha equidade e diálogo nos traballos en equipo.

Tendo en conta o que acabamos de mencionar e tendo en conta a familia profesional na que se encadran estes estudos, dende o módulo de "Características e necesidades das persoas en situación de dependencia" non se fará unha programación específica da educación en valores por considerala unha parte esencial da formación das futuras TAPSD, de xeito que se tratará dun modo integral ao longo de todo o proceso de ensino aprendizaxe, promovendo que o alumnado sexa capaz de actuar con criterio propio, contribuíndo á paz e á democracia e mantendo actitudes construtivas, solidarias e responsables ante os dereitos e obrigas cidadáns.

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Ao longo do curso promoveranse diferentes actividades complementarias e extraescolares tendentes a unha adecuada consecución dos resultados de aprendizaxe previstos no currículo, na seguinte liña de actuación:

- Charlas sobre os diferentes recursos e servizos de atención ás persoas dependentes .
- Charlas de profesionais que desenvolven o seu labor no ámbito dos servizos sociais de atención á dependentes
- Coñecemento dos centros de atención ás persoas en situación de dependencia da nosa contorna mais próxima.

A maiores, e tendo presente o calendario académico 2023/2024 o alumnado participará das actividades de sensibilización e información das conmemoracións establecidas segundo a organización do centro. Especial énfase poremos na Celebración do Día Internacional das persoas con discapacidade e no Día Mundial da Saúde.

## 10. Outros apartados

### 10.1) Información

Aspectos

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
27012048	Xograr Afonso Gómez de Sarria	Sarria	2023/2024

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SSC	Servizos socioculturais e á comunidade	CMSSC01	Atención a persoas en situación de dependencia	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0214	Apoio á comunicación	2023/2024	5	87	104

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	OLALLA BARRO LÓPEZ, MARÍA PILAR ESTAR LÓPEZ (Subst.)
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector



## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

1. As medidas establecidas na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, así como o aumento de persoas da terceira idade, fai previsible unha alta inserción laboral e unha tendencia de crecemento estable.
2. A diminución de cuidadoras informais no ámbito familiar derivada da situación socioeconómica e laboral das familias vai redundar tamén nunha maior empregabilidade das persoas con esta titulación.
3. O forte crecemento dos servizos de atención diúrna que se observa vai requirir profesionais con maior competencia e versatilidade na realización de actividades
4. A asistencia para a autonomía persoal, que aparece como sector emerxente, esixe profesionais con competencias relacionadas coa función de acompañamento.
5. A progresiva implantación das novas tecnoloxías fai necesaria unha actualización permanente neste campo, para se adaptar aos cambios que se vaian introducindo nas institucións e no propio domicilio.

As persoas que obteñan este título van exercer a súa actividade no sector de servizos, con tarefas de carácter asistencial, psicosocial e de apoio á xestión doméstica. As ocupacións e os postos de traballo máis salientables son os seguintes:

- Coidador/ora de persoas en situación de dependencia en institucións e/ou domicilios.
- Coidador/ora en centros de atención psiquiátrica.
- Xerocultor/ora.
- Gobernante/a e subgobernante/a de persoas en situación de dependencia en institucións.
- Auxiliar responsable de planta de residencias de maiores e persoas con discapacidade.
- Auxiliar de axuda a domicilio.
- Asistente de atención domiciliaria.
- Traballador/ora familiar.
- Auxiliar de educación especial.
- Asistente persoal.
- Teleoperador/a de teleasistencia.

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	A comunicación humana	Que é, principais tipos, desenvolvemento da linguaxe, bases anatómicas e principais trastornos.	20	20
2	Os sistemas de comunicación alternativa e aumentativa	Estratexias comunicativas para colectivos específicos. Que son os SAAC e características. Clasificación dos SAAC. Implicación familiar e social. Seguridade no uso dos SAAC.	20	20
3	Sistemas de comunicación con axuda	Características, usos, comprensión e adaptabilidade ás persoas usuarias dos SAAC con axuda. Importancia das TICs nas actividades de apoio.	25	20
4	Sistemas de comunicación sen axuda	Características, usos, creación e interpretación de signos e mensaxes, adaptabilidade ás persoas usuarias dos SAAC sen axuda. Elementos facilitadores da comunicación.	25	20
5	Seguimento das actuacións de apoio á comunicación	Protocolos de rexistro, comunicación equipo, criterios para verificar o grao de cumprimento dos obxectivos e da idoneidade do SAAC escollido, indicadores para detectar cambios nas necesidades. A importancia da obtención da información da persoa usuaria.	14	20

#### 4. Por cada unidade didáctica

##### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	A comunicación humana	20

##### 4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Relaciona os sistemas alternativos e aumentativos de comunicación coa persoa en situación de dependencia, e valora as súas dificultades específicas.	NO

##### 4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Argumentouse a influencia da comunicación no desenvolvemento diario das persoas.
CA1.1.1 Identifícaronse os principais factores que interveñen no desenvolvemento da linguaxe
CA1.1.2 Descríbense as bases anatómicas da linguaxe
CA1.4 Identifícaronse os principais factores que dificultan ou favorecen a comunicación coa persoa en situación de dependencia.
CA1.4.1 Identifícanse os principais trastornos que dificultan a comunicación

##### 4.1.e) Contidos

Contidos
Proceso comunicativo e os seus elementos. Tipos de comunicación.
Importancia da comunicación no desenvolvemento das persoas. Desenvolvemento da linguaxe. Bases anatómicas.
Factores favorecedores e inhibidores da comunicación: accesibilidade. Interacción entre persoas usuarias mediante distintos sistemas comunicativos. Identifícanse os principais trastornos que dificultan a comunicación

**4.2.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
2	Os sistemas de comunicación alternativa e aumentativa	20

**4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Relaciona os sistemas alternativos e aumentativos de comunicación coa persoa en situación de dependencia, e valora as súas dificultades específicas.	NO

**4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.2 Definíronse os conceptos de comunicación alternativa e aumentativa.
CA1.3 Descríbóronse as características dos principais sistemas alternativos e aumentativos de comunicación.
CA1.5 Interpretáronse as informacións sobre o apoio á comunicación recibidas no plan ou no proxecto de atención individualizado.
CA1.6 Seleccionáronse técnicas para favorecer a implicación familiar e do ámbito social na comunicación coa persoa usuaria.
CA1.7 Xustificouse a necesidade de adoptar medidas de prevención e seguridade no uso de sistemas alternativos de comunicación.

**4.2.e) Contidos**

Contidos
0 Interpretación do plan ou do proxecto de apoio á comunicación.  Valoración da importancia da comunicación e da interacción comunicativa en diversos contextos. Selección de técnicas para favorecer a implicación familiar e do contorno social na comunicación coa persoa usuaria Medidas de prevención e seguridade no uso de sistemas alternativos de comunicación.  O persoal técnico como modelo de comunicación.  Comunicación alternativa e aumentativa: consideracións xerais sobre os sistemas de comunicación alternativa e aumentativa.  Sistemas alternativos e aumentativos de comunicación: sistemas de comunicación con axuda e sen axuda.  Estratexias no uso de sistemas de comunicación alternativa: adecuación das condicións ambientais.

**4.3.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
3	Sistemas de comunicación con axuda	25

**4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Realiza actividades de apoio á comunicación, e describe sistemas alternativos e aumentativos de comunicación con axuda.	SI

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.1 Descríbóronse as características e os usos básicos dos principais sistemas alternativos de comunicación con axuda.
CA2.2 Créanse mensaxes sinxelas cos diferentes sistemas de comunicación con axuda, que faciliten a comunicación e a atención á persoa usuaria.
CA2.3 Descríbóronse outros sistemas e elementos facilitadores da comunicación con axuda.
CA2.4 Comprenderóronse mensaxes expresadas mediante sistemas de comunicación con axuda.
CA2.5 Aplicáronse os axustes necesarios en función das características particulares das persoas usuarias.
CA2.6 Utilizáronse as axudas técnicas necesarias para o apoio á comunicación.
CA2.7 Xustificouse a importancia do uso das tecnoloxías da información e da comunicación nas actividades de apoio á comunicación.

**4.3.e) Contidos**

Contidos
Sistemas de comunicación con axuda: sistemas Bliss, SPC, etc. Criterios de aplicación Axudas de alta e baixa tecnoloxía. Elaboración de tableiros de comunicación. Tipos de símbolos: pictográficos, arbitrarios, ideográficos, etc. Códigos de acceso: cores, Utilización dos sistemas Bliss e SPC.
Identificación das características comunicativas da persoa usuaria e axuste dos sistemas en función destas.
Identificación doutros sistemas non estandarizados de comunicación con axuda.
Uso de axudas tecnolóxicas.
Valoración dos sistemas de comunicación con axuda.

**4.4.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
4	Sistemas de comunicación sen axuda	25

**4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Realiza actividades de apoio á comunicación, e describe sistemas alternativos e aumentativos de comunicación sen axuda.	SI

**4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA3.1 Descríbense estruturas básicas dos sistemas alternativos sen axuda.
CA3.2 Descríbense os principais signos utilizados en situacións habituais de atención a persoas en situación de dependencia.
CA3.3 Créanse mensaxes sinxelas cos diversos sistemas de comunicación sen axuda, que faciliten a comunicación e a atención á persoa en situación de dependencia.
CA3.4 Aplícanse os axustes necesarios en función das características particulares das persoas en situación de dependencia.
CA3.5 Descríbense outros sistemas e elementos facilitadores da comunicación sen axuda.
CA3.6 Comprenderanse mensaxes expresadas mediante sistemas de comunicación sen axuda.

**4.4.e) Contidos**

Contidos
Principais sistemas de comunicación sen axuda: LSE e bimodal. Elementos que rexen os sistemas de comunicación sen axuda.
Principais características da lingua de signos. Parámetros na formación dos signos
Vocabulario básico da lingua de signos. Vocabulario temático: a casa, a residencia, a comida, a saúde e outros signos de interese.
Principais características do sistema bimodal: vocabulario básico.
Identificación das características comunicativas da persoa usuaria e axuste dos sistemas en función destas.
Uso doutros sistemas non xeneralizados de comunicación sen axuda. Descrición doutros sistemas de comunicación sen axuda non xeneralizados: mímica, acenos naturais, dactilolóxico, movementos oculares, escritura en palma, etc.
Valoración dos sistemas de comunicación sen axuda.

**4.5.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
5	Seguimento das actuacións de apoio á comunicación	14

**4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Realiza o seguimento das actuacións de apoio á comunicación formalizando os protocolos de rexistro establecidos.	SI

**4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA4.1 Formalizáronse protocolos de rexistro como medio de avaliación da competencia comunicativa da persoa usuaria.
CA4.2 Argumentouse a importancia de lle transmitir ao equipo interdisciplinar a información rexistrada.
CA4.3 Establecéronse criterios para verificar o grao de cumprimento das instrucións de apoio á comunicación no ámbito familiar.
CA4.4 Comprobouse o uso correcto dos elementos que compoñen o sistema de comunicación elixido.
CA4.5 Identificáronse protocolos de transmisión ao equipo sobre a adecuación do sistema de comunicación elixido.
CA4.6 Identificáronse criterios e indicadores para detectar cambios nas necesidades de comunicación.
CA4.7 Argumentouse a importancia da obtención, o rexistro e a transmisión da información para mellorar a calidade do traballo realizado.

**4.5.e) Contidos**

Contidos
Indicadores significativos nos rexistros de competencias comunicativas: número de signos expresados, número de signos comprendidos, velocidade de expresión e recepción en dactilolóxico, e tamaño da fonte en sistemas baseados na lectoescritura. Formalización de instrumentos de rexistro de competencias comunicativas.
Identificación dos criterios que determinan o axuste ou cambio do sistema de comunicación. Deterioración nas funcións mentais, agravamento en patoloxías sensoriais e dificultades na xeneralización de competencias comunicativas.
Identificación dos criterios para verificar a implicación familiar e do ámbito social.
Transmisión ao equipo interdisciplinar da información recollida.
Xustificación da necesidade de valorar a eficacia dos sistemas de comunicación.

## 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os mínimos para acadar a avaliación positiva no presente módulo, APOIO Á COMUNICACIÓN, evidenciarán a consecución de todos os resultados de aprendizaxe dun xeito equilibrado e cun grao de participación activa nos traballos e actividades a desenvolver. O alumnado deberá asistir regularmente ás actividades programadas, considerándose perda de avaliación continua cando o número de faltas non xustificadas supere o 10% da duración do módulo, tal como establece a Orde do 12 de xullo de 2011 (DOG nº 136/2011 do 15 xullo).

Os contidos mínimos esixibles para que o alumnado acade a avaliación positiva no módulo de Apoio á comunicación, son os seguintes:

Relación de sistemas de comunicación.

- Proceso comunicativo e os seus elementos.
- Importancia da comunicación no desenvolvemento das persoas.
- Desenvolvemento da linguaxe.
- Bases anatómicas da linguaxe
- Comunicación alternativa e aumentativa: consideracións xerais sobre os sistemas de comunicación alternativa e aumentativa.
- Sistemas alternativos e aumentativos de comunicación: sistemas de comunicación con axuda e sen axuda.
- Estratexias no uso de sistemas de comunicación alternativa: adecuación das condicións ambientais.
- Factores favorecedores e inhibidores da comunicación: accesibilidade. Interacción entre persoas usuarias mediante distintos sistemas comunicativos.
- Principais trastornos da comunicación
- Interpretación do plan ou do proxecto de apoio á comunicación.
- Valoración da importancia da comunicación e da interacción comunicativa en diversos contextos. Selección de técnicas para favorecer a implicación familiar e da contorna social na comunicación coa persoa usuaria.
- Medidas de prevención e seguridade no uso de sistemas alternativos de comunicación.
- O persoal técnico como modelo de comunicación.

Características de actividades de apoio á comunicación mediante sistemas de comunicación alternativa con axuda.

- Sistemas de comunicación con axuda: sistemas Bliss, SPC, ect.

Criterios de aplicación.

Axudas de alta e baixa tecnoloxía.

Elaboración de taboleiros de comunicación.

Tipos de símbolos: pictográficos, arbitrarios, ideográficos, etc.

Códigos de acceso: cores, colocación dos símbolos, etc.

- Utilización dos sistemas Bliss e SPC.
- Identificación das características comunicativas da persoa usuaria e axuste dos sistemas en función destas.
- Identificación doutros sistemas non estandarizados de comunicación con axuda.
- Uso de axudas tecnolóxicas.
- Valoración dos sistemas de comunicación con axuda.

Características de actividades de apoio á comunicación mediante sistemas de comunicación alternativa sen axuda.



- Principais sistemas de comunicación sen axuda: LSE e bimodal. Elementos que rexen os sistemas de comunicación sen axuda.
- Principais características da lingua de signos. Parámetros na formación dos signos.
- Vocabulario básico da lingua de signos. Vocabulario básico.
- Principais características do sistema bimodal: vocabulario básico.
- Identificación das características comunicativas da persoa usuaria e axuste dos sistemas en función destas.
- Uso doutros sistemas non xeneralizados de comunicación sen axuda. Descrición doutros sistemas de comunicación sen axuda non xeneralizados: mímica, acenos naturais, dactilolóxico, movementos oculares, escritura en palma, etc.
- Valoración dos sistemas de comunicación sen axuda.

Seguimento das actuacións de apoio á comunicación.

- Indicadores significativos nos rexistros de competencias comunicativas: número de signos expresados, número de signos comprendidos, velocidade de expresión e recepción en dactilolóxico, e tamaño da fonte en sistemas baseados na lectoescritura.
- Formalización de instrumentos de rexistro de competencias comunicativas.
- Identificación dos criterios que determinan o axuste ou cambio do sistema de comunicación. Deterioración nas funcións mentais, agravamento en patoloxías sensoriais e dificultades na xeneralización de competencias comunicativas.
- Identificación dos criterios para verificar a implicación familiar e do ámbito social.
- Transmisión ao equipo interdisciplinar da información recollida.
- Xustificación da necesidade de valorar a eficacia dos sistemas de comunicación.

A temporalización das UD será a seguinte:

- 1ª avaliación: UD1 e UD2 completas, UD 3 parcial.
- 2ª avaliación: UD3 parcial UD4 e 5 completas.

#### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

En cando aos criterios de cualificación, levarase a cabo un proceso de avaliación continua e integral do alumnado que proporcionará información sobre a marcha da súa aprendizaxe. No caso de que esta aprendizaxe non se consiga no ritmo desexado, tratarase de identificar as causas do déficit coa intención de poder realizar as modificacións e adaptación curriculares non significativas, que se consideren oportunas para acadar os RA.

A información que aportará esta avaliación será o máis rica posible e non se reducirá á consideración dunha soa área, a unha soa técnica, a unha soa situación e/ou a unha soa modalidade de avaliación.

A cualificación acadada en cada avaliación calcularase sumando a nota resultante dos distintos instrumentos de avaliación, segundo a ponderación establecida nesta programación, tendo en conta a obrigatoriedade de ter superados todos os mínimos esixibles en cada una das probas realizadas, para poder obter unha cualificación positiva. Os mínimos exixibles para cada CA virán determinados por rúbrica.

Establécese a seguinte ponderación:

- Probas escritas/orais individuais (exames): ponderación do 60%
- Traballos grupais: ponderación do 30%
- Tarefas individuais de aula: ponderación do 10% (excepto se se especifica outra porcentaxe).

A cualificación final de cada avaliación, obterase a partir da suma das mesmas, sempre e cando se obteña unha cualificación positiva en todas as probas escritas/orais individuais e en todos os traballos obrigatorios; de non ser así, a cualificación será negativa.

A porcentaxe da cualificación correspondente ao traballo diario de aula sumarase a posteriori á cualificación media ponderada das probas anteriores, sempre que estean todas superadas positivamente (máis do 50% da puntuación total).

Como o sistema de XADE non contempla as cualificacións con decimais, farase o redondeo á alza, sempre e cando, a suma de todos os instrumentos de avaliación ponderados, sexa superior a 0,6 puntos.

En calquera caso, o uso de medios ilexítimos na realización das probas e tarefas, supón unha cualificación negativa na proba que for,

establecéndose as avaliacións oficiais que marque a normativa para acadar e superar os RA.

Para superar o módulo é imprescindible ter cada unha das avaliacións parciais aprobadas (é dicir, os criterios de avaliación correspondentes superados), non podendo levar unha cualificación positiva de non ter superado todos os criterios mínimos exixibles.

A nota final do módulo suporá unha observación da evolución da alumna ou alumno ao longo do curso reflectindo o progreso, retroceso ou continuidade no seu caso.

As datas e hora de entrega das actividades, traballos e realización de probas serán fixadas pola docente e unha vez fixadas serán inamovibles, agás excepcións xustificadas.

Todo documento de avaliación unha vez corrixido e revisado polo alumnado, será custodiado pola docente até rematado o prazo de revisión.

## **6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas**

### **6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación**

No suposto de que algún alumno/a non superase algunha das avaliacións parciais, este alumnado será informado das actividades programadas para a súa recuperación, así como do período da súa realización, temporalización e data en que serán avaliados, que será previa á realización da FCT en período ordinario.

O alumnado de segundo curso que non poida acceder á FCT no período ordinario por non superar este módulo poderá recuperalo neste mesmo período. Para este fin, seranlle asignadas unha serie de actividades de recuperación, así como da proba ou probas a realizar, con indicación expresa da data final en que serán avaliados.

As actividades e probas que se leven a cabo ao longo do curso, deberan ser suficientes para a superación do módulo.

En todo momento se atenderá ás necesidades do grupo, modificando a metodoloxía das actividades para que todos os alumnos e alumnas podan obter a mellor aprendizaxe.

O/A alumno/a que non supere unha avaliación terá opción de realizar unha proba de recuperación da mesma no período extraordinario. Esta proba realizarase despois de ter entregado as notas de cada avaliación. As datas concretas estableceranse co alumnado. Os criterios de cualificación usados para a recuperación serán os seguintes:

- Se o/a alumno/a ten pendente a proba escrita, realizará unha nova proba escrita de recuperación na que dará conta daqueles aspectos da mesma que non foi quen de superar con anterioridade.
- Se o/a alumno/a ten pendente un ou varios traballos, individuais ou grupais, terá a oportunidade de mellorar o traballo pendente ou facelo de novo.

### **6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua**

O número de faltas de asistencia non poderá superar o 10% da duración (104 sesións) do módulo formativo, é dicir, o número máximo de faltas de asistencia non xustificadas será de 10 sesións.

Quedarían xustificadas todas aquelas faltas por motivos laborais xustificadas, aspectos sanitarios e deberes inexcusables.

A perda de dereito á avaliación continua implica a perda de dereito de avaliacións parciais e a realización das probas correspondentes no período extraordinario. Poderá seguir asistindo a aulas, aínda que non se lle cualifiquen as tarefas, traballos e probas escritas.

A avaliación extraordinaria consistirá na realización dunha proba escrita na que desenvolver contidos máis teóricos ou conceptuais e dunha parte práctica análoga ás realizadas polo resto do alumnado durante o curso. Os mínimos exixibles serán os mesmos e nas mesmas porcentaxes

que se ponderarán tendo en conta un 60% a parte teórica e un 40% a práctica.  
Deberanse superar todas as partes da proba (50% da cualificación total).

## 7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

A orde de avaliación no seu artigo 23.5 sinala que cada departamento de familia profesional realizará o seguimento das programacións de cada módulo, indicando o grado de cumprimento e xustificación razoada no caso de desviacións. Ademais a programación revisarase ao inicio do curso e entregarase unha memoria ao finalizar.

Os procedementos de avaliación da práctica docente serán:

1. A autoavaliación da propia profesora, que se enfrontará a todas as súas tarefas e funcións cunha actitude crítica permanente. De igual xeito, no equipo docente do ciclo formativo e no departamento didáctico, en actitude recíproca de participación colectiva, intercambiaranse puntos de vista, analizarase, deliberarase e chegarase a acordos que enriquezan mutuamente a práctica docente. Este procedemento pode estar complementado coas estimacións que o alumnado realice. O/A profesor/a provocará e favorecerá a avaliación desde o alumnado medindo desde eles o acerto das súas intervencións.

2. A heteroavaliación por parte do alumnado. Ao rematar cada unidade didáctica farase unha dinámica avaliativa, ben con gomets, dianas, post-its, círculos avaliativos, etc. Tamén se entregarán dous instrumentos de avaliación ao alumnado: un despois antes Nadal e outra ao rematar o módulo. Constará de preguntas abertas e pechadas. Del poderase extraer moita información para mellorar a práctica docente.

A programación vai ser sometida a avaliación a través dunha serie de indicadores de logro. Os aspectos da programación que se someterán a seguimento son:

- Os obxectivos: A concreción dos mesmos e a adecuación aos resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación da programación do módulo e do currículo do mesmo.
- Os contidos de aprendizaxe: A adecuada selección e secuenciación dos mesmos ao longo das unidades didácticas.
- As actividades docentes: Prestando especial atención á coherencia das actividades propostas coa liña metodolóxica que se considera máis adecuada para cada aprendizaxe e ao deseño e aplicación dunhas actividades diversificadas para favorecer os distintos ritmos de aprendizaxe.
- O clima e as relacións na aula: Valorando as interaccións que se producen no grupo, as situacións en que esas interaccións perturban o clima da aula e os procesos de aprendizaxe, a autonomía do alumnado, a adecuación da organización espacial e dos agrupamentos ás características do grupo e do traballo que se realiza.
- Os medios e recursos: uso e rentabilidade que se consegue.
- O sistema de avaliación que se aplica para valorar ao alumnado, así como o propio sistema de avaliación da práctica docente

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Segundo o establecido no artigo 28 da ORDE do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial: ao comezo das actividades do curso académico, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de cada alumna, así como as súas capacidades. Así mesmo, deberá servir para orientar e situar o alumnado en relación co perfil profesional correspondente.

Nesta sesión, o profesor ou a profesora que se encarguen da titoría darán a información dispoñible sobre as características xerais do grupo ou sobre as circunstancias especificamente académicas ou persoais, con incidencia educativa, de cantos alumnos e alumnas o compoñan.

Esta información poderá proceder, entre outras:

- a) Dos informes individualizados de avaliación da etapa anteriormente cursada, de ser o caso.
- b) Dos estudos académicos ou das ensinanzas de formación profesional inicial ou para o emprego previamente realizados.
- c) Do alumnado matriculado sen titulación académica de acceso.
- d) Dos informes ou ditames específicos do alumnado con discapacidade ou con necesidades educativas especiais que poida haber no grupo.
- e) Da experiencia profesional previa.
- f) Da matrícula condicional do alumnado estranxeiro.
- g) Da observación do alumnado e as actividades realizadas nas primeiras semanas do curso.

Se a avaliación inicial do alumnado indica que no grupo hai alumnado con necesidades específicas de apoio educativo adaptaranse aqueles aspectos do proceso de ensinanza-aprendizaxe susceptibles de modificación (metodoloxía, recursos, espazos, tempo, modalidade de avaliación) que permitan ao alumnado a adquisición dos resultados de aprendizaxe do módulo, requisito imprescindible para a superación do mesmo.

O tratado na sesión de avaliación inicial e os acordos que adopte o equipo docente nela recolleranse nunha acta, da cal se entregará copia na xefatura de estudos, incluíndo especialmente aqueles que teñan que ver con aspectos de flexibilización na duración das ensinanzas, segundo se desenvolve no artigo 16 desta orde. Esta avaliación inicial en ningún caso comportará cualificación para o alumnado..

### **8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados**

O reforzo educativo é unha medida ordinaria de atención á diversidade que afecta a elementos non prescriptivos do currículo, tratándose, polo tanto, de medidas educativas referidas á metodoloxía.

Na programación podemos referirnos a certos criterios moi globais que precisarían, de ser necesario, e concreción e desenvolvemento individualizado tras a detección das dificultades do alumnos/as podendo solicitar asesoramento do Departamento de Información e Orientación e procurando acordos nos equipos de ciclo. Entre eses criterios, resaltamos:

- Favorecer o acceso á información a través de soportes e medios de distinto tipo.
- Propoñer actividades alternativas con distinto grado de dificultade para abordar aqueles contidos que sexan de dificultade para o alumno/a.
- Promover a aprendizaxe cooperativa e a axuda entre iguais, facilitando a constitución de grupos heteroxéneos que perseguen un mesmo obxectivo desde a premisa de que para conseguilo é imprescindible a participación de todas as persoas do grupo.
- Flexibilizar tempos.
- Buscar materiais alternativos acordes coas necesidades do alumno/a.

En calquera caso, as medidas deberán de ser individualizadas e, polo tanto, adaptadas ás necesidades concretas de cada caso, polo que despois da avaliación inicial ou en calquera momento do curso no que se detecte unha dificultade se porán en marcha os preceptivos mecanismos de reforzo, ou de ser o caso, solicitarase a axuda do equipo educativo e do departamento de información e orientación por se fose necesario dar un paso máis na concreción das medidas.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

A educación en valores desenvolve a humanidade das persoas, con ela pretendemos contrarrestar os valores hexemónicos que contribúen a perpetuar a inxustiza, desigualdade, violencia, contaminación, autoritarismos, machismos ou o etnocentrismo cultural. A LOMLOE nomea en diferentes momentos do seu articulado os elementos transversais (como educación para a saúde, educación ambiental ou educación para o consumo) que a docencia terá que ter en conta en todo o itinerario formativo, desde infantil até terciaria. Estas prescricións normativas serán o referente para o desenvolvemento de valores no alumnado.

Toda a metodoloxía está pensada para promover valores como a cooperación, o respecto á diversidade, o sentido crítico, valores cívicos, a iniciativa persoal, o manexo de conflitos desde a comunicación non violenta, etc.

A maiores, tamén se traballarán, de maneira específica, o exercicio dos dereitos e deberes, tanto os relativos á Declaración Universal dos Dereitos Humanos, como os relacionados coa igualdade de oportunidades entre mulleres, homes e persoas non binarias. Este traballo faise a través da conmemoración de determinadas datas, alén de dinámicas e perspectivas que se incorporarán no día a día da aula, en especial no relativo á prevención das violencias machistas, traballando especificamente valores como a sororidade, tolerancia, xustiza e equidade.

Para traballar estes valores a docente terá que ter moi presente todo o relacionado co currículo oculto, que é o reflexo da distribución de poder na sociedade, lexítima e reproduce esta distribución (Bourdieu, 1985). A través deste currículo oculto constrúese o "sentido común", é dicir, o significado das ideoloxías prácticas, os rituais cotiás cargados de valores hexemónicos que perpetúan as inxustizas. A docente terá que facer un exercicio autocrítico constante, así como pór o foco: na comunicación, nas relacións que establece (tanto as intrapersoais, interpersoais, como grupais), nos materiais que utiliza, nos elementos espaciais, na metodoloxía e práctica docente. Non podemos esquecer que a metodoloxía é unha práctica sociohistórica situada, téñense que pór de manifesto as situacións de privilexio e enmarcar as relacións asimétricas. Vea Vecchi (2018) di que os valores non se predicán, senón que se transmiten mediante un determinado "enfoque das cousas e da relación que establecemos co mundo". Faise preciso que a educadora se mergulle nun proceso de reeducación constante: "o adulto que quere ser educador ten que facer un esforzo de introspección para identificar mellor a súa propia posición no proceso de transmisión de modelos" (Cardús, 2000).

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Ao longo do curso promoveranse diferentes actividades complementarias e extraescolares tendentes a unha adecuada consecución dos resultados de aprendizaxe previstos no currículo, na seguinte liña de actuación:

- Charlas, visitas, encontros e actividades de colaboración con diferentes colectivos e institucións, tanto do ámbito provincial como autonómico.
- Charla-obradoiro de lingua de signos e/ou unha charla por persoal da ONCE.
- Levarase tamén a cabo a organización de actos conmemorativos de datas significativas para o noso ciclo como o Día da Discapacidade ou o Día do Alzheimer.
- En todo caso, as actividades serán programadas desde o departamento.

## 10. Outros apartados

### 10.1) Funcionamento da aula, traballos, exames e móbil

Exames presenciais: Os exames realizaranse no día e hora estipulados pola profesora. Unicamente se repetiran os exames fóra da data prevista, no caso de falecemento de parentes de 1º grao ou hospitalización do alumnado, coa entrega do debido xustificante. Non é motivo de cambio de exame as consultas médicas ou partes das mesmas por indisposición temporal do alumnado. Neste caso o alumnado poderá asistir ao exame de recuperación. Calquera outro caso será analizado pola profesora.

Os exames de recuperación poderán realizarse antes ou despois de ter entregado as notas de avaliación trimestral, a criterio da profesora.

A revisión de exames será o día e hora estipulados.

Os traballos:entregaranse unicamente o día estipulado pola profesora e no soporte requerido. A non entrega en data e/ou soporte suporá a non valoración do mesmo para a avaliación.

## 10.2) Metodoloxía

Coidarase o comezo do curso para establecermos unha relación co alumnado de *¿*coidado, acollida e receptividade (Santos Gómez, 2013). Sendo imprescindible dotarnos dun punto de partida situado porque o suxeito non se reduce só ás súas características persoais, senón tamén á súa equipaxe, condicións de vida, forman parte do que cada quen é e non poden permanecer á marxe dos procesos educativos; estas condicións de vida deben estar afectadas se non se quere reducir a educación a unha actuación neutral fóra do tempo e da realidade (Ortega Ruiz, 2004). Para educar temos que ver a quen temos diante. Este enfoque concibe o estudantado como individuos diversos e manteremos un ollar sensible á súa heteroxeneidade.

A nosa metodoloxía é activa, pretende que o alumnado sexa o co-constructurador do seu propio coñecemento (Rogoff, 1993), así como unha elevada implicación no seu proceso de aprendizaxe. A finalidade última do ensino activo é que o saber sexa rostro antes que concepto e que rache a totalidade improductiva na que unha parte do alumnado da escola tradicional encerraba, de maneira totalmente improductiva*¿* (Trilla, 2002). Din Chiva e Pallarés (2017) que o alumnado precisa aprender con todo o seu corpo, por iso se introducen en todas as unidades elementos nos que interveñen todos os sentidos.

Moitas das técnicas utilizadas responden a un modelo de aprendizaxe cooperativa, co obxectivo de que o alumnado adquiera as competencias do módulo, habilidades socioemocionais e os valores nomeados no epígrafe anterior. Baséase no traballo en grupos heteroxéneos e promove a responsabilidade individual, a interdependencia positiva, a interacción simultánea e a participación igualitaria.

Estas metodoloxías permiten aproveitar as potencialidades de cada persoa a través dos canais multidireccionais de interacción, xeralizan as situacións de construción de coñecementos compartidos, ao estruturarmos sistemas de interacción social (Negro e Torrego, 2012), promóvense situacións de andamiaxe entre o alumnado (Bruner, 1987) nas que unhas actúan sobre a Zona de Desenvolvemento Próximo de outros (Vygotski, 1934), promove un maior dominio da linguaxe como vehículo de comunicación e ferramenta de pensamento, xera conflitos sociocognitivos que conducen á reestruturación de aprendizaxes (Piaget, 2000), ofrece ao alumnado tempo para pensar, reflexionar e asociar as súas ideas previas coas novas (Ausubel, 1963), mellora as estratexias de aprendizaxe a través da observación das compañeiras/os (Bond, 2000), desenvolven o autoconceito, autoestima e intelixencia interpersonal (Goleman, 1995), estimula o desenvolvemento de distintas intelixencias porque aumenta a variedade e riqueza de experiencias educativas (Gardner, 1995), favorece a actitude positiva para o Longlife Learning e a intelixencia para o mundo real porque pon ao alumnado fronte a situacións reais e a docente mostra sempre un espírito curioso e gozoso coas aprendizaxes (Lucas e Claxton, 2013).

Por último, usaremos as TIC dentro do enfoque activo, como unha pedagogía baseada nos medios que *¿*trata de entender os medios como espazos onde se produce o coñecemento e se accede a este, como ferramentas de ensino e aprendizaxe e como ámbitos de crítica e intervención social (Fontcuberta, 2003). Esforzándonos por construímos contornos virtuais de aprendizaxe como produtores de experiencias xeradoras de valores. Hai un espazo ético no virtual porque está constituído por suxeitos éticos (López, 2011). Todos os materiais complementarios (tamén audiovisuais) estarán dispoñibles no Moodle, alén de crearmos un espazo aberto para que o alumnado poida ir realizando achegas, dúbidas ou comentarios a cada unidade didáctica en curso. Manterase unha comunicación fluída e directa co alumnado, tanto en aula, como a través do correo electrónico e o abalarmobil.

### 10.3) Bibliografía

Ao longo do curso usaranse diferentes manuais e libros de referencia:

Albuerne, S. e Pino, M.J. (2013). Apoio á comunicación. McGrawHill

Aparici, M. e Igalada, A. (2018). El desarrollo del lenguaje y la comunicación en la infancia. Editorial UOC.

Asociación estadounidense de psiquiatría (2014). Manual diagnóstico e estatístico dos trastornos mentais (DSMV). Madrid. Médica Panaamericana.

Chomsky, N. (2012). A deseducación. Madrid. Editorial Planeta.

Cuenca, S. e Gómez, M.I (2016). Apoio á comunicación. Síntesis

Díez, M. e Palau, P. (2016). Trastornos infantiles. Guía de acompañamento familiar y profesional. Graó.

Fundación CNSE (2019). Lengua de signos española para dummies.

Monfort, M. e Juárez, A. (1989). Estimulación da linguaxe oral. Madrid. Santillana.

Morales, E. R., (2014), Apoio á comunicación. Paraninfo.

Protocolo de coordinación, intervención e derivación interinstitucional en atención temperá, edu.xunta.es.

VVAA (2018). Sistemas alternativos e aumentativos de comunicación. Síntesis.

VVAA (2016). Trastornos del habla. De los fundamentos a la evaluación. Giunti EOS.

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
27012048	Xograr Afonso Gómez de Sarria	Sarria	2023/2024

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SSC	Servizos socioculturais e á comunidade	CMSSC01	Atención a persoas en situación de dependencia	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0211	Destrezas sociais	2023/2024	7	123	147

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	INÉS CALVO TORRES
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector



## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

As medidas establecidas na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía personal e atención ás persoas en situación de dependencia, así como o aumento de persoas da terceira idade, fai previsible unha alta inserción laboral e unha tendencia de crecemento estable neste campo. A diminución de cuidadores informais no ámbito familiar derivada da situación socioeconómica e laboral das familias redonda tamén nunha maior oferta de emprego das persoas con esta titulación.

O forte crecemento dos servizos de atención a persoas en situación de dependencia que se observa tamén vai requirir de profesionais con maior competencia e versatilidades na realización de actividades.

As persoas que obteñan este título exercerán a súa actividade no sector de servizos ás persoas en situación de dependencia, de carácter asistencial, psicosocial e de apoio á xestión doméstica. As ocupacións e os postos de traballo máis salientables son os seguintes:

- Cuidador ou cuidadora dunha persoa en situación de dependencia nunha institución
- Auxiliar de axuda a domicilio
- Auxiliar de educación especial
- Teleoperador/a de teleasistencia

### 3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	As destrezas sociais nos profesionais de atención á dependencia	Nesta unidade traballarase o concepto de destrezas sociais e a súa repercusión na vida das persoas, así como os diversos elementos que as compoñen; a competencia comunicativa, a intelixencia emocional, as habilidades cognitivas e a personalidade	35	23
2	A mellora e a valoración da competencia social	Nesta unidade traballarase como mellorar as nosas destrezas sociais, o que significa ver como podemos mellorar a competencia comunicativa, como mellorar a escoita activa e a asertividade, como mellorar a intelixencia emocional e como reforzar a nosa autoestima. Ademais veremos que instrumentos nos permiten realizar a <u>avaliación da competencia social e que indicadores empregamos para guiar dito proceso.</u>	45	30
3	O grupo e as técnicas de intervención grupal	Esta unidade traballarase en dúas partes. Na primeira parte, veremos o que entendemos por grupos; definición e características, fases de creación dun grupo e a que grupo pertencemos; tipos de grupos. Rematando esta primeira parte trataremos que roles existen nun grupo e como se exerce o liderazgo así como a estrutura grupal. Na segunda parte, traballaremos cales son as técnicas máis habituais de intervención en grupos, como <u>as seleccionamos e como as aplicamos.</u>	37	25
4	Habilidades de resolución de conflitos	Nesta unidade traballaremos as habilidades de resolución de conflitos nas relacións interpersoais. Para dito fin, comezaremos analizando o conflito; elementos tipos e etapas dun conflito. Remataremos a unidade vendo como <u>podemos afrontar os conflitos; protocolo e técnicas para a resolución dun conflito</u>	30	22

#### 4. Por cada unidade didáctica

##### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	As destrezas sociais nos profesionais de atención á dependencia	35

##### 4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Caracteriza estratexias e técnicas para favorecer a comunicación e a relación social co seu medio, para o que analiza os principios da intelixencia emocional e social.	NO

##### 4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Descríbense os principios da intelixencia emocional e social.
CA1.2 Valorouse a importancia das habilidades sociais e comunicativas no desempeño do labor profesional e nas relacións interpersoais.
CA1.3 Identificáronse os estilos de comunicación, as súas vantaxes e as súas limitacións.
CA1.4 Identificáronse as principais barreiras e interferencias que dificultan a comunicación.

##### 4.1.e) Contidos

Contidos
Intelixencia emocional: educación emocional; emocións e sentimentos.  Habilidades sociais e conceptos afíns.  Importancia das habilidades sociais no exercicio profesional.  Análise da relación entre comunicación e calidade de vida nos ámbitos de intervención.  Proceso de comunicación. Comunicación verbal e non verbal. Estilos de comunicación. Papel da comunicación nas relacións interpersoais. Estratexias para unha comunicación eficaz.

**4.2.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
2	A mellora e a valoración da competencia social	45

**4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Caracteriza estratexias e técnicas para favorecer a comunicación e a relación social co seu medio, para o que analiza os principios da intelixencia emocional e social.	NO
RA4 - Valora o seu grao de competencia social para o desenvolvemento das súas funcións profesionais, e analiza a súa incidencia nas relacións interpersoais e grupais.	SI

**4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.5 Estableceuse unha comunicación eficaz para recibir instrucións e intercambiar ideas ou información.
CA1.6 Utilizáronse as habilidades sociais adecuadas á situación.
CA1.7 Demostrouse interese por non xulgar as persoas e respectar os seus elementos diferenciadores persoais (emocións, sentimentos e personalidade).
CA1.8 Demostrouse unha actitude positiva cara ao cambio e a aprendizaxe.
CA4.1 Identifícanse os indicadores de avaliación da competencia social.
CA4.2 Rexístrouse a situación persoal e social de partida do persoal.
CA4.3 Rexístráronse os datos en soportes establecidos.
CA4.4 Interpretáronse os datos recollidos.
CA4.5 Identifícanse as actuacións realizadas que cumpra mellorar.
CA4.6 Marcáronse as pautas de mellora.
CA4.7 Efectuouse a valoración final do proceso.

**4.2.e) Contidos**

Contidos
Valoración comunicativa de contexto. Elementos facilitadores e obstáculos na comunicación
Valoración da importancia das actitudes e das habilidades sociais e comunicativas na relación de axuda.
Mecanismos de defensa e comunicación.
Indicadores da competencia social.
Rexistro e interpretación de datos da competencia social.
Identificación de aspectos susceptibles de mellora. Proposta de actuación.
Valoración da autoavaliación como estratexia para a mellora da competencia social.
Análise e proceso de formación inicial e ao longo da vida do persoal profesional do traballo social.



#### 4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	O grupo e as técnicas de intervención grupal	37

#### 4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Aplica técnicas de traballo en grupo adecuadas ao papel que desempeñe en cada momento.	SI

#### 4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Descríbense os elementos fundamentais dun grupo e os factores que poidan modificar a súa dinámica.
CA2.2 Analizáronse e seleccionáronse as técnicas de dinamización e funcionamento de grupos.
CA2.3 Explicáronse as vantaxes do traballo en equipo fronte ao individual.
CA2.4 Diferenciáronse os papeis e a tipoloxía dos membros dun grupo.
CA2.5 Respectáronse as diferenzas individuais no traballo en grupo.
CA2.6 Identificáronse as principais barreiras de comunicación grupal.
CA2.7 Definiuse a repartición de tarefas como procedemento para o traballo grupal.
CA2.8 Colaborouse na creación dun ambiente de traballo relaxado e cooperativo.

#### 4.3.e) Contidos

Contidos
O grupo: tipos e características; desenvolvemento grupal.
Valoración do papel da motivación na dinámica grupal.
Interpretación da estrutura e procesos de grupo.
Papeis e tipoloxías das persoas integrantes do grupo.
Técnicas de dinamización de grupos.
Valoración da importancia da comunicación no desenvolvemento do grupo.
Comunicación nos grupos: principais barreiras.
Equipos de traballo: organización e reparto de tarefas; traballo individual e en grupo.
Aplicación de estratexias de traballo cooperativo.
A confianza no grupo.

**4.4.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
4	Habilidades de resolución de conflitos	30

**4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Aplica técnicas de xestión de conflitos e resolución de problemas, para o que interpreta as pautas de actuación establecidas.	SI

**4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA3.1 Analizouse a orixe dos problemas e dos conflitos.
CA3.2 Relacionáronse os recursos técnicos utilizados cos problemas estándar.
CA3.3 Presentouse ordenadamente e con claridade o proceso seguido e os resultados obtidos na resolución dun problema.
CA3.4 Planificáronse as tarefas que cumpra realizar con previsión das dificultades e do xeito de superalas.
CA3.5 Respectáronse as opinións das outras persoas acerca das posibles vías de solución de problemas.
CA3.6 Definiuse o concepto e os elementos da negociación na resolución de conflitos.
CA3.7 Identificáronse os comportamentos posibles nunha situación de negociación, así como a súa eficacia.
CA3.8 Discriminou entre datos e opinións.

**4.4.e) Contidos**

Contidos
O conflito nas relacións interpersoais: causas.
Aplicación das estratexias de resolución de conflitos.
Proceso de toma de decisións.
Xestión de conflitos: negociación e mediación.
Valoración do respecto e a tolerancia na resolución de problemas e conflitos.

## 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Considéranse mínimos exigibles a adquisición das capacidades específicas en todos os criterios de avaliación (CA) que marca o currículo para o módulo, agás o CA1.8, e o CA 4.7 por consideralos afíns a outros módulos e transversais ó ciclo polo que poderán ser traballados ó longo de diferentes momentos por parte do alumnado. Para un mellor seguemento e comprensións deste mínimos exigibles pódese acudir a cada unha das unidades didácticas onde se atopan detallados.

Dado que este módulo se engloba dentro das ensinanzas de carácter presencial o alumnado deberá asistir con regularidade ás clases programadas sen poder superar o 10% de ausencias ás sesións do módulo, coincidindo coas faltas de asistencia a clase, atendendo a orde de avaliación de ciclos formativos en vigor.

A comprobación da adquisición das capacidades específicas nos CA realizarase a través dos instrumentos de avaliación marcados:

### 1. Exame (70%)

Estas probas escritas avaliarán os contidos máis teóricos das diferentes unidades didácticas. Realizarase con carácter xeral unha única proba de carácter obrigatorio ó final de cada avaliación. Estas probas estarán compostas por preguntas tipo test, verdadeiro-falso, resposta curta, pregunta tema ou resolución de casos prácticos, ou a mestura de todas ou algunha destas fórmulas. O valor das probas escritas será dun 70% da nota da avaliación. No caso que estea xustifico para un mellor proceso de enseñanza-aprendizaxe, polas características do alumnado e/ou polos contidos vistos, poderase establecer máis dunha proba escrita por avaliación atendendo sempre á organización do módulo por unidades didácticas.

### 2. Traballos e actividades entregadas (30%)

O longo de cada avaliación realizaranse coma norma xeral dous traballos (individuais, grupais ou ambos) relacionados con contidos propios dunha ou varias unidades didácticas. Algún destes traballos poderá ser substituído a elección do alumnado pola lectura dunha obra relacionada cos contidos propios das unidades e a entrega da súa correspondente recensión. O peso na cualificación dos traballos (ou lecturas correspondentes) será dun 30% da nota da avaliación e poderá recoller aspectos relacionados sobre o interese e actitude amosado para o módulo recollidos nos CA correspondentes.

Para superar a avaliación, é necesario ter aprobada a proba ou cada unha das probas escritas así coma todos e cada un dos traballos individuais e grupais. A nota obtense do 70% da proba ou media das probas e o 30% restante da media dos traballos individuais e/ou grupais da avaliación correspondente. Terá que estar superada cada unha das partes con a lo menos o 50% en cada unha delas para facer a proporción correspondente. No caso de non superar a proba (ou probas) escrita trimestral ou algún dos traballos deberá recuperalos de acordo ás indicacións da docente.

As cualificacións das avaliacións parciais e final será numérica sen decimais, entre o 1 e o 10. No caso de obter un primeiro decimal igual ou inferior a 5 o redondeo realizarase á baixa e no caso de obter un primeiro decimal superior a cinco o redondeo realizarase á alza.

Para superar o módulo será necesario obter coma mínimo 5 puntos sobre 10 tanto nas avaliacións parciais coma na final.

A nota reflectida no boletín da última avaliación parcial, será o resultado da media das notas obtidas nas avaliacións parciais ó longo do curso. No caso de que o alumno/alumna non superara algunha das avaliacións parciais a cualificación da última avaliación parcial ou a final non poderá



superar catro.

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

A cualificación e o procedemento para a recuperación das partes pendentes seguirá os mesmos criterios que a cualificación ordinaria:

1. En caso de non superar a proba/probas escritas suspenderase a avaliación correspondente, realizándose unha recuperación trala mesma.
2. No caso de non superar ou non entregar os traballos individuais e/ou grupais, suspenderase a avaliación correspondente aos mesmos. Estes deben ser entregados no período establecido pola docente.

No caso de non ter superado o módulo por medio destas recuperacións parciais, establecerase unha única recuperación final no mes de xuño que versará sobre o conxunto dos contidos do módulo, previa entrega e superación de todos os traballos avaliábeis establecidos ao longo das UD. Será necesario obter coma mínimo un 5 na proba escrita e en cada un dos traballos tendo en conta os mínimos esixibles que se especifican na presente programación.

### 6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O número de faltas de asistencia (non xustificadas segundo os criterios fixados no RRI) non poderá superar o 10% da duración (147 sesións) do módulo formativo, é dicir, o número máximo de faltas de asistencia non xustificadas será de 15 sesións

Se o alumnado, por tanto, supera este número indicado de faltas de asistencia perderá o dereito á avaliación continua, comunicándose lle a través da titora do grupo de xeito formal. O alumno/a que perda o dereito á avaliación continua non terá dereito a ser examinado por avaliacións parciais e polo tanto será avaliado nunha única proba final extraordinaria; non obstante o alumno/a poderá seguir asistindo a clase con carácter presencial. A avaliación extraordinaria consistirá na realización dunha proba que constará dunha parte teórica e dunha parte práctica sobre os contidos do módulo.

- Parte teórica: poderá incluír cuestións de diferente tipo: de elección, de resposta curta e/ou de desenvolvemento (máis ou menos amplo) de cuestións relacionadas cos contidos do módulo. A duración máxima desta proba será de 1.5 horas.

- Parte práctica: o alumnado, ante un ou máis supostos, deberá relacionar o suposto coas aportacións teóricas estudadas no módulo, e que comprenden por exemplo:

1. Casos prácticos suficientemente caracterizados, onde se especifique como se debería levar a cabo a valoración da competencia social, especificar como se manifesta o déficit en habilidades sociais..., extraendo a información necesaria para a intervención do profesional
2. Casos prácticos onde se describen as destrezas sociais que debe posuír un TAPSD para levar a cabo dunha maneira eficaz o seu traballo de atención a distintas persoas dependentes:
  - a) Identificar os diferentes elementos que compoñen as habilidades sociais
  - b) Identificar os diferentes actos que nos permiten mellorar a nosa competencia comunicativa, escoita activa e asertividade, intelixencia emocional e autoestima
  - c) Identificar os pasos que se deben realizar para solucionar os conflitos mediante a negociación e mediación
  - d) Identificar os procedementos lóxicos e creativos para tomar decisións
  - e) Identificar os roles que existen nun grupo e como se exerce o liderazgo
  - f) Explicar como se avalía a estrutura grupal
  - g) Identificar as técnicas máis habituais de intervención en grupos
  - h) Seleccionar e aplicar as diferentes técnicas de intervención en grupos

A duración desta parte práctica da proba terá un máximo de 1.5 horas.

Para acadar unha cualificación positiva na proba extraordinaria é preciso obter un 5 (dun máximo de 10 puntos) en cada unha das partes da

proba, non podendo realizar unha media entre ambas partes se non se supera cada parte da proba.

## 7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

O procedemento fundamental para levar a cabo o seguimento da programación e a avaliación da práctica docente será a autoavaliación da práctica educativa. A avaliación corresponde, en primeiro lugar, ao profesor/a, que se enfrontará a todas as súas tarefas e funcións cunha actitude crítica permanente. De igual xeito, no equipo docente do ciclo formativo e no departamento didáctico, en actitude recíproca de participación colectiva, intercambiaranse puntos de vista, analizarase, deliberarase e chegarase a acordos que enriquezan mutuamente a práctica docente. Este procedemento pode estar complementado coas estimacións que o alumnado realice. O profesor/a provocará e favorecerá a avaliación dende o alumnado medindo dende eles o acerto das súas intervencións.

Os aspectos da programación que se someterán a seguimento son:

- Os obxectivos: A concreción dos mesmos e a adecuación aos resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación da programación do módulo e do currículo do mesmo.
- Os contidos de aprendizaxe: A adecuada selección e secuenciación dos mesmos ao longo das unidades didácticas.
- As actividades docentes: Prestando especial atención á coherencia das actividades propostas coa liña metodolóxica que se considera máis adecuada para cada aprendizaxe e ao deseño e aplicación dunhas actividades diversificadas para favorecer os distintos ritmos de aprendizaxe.
- O clima e as relacións na aula: Valorando as interaccións que se producen no grupo, as situacións en que esas interaccións perturban o clima da aula e os procesos de aprendizaxe, a autonomía do alumnado, a adecuación da organización espacial e dos agrupamentos ás características do grupo e do traballo que se realiza.
- Os medios e recursos: uso e rentabilidade que se consegue.
- O sistema de avaliación que se aplica para valorar ao alumnado, así como o propio sistema de avaliación da práctica docente

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Segundo o establecido no artigo 28 da orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial: ao comezo das actividades do curso académico, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno/a, así como as súas capacidades. Así mesmo, deberá servir para orientar e situar o alumnado en relación co perfil profesional correspondente. Nesta sesión, o profesor/a que se encarguen da titoría dará a información dispoñible sobre as características xerais do grupo ou sobre as circunstancias especificamente académicas ou persoais, con incidencia educativa, de cantos alumnos/as o compoñan.

Esta información poderá proceder, entre outras:

- a) Dos informes individualizados de avaliación da etapa anteriormente cursada, de ser o caso.
- b) Dos estudos académicos ou das ensinanzas de formación profesional inicial ou para o emprego previamente realizados.
- c) Do alumnado matriculado sen titulación académica de acceso.
- d) Dos informes ou ditames específicos do alumnado discapacitado ou con necesidades educativas especiais que poida haber no grupo.
- e) Da experiencia profesional previa.
- f) Da matrícula condicional do alumnado estranxeiro.
- g) Da observación do alumnado e as actividades realizadas nas primeiras semanas do curso.

Esta avaliación inicial en ningún caso comportará cualificación para o alumnado.

Como parte do equipo docente, realizarase nas primeiras sesións do módulo entrevista de grupo e individual nos casos que proceda, así coma proba escrita que permita aportar en sesión de avaliación inicial as conclusións acadadas pola docente.

## 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

O reforzo educativo é unha medida ordinaria de atención á diversidade que afecta a elementos non prescritivos do currículo, tratándose, polo tanto, de medidas educativas referidas á metodoloxía.

Na programación podemos referirnos a certos criterios moi globais que precisarían, de ser necesario, de concreción e desenvolvemento individualizado tras a detección das dificultades do alumnado/as; podendo solicitar asesoramento do Departamento de Información e Orientación e procurando acordos nos equipos de ciclo.

Entre eses criterios, resaltamos:

- Favorecer ó acceso á información a través de soportes e medios de distinto tipo.
- Indicar os obxectivos e contidos básicos do módulo que se deben acadar.
- Propoñer actividades alternativas con distinto grao de dificultade para abordar aqueles contidos que sexan de dificultade para o alumno/a.
- Traballar con distintos agrupamentos de alumnos para favorecer a súa participación, os traballos das actividades propostas e a axuda que podan brindar outros compañeiros/as.
- Buscar materiais alternativos acordos coas necesidades do alumno/a.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

Fundamentalmente vincularemos a educación en valores ós contidos actitudinais do módulo, que veñen a explicitar actitudes de respecto e valoración cara as persoas en situación de dependencia, ó fin da súa posible intervención laboral-profesional; así como de fomento do traballo cos compañeiros/as, procurando un respecto pola contribución de cada membro da clase.

Podemos destacar tamén o papel da metodoloxía na educación en valores, procurando que propicie un entendemento e axuda mutua, a través da interacción didáctica e facilite unha aprendizaxe significativa, como proceso motivador cara á reflexión e vivencia dos contidos actitudinais.

Tamén partiremos dunha concepción da educación en valores vinculada a dinámicas de traballo na aula que fomenten e procuren:

- Puntualidade.
  - O diálogo, como recurso para o consenso nos traballos, e nos posibles conflitos que podan xurdir nas relacións.
  - O respecto ás aportacións e estilos dos/as compañeiros/as, a través da escoita activa, a espera nas intervencións e da argumentación fundamentada nos debates.
  - Dinámicas responsables de traballo: prazos razoables de entrega de actividades e traballos (que salvo certas excepcións non se ampliarán), respectando a vía de entrega indicada e instrucións básicas detalladas, seguindo unha equidade e diálogo nos traballos en equipo.
- Tendo en conta o que acabamos de mencionar e tendo en conta a familia profesional na que se encadran estes estudos, dende o módulo de "Destrezas sociais" non se fará unha programación específica da educación en valores por considerala unha parte esencial da formación das futuras TAPSD, de xeito que se tratará dun modo integral ao longo de todo o proceso de ensino aprendizaxe, promovendo que o alumnado sexa capaz de actuar con criterio propio, contribuíndo á paz e á democracia e mantendo actitudes construtivas, solidarias e responsables ante os dereitos e obrigas cidadáns

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Ao longo do curso promoveranse diferentes actividades complementarias e extraescolares tendentes a unha adecuada consecución dos resultados de aprendizaxe previstos no currículo, na seguinte liña de actuación:

- Charlas sobre os diferentes recursos e servizos de atención ás persoas dependentes .
- Charlas de profesionais que desenvolven o seu labor no ámbito dos servizos sociais de atención á dependentes
- Coñecemento dos centros de atención ás persoas en situación de dependencia da nosa contorna máis próxima.

A maiores, e tendo presente o calendario académico 2023/2024, o alumnado participará das actividades de sensibilización e información das conmemoracións establecidas segundo a organización do centro. Dado o ámbito de traballo deste ciclo formativo porase especial atención na celebración do Día Internacional das Persoas con Discapacidade e no Día Mundial da Saúde.

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
27012048	Xograr Afonso Gómez de Sarria	Sarria	2023/2024

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SSC	Servizos socioculturais e á comunidade	CMSSC01	Atención a persoas en situación de dependencia	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0215	Apoio domiciliario	2023/2024	9	240	288

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	PURIFICACIÓN FERREIRO FERNÁNDEZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

1. As medidas establecidas na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, así como o aumento de persoas da terceira idade, fai previsible unha alta inserción laboral e unha tendencia de crecemento estable.
2. A diminución de cuidadores informais no ámbito familiar derivada da situación socioeconómica e laboral das familias ha redundar tamén nunha maior empregabilidade das persoas con esta titulación.
3. O forte crecemento dos servizos de atención diúrna que se observa vai requirir profesionais con maior competencia e versatilidade na realización de actividades
4. A asistencia para a autonomía persoal, que aparece como sector emerxente, esixe profesionais con competencias relacionadas coa función de acompañamento.
5. A progresiva implantación das novas tecnoloxías fai necesaria unha actualización permanente neste campo, para se adaptar aos cambios que se vaian introducindo nas institucións e no propio domicilio.

As persoas que obteñan este título han exercer a súa actividade no sector de servizos ás persoas, de carácter asistencial, psicosocial e de apoio á xestión doméstica.

2. As ocupacións e os postos de traballo máis salientables son os seguintes:

Coidador/ora de persoas en situación de dependencia en institucións e/ou domicilios.

Coidador/ora en centros de atención psiquiátrica.

Xerocultor/ora.

Gobernante/a e subgobernante/a de persoas en situación de dependencia en institucións.

Auxiliar responsable de planta de residencias de maiores e persoas con discapacidade.

Auxiliar de axuda a domicilio.

Asistente de atención domiciliaria.

-Traballador/ora familiar.

-Auxiliar de educación especial.

-Asistente persoal.

-Teleoperador/a de teleasistencia

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Organización do plan de traballo na unidade de convivencia	Conceptualización dos servizos de axuda a domicilio. Principais funcións, obxectivos e tarefas e a elaboración dun plan de traballo.	33	10
2	Planificación da xestión do orzamento da unidade de convivencia	Principais fontes de ingresos e gastos na unidade de convivencia. Análise de facturas, prestacións e outros produtos financeiros. Elaboración de orzamentos.	33	15
3	Organización do abastecemento da unidade de convivencia	Identificación das posibles modalidades de compras. Análise da documentación publicitaria, o procedemento de compra e a súa ordenación no domicilio.	39	15
4	Preparación do mantemento e a limpeza do domicilio	Cofecemento das principais técnicas de limpeza, utensilios e produtos. Práctica do lavado, pasado do ferro, colocación e repaso da roupa. Medidas de hixiene e prevención.	42	15
5	Selección dos alimentos do menú	Nocións básicas de dietética e nutrición. Elaboración de menús adaptados ás características dos usuarios e usuarias do SAD.	39	15
6	Aplicación de técnicas básicas de cociña	Uso e mantemento dos utensilios e principios básicos para a manipulación dos alimentos	66	20
7	Seguimento do plan de traballo	Seguimento e avaliación como proceso de mellora na calidade do servizo	36	10

#### 4. Por cada unidade didáctica

##### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Organización do plan de traballo na unidade de convivencia	33

##### 4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Organiza o plan de traballo no domicilio de persoas en situación de dependencia, para o que interpreta as directrices establecidas.	SI

##### 4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícanse as características do plan de traballo.
CA1.2 Describiuse a importancia da adaptación do plan de traballo á realidade da persoa en situación de dependencia.
CA1.3 Identifícanse as tarefas que cumpra realizar no domicilio.
CA1.4 Estableceuse a secuencia das tarefas domésticas diarias que cumpra realizar no domicilio, en función do plan de traballo e das adaptacións realizadas nel, de ser o caso.
CA1.5 Analizáronse as necesidades e as demandas que se deban cubrir no domicilio.
CA1.6 Respectáronse as características culturais propias da unidade de convivencia.
CA1.7 Identifícanse os tipos de plans de atención á persoa en situación de dependencia no domicilio.
CA1.8 Valorouse a importancia de axustar a secuencia da execución de actividades, co fin de facer rendibles os tempos e os esforzos.

##### 4.1.e) Contidos

Contidos
Elementos do plan de traballo.  Factores que determinan as necesidades e as demandas que haxa que cubrir no domicilio. Necesidades e demandas básicas domiciliarias. Planificación do traballo diario. Adaptación do plan de traballo ás necesidades e ás demandas da persoa usuaria ou da unidade.  Valoración da organización do traballo doméstico.



**4.2.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
2	Planificación da xestión do orzamento da unidade de convivencia	33

**4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Planifica a xestión do gasto tendo en conta a relación entre as técnicas básicas de administración e as necesidades da unidade de convivencia.	SI

**4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.1 Analízase a documentación relacionada cos gastos da unidade convivencial.
CA2.2 Recoñeceuse a necesidade de saber interpretar os documentos de xestión domiciliaria.
CA2.3 Elaborouse un expediente das partidas de gasto xeral mensual.
CA2.4 Elaborouse un expediente de gastos extraordinarios dunha unidade convivencial.
CA2.5 Enumeráronse os factores que condicionan a distribución do orzamento mensual dunha unidade de convivencia.
CA2.6 Enumeráronse e clasificáronse os gastos ordinarios e de aprovisionamento de existencias nunha unidade de convivencia tipo.
CA2.7 Analizáronse os gastos mensuais de diversas unidades de convivencia.
CA2.8 Valorouse a necesidade de equilibrio entre ingresos e gastos.

**4.2.e) Contidos**

Contidos
Previsión dos gastos xerais da unidade de convivencia. Análise das necesidades da unidade de convivencia para establecer os gastos mensuais. Distribución das partidas do gasto mensual no domicilio: gastos xerais e extraordinarios. Factores que condicionan
Interpretación e manexo da documentación de xestión domiciliaria.
Xustificación da necesidade dun equilibrio entre ingresos e gastos.

**4.3.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
3	Organización do abastecemento da unidade de convivencia	39

**4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Organiza o abastecemento da unidade de convivencia e describe as características dos produtos.	SI

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA3.1 Analizáronse os tipos de documentación publicitaria, e seleccionáronse produtos.
CA3.2 Valorouse a tecnoloxía como fonte de información.
CA3.3 Determinouse a lista da compra.
CA3.4 Analizouse a etiquetaxe de produtos de consumo e alimentos.
CA3.5 Identificáronse os lugares apropiados para o correcto almacenamento dos produtos, tendo en conta as súas características.
CA3.6 Enumeráronse os tipos de establecementos e servizos destinados á venda de produtos de alimentación, limpeza, hixiene e mantemento do domicilio.
CA3.7 Establecéronse criterios para a colocación dos produtos atendendo a criterios de organización, seguridade e hixiene.

**4.3.e) Contidos**

Contidos
Identificación de establecementos de compra.
0Valoración do consumo responsable.
Tipos de compras: directa, virtual, por teléfono, etc.
Análise de documentación publicitaria para a selección dos produtos.
Criterios de selección de compra de produtos alimentarios, de hixiene e de limpeza.
Interpretación da etiquetaxe.
Confección da lista da compra.
Criterios de organización, seguridade e hixiene.
Distribución e almacenamento no fogar.
Utilización de sistemas e métodos de conservación de produtos alimentarios no domicilio.

**4.4.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
4	Preparación do mantemento e a limpeza do domicilio	42

**4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Prepara o mantemento do domicilio de persoas en situación de dependencia, para o que selecciona as técnicas e os produtos con criterios de calidade, seguridade e hixiene.	SI

**4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA4.1 Analizáronse os tipos de residuos e lixo que se xeran no domicilio.
CA4.2 Valoráronse os hábitos hixiénicos saudables necesarios para o mantemento óptimo do fogar.
CA4.3 Identificáronse os tipos, o manexo, o riscos e o mantemento de uso dos electrodomésticos utilizados no domicilio (lavadora, secadora, ferro de pasar, aspirador, etc.).
CA4.4 Compiláronse nun expediente as técnicas de limpeza de chans, utensilios, moblaxe, fiestras e sanitarios.
CA4.5 Identificáronse os produtos de limpeza e desinfección que haxa que utilizar, e describíronse as súas aplicacións, os riscos do seu uso e a súa situación no domicilio.
CA4.6 Describíronse os riscos derivados do manexo e do uso das instalacións eléctricas no domicilio.
CA4.7 Describíronse as técnicas de lavado de roupa en máquina e á man, en función das características da peza, do tipo de mancha e do grao de sucidade.
CA4.8 Valorouse o cumprimento das normas de seguridade, hixiene, prevención e eliminación de produtos establecidas para o desenvolvemento das actividades de mantemento do fogar.
CA4.9 Describíronse as pautas de interpretación da etiquetaxe das pezas, e clasificouse a roupa en función do seu posterior proceso de lavado.

**4.4.e) Contidos**

Contidos
Tarefas de limpeza.
Condições de hixiene e mantemento de electrodomésticos (frigorífico e conxelador).
Criterios ambientais na eliminación e na reciclaxe de refugallos e de lixo.
Técnicas de limpeza do fogar.
Interpretación da etiquetaxe das prendas de vestir.
Selección de materiais, produtos e utensilios de limpeza e lavado.
Uso e mantemento de electrodomésticos destinados á limpeza.
Adquisición de hábitos hixiénicos saudables no fogar.
Medidas de seguridade e precaucións no manexo dos electrodomésticos e no uso de produtos de limpeza e desinfección.
Limpeza e conservación da moblaxe.
Colocación, organización e limpeza de armarios.

**4.5.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
5	Selección dos alimentos do menú	39

**4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Selecciona alimentos do menú tendo en conta a relación entre as súas características, as súas proporcións e as prescricións establecidas.	SI

**4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA5.1 Analizáronse os conceptos básicos relacionados coa alimentación e a nutrición.
CA5.2 Clasificáronse os alimentos en función das súas características.
CA5.3 Identificáronse as características dunha dieta saudable, así como os tipos de alimentos que debe incluír.
CA5.4 Identificáronse as racións e medidas caseiras.
CA5.5 Analizouse a etiquetaxe nutricional de alimentos envasados.
CA5.6 Seleccionáronse os alimentos que deben formar parte da inxestión diaria, tendo en conta as prescricións establecidas.
CA5.7 Valorouse a importancia dunha dieta saudable.

**4.5.e) Contidos**

Contidos
Alimentos.
Características nutritivas de cada tipo de alimento.
Interpretación da etiquetaxe nutricional dos alimentos envasados.
Alimentación equilibrada.
Identificación dos menús en función das necesidades persoais.
Selección de alimentos para a dieta diaria, en función das necesidades das persoas.
Racións e medidas caseiras.
Valoración da dieta saudable.

**4.6.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
6	Aplicación de técnicas básicas de cociña	66

**4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA6 - Aplica técnicas básicas de cociña no proceso de preparación, en relación coas necesidades da persoa usuaria e os protocolos establecidos.	SI

**4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA6.1 Recoñeceuse a necesidade de aplicar medidas de hixiene, prevención de riscos e eliminación de produtos na preparación dos alimentos.
CA6.2 Identifícaronse as técnicas culinarias básicas de aplicación á cociña familiar, e indicáronse en cada caso as fases de aplicación, os procedementos, os tempos e o enxoval.
CA6.3 Compiláronse receitas de cociña e axustáronse as cantidades e os tempos en función do número de comensais e as súas necesidades específicas.
CA6.4 Identifícaronse os procedementos previos ao cociñado dos produtos (desconxelación, corte, pela, corte e lavadura).
CA6.5 Clasifícaronse os materiais, os utensilios e os electrodomésticos necesarios para proceder á preelaboración dos alimentos (desconxelación, corte, pela e lavadura).
CA6.6 Aplicáronse técnicas básicas de cociña para a elaboración de primeiros pratos, segundos pratos e sobremesas, adecuados á dieta dos membros da unidade de convivencia.
CA6.7 Recoñeceuse a necesidade de cumprir as normas de seguridade e hixiene establecidas para a manipulación e o procesamento de alimentos.
CA6.8 Valorouse a importancia da presentación dos alimentos.

**4.6.e) Contidos**

Contidos
Uso e mantemento do enxoval, os utensilios e os electrodomésticos de cociña.
Principios básicos na manipulación dos alimentos.
Tratamento básico dos alimentos.
Técnicas básicas de cocina aplicadas á cociña familiar: procedementos, tempos, enxoval, etc.
Elaboracións elementais de cociña, tendo en conta a adecuación da dieta a cada membro da unidade convivencial.
Presentación dos alimentos.
Conservación, procesamento e hixiene dos alimentos.
Clasificación de materiais, utensilios e electrodomésticos para elaboración, desconxelado, corte, pela, lavado, etc.
Xustificación da prevención e a seguridade na manipulación de alimentos.

**4.7.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
7	Seguimento do plan de traballo	36

**4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA7 - Realiza o seguimento do plan de traballo no domicilio de persoas en situación de dependencia, e describe o protocolo establecido.	SI

**4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA7.1 Identifícanse as fontes de información e as técnicas de seguimento e detección de situacións de risco.
CA7.2 Analizáronse os recursos e seleccionáronse segundo as necesidades das persoas en situación de dependencia.
CA7.3 Rexistráronse os datos no soporte establecido.
CA7.4 Interpretouse correctamente a información recollida.
CA7.5 Identifícanse as situacións en que cumpra a colaboración doutro persoal profesional.
CA7.6 Valorouse a importancia da avaliación para mellorar a calidade do servizo.

**4.7.e) Contidos**

Contidos
Aplicación de técnicas de observación no ámbito domiciliario.
Formalización de follas de seguimento.
Comunicación á persoa responsable do plan de atención individualizado.
Transmisión da información polos procedementos establecidos e no momento oportuno.
Valoración da importancia de transmitir unha información fidedigna.
Intervención de diferentes profesionais no seguimento. Necesidade de coordinación e rexistro.
Uso da tecnoloxía no rexistro e na comunicación de información.

## 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os mínimos para acadar a avaliación positiva no presente módulo, APOIO DOMICILIARIO, evidenciarán a consecución de todos os resultados de aprendizaxe dun xeito equilibrado e cun grao de participación activa nos traballos e actividades a desenvolver. Ademais, dado que se trata de ensinanzas presenciais, os alumnos e alumnas deberán asistir regularmente ás actividades programadas, considerándose perda de avaliación continúa cando o número de faltas supere o 10% da duración do módulo, tal como establece a Orde do 12 de xullo de 2011 (DOG nº 136/2011 do 15 xullo).

Os contidos mínimos esixibles para que o alumnado acade a avaliación positiva no módulo de Apoio domiciliario, son os seguintes:

Organización do plan de traballo na unidade de convivencia.

Elementos do plan de traballo.

Factores que determinan as necesidades e as demandas que haxa que cubrir no domicilio.

Necesidades e demandas básicas domiciliarias.

Planificación do traballo diario.

Adaptación do plan de traballo ás necesidades e ás demandas da persoa usuaria ou da unidade de convivencia.

Respecto polas características culturais da persoa usuaria ou da unidade convivencial no plan de traballo diario.

Valoración da organización do traballo doméstico.

Planificación da xestión do orzamento da unidade de convivencia.

Previsión dos gastos xerais da unidade de convivencia.

Análise das necesidades da unidade de convivencia para establecer os gastos mensuais.

Distribución das partidas do gasto mensual no domicilio: gastos xerais e extraordinarios.

Factores que condicionan o establecemento de prioridades de gasto da unidade de convivencia.

Interpretación e manexo da documentación de xestión domiciliaria.

Xustificación da necesidade dun equilibrio entre ingresos e gastos.

Organización do abastecemento da unidade de convivencia.

Identificación de establecementos de compra.

Tipos de compras: directa, virtual, por teléfono, etc.

Análise de documentación publicitaria para a selección dos produtos.

Criterios de selección de compra de produtos alimentarios, de hixiene e de limpeza.

Interpretación da etiquetaxe.

Confección da lista da compra.

Criterios de organización, seguridade e hixiene.

Distribución e almacenamento no fogar.

Utilización de sistemas e métodos de conservación de produtos alimentarios no domicilio.

Valoración do consumo responsable.

Preparación do mantemento e a limpeza do domicilio.

Tarefas de limpeza.

Técnicas de limpeza do fogar.

Interpretación da etiquetaxe das prendas de vestir.

Selección de materiais, produtos e utensilios de limpeza e lavado.

Uso e mantemento de electrodomésticos destinados á limpeza.

Adquisición de hábitos hixiénicos saudables no fogar.

Medidas de seguridade e precaucións no manexo dos electrodomésticos e no uso de produtos de limpeza e desinfección.

Limpeza e conservación da moblaxe.

Colocación, organización e limpeza de armarios.

Condicións de hixiene e mantemento de electrodomésticos (frigorífico e conxelador).

Criterios ambientais na eliminación e na reciclaxe de refugallo e de lixo.

Selección dos elementos do menú

Alimentos.

Características nutritivas de cada tipo de alimento.

Interpretación da etiquetaxe nutricional dos alimentos envasados.

Alimentación equilibrada.

Identificación dos menús en función das necesidades persoais.

Selección de alimentos para a dieta diaria, en función das necesidades das persoas.

Racións e medidas caseiras.

Valoración da dieta saudable.

Aplicación de técnicas básicas de cociña

Uso e mantemento do enxoval, os utensilios e os electrodomésticos de cociña.

Principios básicos na manipulación dos alimentos.

Tratamento básico dos alimentos.

Técnicas básicas de cocina aplicadas á cociña familiar: procedementos, tempos, enxoval, etc.

Elaboracións elementais de cociña, tendo en conta a adecuación da dieta a cada membro da unidade convivencial.

Presentación dos alimentos.

Conservación, procesamento e hixiene dos alimentos.

Clasificación de materiais, utensilios e electrodomésticos para elaboración, desconxelado, corte, pela, lavado, etc.

Xustificación da prevención e a seguridade na manipulación de alimentos.

Seguimento do plan de traballo.

Aplicación de técnicas de observación no ámbito domiciliario.

Formalización de follas de seguimento.

Comunicación á persoa responsable do plan de atención individualizado.

Transmisión da información polos procedementos establecidos e no momento oportuno.

Valoración da importancia de transmitir unha información fidedigna.

Intervención de diferentes profesionais no seguimento. Necesidade de coordinación e rexistro.

Uso da tecnoloxía no rexistro e na comunicación de información.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:



Ao longo de todo o Módulo levarase a cabo un proceso de avaliación continua e integral do alumno/a que proporcionará información sobre a marcha da aprendizaxe. Este seguimento farase tanto de xeito individualizado, como nas relacións interpersoais e traballo en grupo segundo os criterios de avaliación recollidos nas unidades didácticas, tendo en conta os seguintes criterios:

- Fundamentalmente para os contidos conceptuais realizaranse probas escritas e/ou orais que, en función da materia a avaliar poderán ser de diverso tipo: test, preguntas breves, casos prácticos, preguntas de desenvolvemento, ... e todos aqueles aspectos conceptuais recollidos nos criterios de avaliación do módulo. Farase un exame por avaliación. Suporá un 60% da cualificación do módulo.
- As actividades, traballos, casos prácticos e exercicios individuais e/ou en grupo servirannos para avaliar procedementos; traballos individuais e grupais nos que se valora a estrutura e dominio de contidos, dinámica de traballo, exposición (se é o caso) e utilización de recursos, habilidades e destrezas, e todos aqueles aspectos procedimentais recollidos nos criterios de avaliación do módulo. Para a superación positiva desta parte é necesaria a presentación e avaliación positiva de todos os traballos plantexados ao longo do curso. Nos traballos en grupo queda a criterio do profesor calificar aos distintos membros dun equipo de traballo cunha nota diferente, si estima que a súa participación e aproveitamento é diferente nalgún caso. Suporán un 40% da cualificación do módulo.

En ningún caso superarán a avaliación aqueles alumnos/as que a súa cualificación sexa inferior a 5.

Para a superación positiva do módulo é necesaria a presentación e avaliación positiva de todas as actividades e probas plantexadas o longo do curso.

Debido a unha eventual situación sanitaria provocada polo covid-19, e en previsión de que non sexa posible o ensino presencial e haxa que avaliar a distancia, os criterios de cualificación serían os seguintes:

- En caso de realizarse algunha proba a distancia, a valoración desta suporía o 50% da nota da avaliación correspondente.
- Os traballos e tarefas plantexadas e presentadas na aula virtual, ou polo medio fixado pola profesora, suporía o outro 50%.
- Se a proba se realizara de forma presencial, seguiría supoñendo o 60% da nota.
- En calquera caso, han de entregarse todas as tarefas fixadas en tempo e forma fixadas pola profesora e ter todas aprobadas cun 5 mínimo.

O cálculo da nota final, en todos os casos, obterase mediante a media aritmética de todas as avaliacións, nas que terán como mínimo 5.

## **6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas**

### **6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación**

No caso de que o/a alumno/a non acade unha cualificación positiva nas avaliacións parciais realizará as actividades de recuperación que establecerá o/a profesor/a de forma individualizada atendendo aos déficits do alumno/a e coa finalidade de acadar os obxectivos do módulo. As actividades do plan de recuperación poderán consistir na elaboración de actividades e traballos semellantes aos propostos durante o trimestre e/ou a realización dunha proba escrita.

As alumnas/alumnos deben alcanzar unha cualificación positiva -nota igual ou maior dun 5- en cada avaliación parcial para superar este módulo formativo. O alumnado que non supere as diferentes avaliacións, realizará actividades de recuperación antes de que rematen as mesmas. O deseño destas actividades responderá a un plan de avaliación individualizada para cada caso, incluíndo unha proposta de actividades semellantes ás realizadas durante a avaliación e/ou a realización dunha proba escrita.

O plan de recuperación de cada avaliación responderá a ese principio, xa mencionado, de individualización e terá en todo caso como referencia os

resultados de aprendizaxe e os contidos das correspondentes UD que o alumno/a non tivera superado.

Se estas medidas deseñadas para cada alumno/a no plan de recuperación non resultasen suficientes, terán en xuño unha convocatoria de proba.

### **6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua**

O número de faltas de asistencia non poderá superar o 10% da duración (288 sesións) do módulo formativo, e dicir, o número máximo de faltas de asistencia non xustificadas será de 29 sesións.

Se o alumnado, por tanto, supera este número indicado de faltas de asistencia perderá o dereito á avaliación continua, comunicándosele a través da titora do grupo de xeito formal. O alumno/a que perda o dereito á avaliación continua non terá dereito a ser examinado por avaliacións parciais e polo tanto será avaliado na Convocatoria extraordinaria de Xuño nun único exame; Non obstante o alumno/a poderá seguir asistindo a clase con carácter presencial.

O sistema extraordinario de avaliación para o alumnado que teña perda do dereito á avaliación continua consistirá:

- Actividades prácticas e/ou traballos que o alumno presentará en tempo e forma (a criterio da profesora).
- Nunha proba teórico-práctica onde se recollerán os contidos abordados no módulo.
- A proba teórica pode incluír cuestións de diferente tipo: de elección, de resposta curta e/ou de desenvolvemento, etc.
- A proba práctica será plantexada a partir dun ou varios supostos prácticos sobre os que se plantexarán varias cuestións relacionadas cos contidos do módulo.
- Traballos: Entregaranse unicamente o día estipulado pola profesora e no soporte requerido. A non entrega en data e/ou soporte suporá a non valoración do mesmo para a avaliación.

Para aprobar o módulo é condición imprescindible obter como mínimo un 5 tanto nas actividades desenvolvidas e/ou presentadas como na proba teórico-práctica, non existindo a posibilidade de facer media entre as probas.

### **7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente**

A orde de avaliación no seu artigo 23.5 sinala que cada departamento de familia profesional realizará o seguimento das programacións de cada módulo, indicando o grado de cumprimento e xustificación razoada no caso de desviacións. Ademais a programación revisarase ao inicio do curso e entregarase unha memoria ó final do mesmo.

O procedemento fundamental para levar a cabo o seguimento da programación e a avaliación da práctica docente será a autoavaliación da práctica educativa. A avaliación corresponde, en primeiro lugar, ao/a profesor/a, que se enfrontará a todas as súas tarefas e funcións cunha actitude crítica permanente. De igual xeito, no equipo docente do ciclo formativo e no departamento didáctico, en actitude recíproca de participación colectiva, intercambiaranse puntos de vista, analizarase, deliberarase e chegarase a acordos que enriquezan mutuamente a práctica docente. Este procedemento pode estar complementado coas estimacións que o alumnado realice. O/A profesor/a provocará e favorecerá a avaliación desde o alumnado medindo desde eles o acerto das súas intervencións.

Os aspectos da programación que se someterán a seguimento son:

- Os obxectivos: A concreción dos mesmos e a adecuación aos resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación da programación do módulo e

do currículo do mesmo.

- Os contidos de aprendizaxe: A adecuada selección e secuenciación dos mesmos ao longo das unidades didácticas.
- As actividades docentes: Prestando especial atención á coherencia das actividades propostas coa liña metodolóxica que se considera máis adecuada para cada aprendizaxe e ao deseño e aplicación dunhas actividades diversificadas para favorecer os distintos ritmos de aprendizaxe.
- O clima e as relacións na aula: Valorando as interaccións que se producen no grupo, as situacións en que esas interaccións perturban o clima da aula e os procesos de aprendizaxe, a autonomía do alumnado, a adecuación da organización espacial e dos agrupamentos ás características do grupo e do traballo que se realiza.
- Os medios e recursos: uso e rentabilidade que se consegue.
- O sistema de avaliación que se aplica para valorar ao alumnado, así como o propio sistema de avaliación da práctica docente

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Segundo o establecido no artigo 28 da ORDE do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial: ao comezo das actividades do curso académico, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de cada alumna, así como as súas capacidades. Así mesmo, deberá servir para orientar e situar o alumnado en relación co perfil profesional correspondente.

Nesta sesión, o profesor ou a profesora que se encarguen da titoría darán a información dispoñible sobre as características xerais do grupo ou sobre as circunstancias especificamente académicas ou persoais, con incidencia educativa, de cantos alumnos e alumnas o compoñan.

Esta información poderá proceder, entre outras:

- a) Dos informes individualizados de avaliación da etapa anteriormente cursada, de ser o caso.
- b) Dos estudos académicos ou das ensinanzas de formación profesional inicial ou para o emprego previamente realizados.
- c) Do alumnado matriculado sen titulación académica de acceso.
- d) Dos informes ou ditames específicos do alumnado con discapacidade ou con necesidades educativas especiais que poida haber no grupo.
- e) Da experiencia profesional previa.
- f) Da matrícula condicional do alumnado estranxeiro.
- g) Da observación do alumnado e as actividades realizadas nas primeiras semanas do curso.

Se a avaliación inicial do alumnado indica que no grupo hai alumnado con necesidades específicas de apoio educativo adaptaranse aqueles aspectos do proceso de ensinanza-aprendizaxe susceptibles de modificación (metodoloxía, recursos, espazos, tempo, modalidade de avaliación) que permitan ao alumnado a adquisición dos resultados de aprendizaxe do módulo, requisito imprescindible para a superación do mesmo.

O tratado na sesión de avaliación inicial e os acordos que adopte o equipo docente nela recolleranse nunha acta, da cal se entregará copia na xefatura de estudos, incluíndo especialmente aqueles que teñan que ver con aspectos de flexibilización na duración das ensinanzas, segundo se desenvolve no artigo 16 desta orde. Esta avaliación inicial en ningún caso comportará cualificación para o alumnado.

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

O reforzo educativo é unha medida ordinaria de atención á diversidade que afecta a elementos non prescriptivos do currículo, tratándose, polo tanto, de medidas educativas referidas á metodoloxía.

Na programación podemos referirnos a certos criterios moi globais que precisarían, de ser necesario, de concreción e desenvolvemento individualizado tras a detección das dificultades do alumno/as podendo solicitar asesoramento do Departamento de Información e Orientación e procurando acordos nos equipos de ciclo. Entre eses criterios, resaltamos:

- Favorecer ó acceso á información a través de soportes e medios de distinto tipo.
- Propoñer actividades alternativas con distinto grado de dificultade para abordar aqueles contidos que sexan de dificultade para o alumno/a.
- Promover a aprendizaxe cooperativa e a axuda entre iguais, facilitando a constitución de grupos heteroxéneos que perseguen un mesmo obxectivo desde a premisa de que para conseguilo é imprescindible a participación de todas as persoas do grupo.
- Flexibilizar tempos.
- Buscar materiais alternativos acordes coas necesidades do alumno/a.

En calquera caso, as medidas deberán de ser individualizadas e, polo tanto, adaptadas ás necesidades concretas de cada caso, polo que despois da avaliación inicial ou en calquera momento do curso no que se detecte unha dificultade se porán en marcha os preceptivos mecanismos de reforzo, ou de ser o caso, solicitarase a axuda do equipo educativo e do departamento de información e orientación por se fose necesario dar un paso máis na concreción das medidas.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

A Lei Orgánica 2/2006 de Educación incorpora as competencias básicas ao currículo, como un dos seus elementos máis salientables e unha forma de achegar o sistema educativo ás esixencias internacionais.

Desde o módulo Apoio domiciliario non se levará a cabo unha programación específica para traballar contidos relacionados coas competencias básicas pero figura de xeito transversal o currículo e de xeito específico en moitas das unidades didácticas polo que se incorporará á dinámica cotiá das clases aspectos relacionados coa igualdade de oportunidades en xeral e coa igualdade entre mulleres e homes en particular, co coidado do medioambiente e co desenvolvemento de competencias clave relacionadas coas tecnoloxías da información e a comunicación, o traballo en equipo, a competencia de aprender a aprender e a competencia social e cidadá, ademais de favorecer a integración do alumnado con discapacidade, a través de actividades interactivas e colaborativas, non só transmisivas e fomentar o respecto mutuo, a igualdade de trato e a liberdade de pensamento. A educación en valores revélase fundamental na sociedade actual, e máis no ciclo formativo que nos ocupa, e se cabe, aínda máis importante dado que estamos a formar a futuros coidadores/as de persoas en situación de dependencia.

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Ao longo do curso promoveranse diferentes actividades complementarias e extraescolares tendentes a unha adecuada consecución dos resultados de aprendizaxe previstos no currículo, na seguinte liña de actuación:

- Charlas sobre a realidade educativa dos centros e diferentes aspectos relacionados coa dinámica de traballo e actividades que se realizan nos mesmos, a cargo de profesionais en exercicio.
- Charlas de profesionais que desenvolven o seu labor no ámbito dos servizos sociais de atención á persoas en situación de dependencia.
- Visitas a centros de dependentes da zona e/ou outros concellos.
- Levarase tamén a cabo a organización de actos conmemorativos de datas significativas ou tradicionais: Magosto, Entroido, Samaín e outras especialmente significativas para o noso ciclo como o Día da Discapacidade ou Día do Alzheimer.
- En todo caso, as actividades serán programadas desde o departamento.

## 10. Outros apartados

### 10.1) Funcionamento: traballos, exames e datas

Exames presenciais: Os exames realizaranse no día e hora estipulados pola profesora. Unicamente se repetirán os exames fóra da data prevista, no caso de falecemento de parentes de 1º grao ou hospitalización do alumnado, coa entrega do debido xustificante. Non é motivo de cambio de exame as consultas médicas ou partes das mesmas por indisposición temporal do alumnado. Neste caso o alumnado poderá asistir ao exame de recuperación. Calquera outro caso será analizado e decidido pola profesora.

No caso de que o alumnado sexa sorprendido copiando nun exame, por calquera medio, automaticamente será sancionado e a recuperación da materia realizarase única e exclusivamente no mes de xuño.

A revisión de exames será o día e hora estipulados.

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
27012048	Xograr Afonso Gómez de Sarria	Sarria	2023/2024

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SSC	Servizos socioculturais e á comunidade	CMSSC01	Atención a persoas en situación de dependencia	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0219	Empresa e iniciativa emprendedora	2023/2024	3	53	63

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	OLALLA BARRO LÓPEZ, MARÍA PILAR ESTAR LÓPEZ (Subst.)
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Este deseño curricular corresponde o módulo profesional de Atención e Apoio Psicosocial do Ciclo Medio de Atención a Persoas en Situación de Dependencia, da Familia Profesional Servizos socioculturais e a Comunidade.

O campo da actividade produtiva: Na prestación de servizos de atención a persoas en situación de dependencia principalmente desenvolta nos seguintes ámbitos do mercado.

-Centros residenciais de maiores, doentes crónicos.

-Atención a persoas con diversidade funcional.

-Outros modelos residenciais: pisos tutelados de maiores, de persoas con diversidade funcional, centros de día, centros de ocio e tempo libre, centros ocupacionais.

-Servizos de atención domiciliaria.

O perfil profesional do título: Técnico/a de Grao Medio en Atención a Personar en Situación de Dependencia queda determinado pola súa competencia xeral, as súas competencias profesionais, persoais e sociais, e pola relación de cualificacións e, no seu caso, unidades de competencia do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais incluídas no título.

A competencia xeral deste título: Consiste en atender as persoas en situación de dependencia no ámbito domiciliario e institucional, co fin de manter e mellorar a súa calidade de vida, realizando actividades asistenciais e non asistenciais, psicosociais e de apoio á xestión doméstica, aplicando medidas e normas de prevención e seguridade, e derivándoas a outros servizos en caso necesario.

As competencias profesionais, persoais e sociais deste título que se relacionan con este módulo son as seguintes:

w) realizar a xestión para a creación e o funcionamento dunha pequena empresa, e ter iniciativa na súa actividade profesional

x) exercer os dereitos e cumprir as obrigas derivadas da actividade profesional, de acordo co establecido na lexislación vixente, participando activamente na vida económica, social e cultural.

As medidas establecidas na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, así como o aumento de persoas da terceira idade, fai previsible unha alta inserción laboral e unha tendencia de crecemento estable. A diminución de coidados non formais no ámbito familiar derivada da situación socioeconómica e laboral das familias redonda tamén nunha maior empregabilidade das persoas con esta titulación.

O forte crecemento dos servizos de atención diúrna que se observa vai requirir profesionais con maior competencia e versatilidade na realización de actividades. A asistencia para a autonomía persoal, que aparece como sector emerxente, esixe profesionais con competencias relacionadas coa función de acompañamento. A progresiva implantación das novas tecnoloxías fai necesaria unha actualización permanente neste campo, para se adaptar aos cambios que se vaian introducindo nas institucións e no propio domicilio.

As persoas que obteñan este título han exercer a súa actividade no sector de servizos ás persoas, de carácter asistencial, psicosocial e de apoio á xestión doméstica.

Partindo pois dos elementos arribas expostos, establécense, como ocupacións e postos de traballo máis salientables, os seguintes:

1. Coidador/ora de persoas en situación de dependencia en institucións e/ou domicilios.
2. Coidador/ora en centros de atención psiquiátrica.
3. Xerocultor/ora.
4. Governante/a e subgovernante/a de persoas en situación de dependencia en institucións.
5. Auxiliar responsable de planta de residencias de maiores e persoas con discapacidade.
6. Auxiliar de axuda a domicilio.
7. Asistente de atención domiciliaria.
8. Traballador/orafamiliar.

9. Auxiliar de educación especial.
10. Asistente persoal.
11. Teleoperador/ora de teleasistencia.



**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	O emprendemento: persoa emprendedora e idea de negocio	A idea de negocio, creatividade, persoa emprendedora e mitos.	14	25
2	A empresa e o seu contorno	Contexto socioeconómico, compoñentes ambientais, tecnolóxicos e culturais, tipos de empresas de APSD. RSC e valores éticos.	20	25
3	As formas xurídicas e as súas implicacións	Trámites, axudas e implicacións de cada forma xurídica. A economía social.	15	25
4	A xestión dunha entidade	Principais trámites, obrigas fiscais e laborais	14	25

#### 4. Por cada unidade didáctica

##### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	O emprendemento: persoa emprendedora e idea de negocio	14

##### 4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Desenvolve o seu espírito emprendedor identificando as capacidades asociadas a el e definindo ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación e a creatividade.	SI

##### 4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícase o concepto de innovación e a súa relación co progreso da sociedade e o aumento no benestar dos individuos.
CA1.2 Analízase o concepto de cultura emprendedora e a súa importancia como dinamizador do mercado laboral e fonte de benestar social.
CA1.3 Valorouse a importancia da iniciativa individual, a creatividade, a formación, a responsabilidade e a colaboración como requisitos indispensables para ter éxito na actividade emprendedora.
CA1.4 Analizáronse as características das actividades emprendedoras no sector de atención a persoas en situación de dependencia.
CA1.5 Valorouse o concepto de risco como elemento inevitable de toda actividade emprendedora.
CA1.6 Valoráronse ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación, pola creatividade e pola súa factibilidade.
CA1.7 Decidiuse a partir das ideas emprendedoras unha determinada idea de negocio do ámbito de atención a persoas en situación de dependencia, que ha servir de punto de partida para a elaboración do proxecto empresarial.
CA1.8 Analízase a estrutura dun proxecto empresarial e valorouse a súa importancia como paso previo á creación dunha pequena empresa.

##### 4.1.e) Contidos

Contidos
Innovación e desenvolvemento económico. Principais características da innovación na actividade de atención a persoas en situación de dependencia (materiais, tecnoloxía, organización da produción, etc.).
A cultura emprendedora na Unión Europea, en España e en Galicia.
Factores clave das persoas emprendedoras: iniciativa, creatividade, formación, responsabilidade e colaboración.
A actuación das persoas emprendedoras no sector de atención a persoas en situación de dependencia.
O risco como factor inherente á actividade emprendedora.
Valoración do traballo por conta propia como fonte de realización persoal e social.
Ideas emprendedoras: fontes de ideas, maduración e avaliación destas.
Proxecto empresarial: importancia e utilidade, estrutura e aplicación no ámbito de atención a persoas en situación de dependencia.

**4.2.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
2	A empresa e o seu contorno	20

**4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o contorno, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos.	SI

**4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.1 Valórouse a importancia das pequenas e medianas empresas no tecido empresarial galego.
CA2.2 Analizouse o impacto ambiental da actividade empresarial e a necesidade de introducir criterios de sustentabilidade nos principios de actuación das empresas.
CA2.3 Identifícaronse os principais compoñentes do contorno xeral que rodea a empresa e, en especial, nos aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural.
CA2.4 Apreciouse a influencia na actividade empresarial das relacións coa clientela, con provedores, coas administracións públicas, coas entidades financeiras e coa competencia como principais integrantes do contorno específico.
CA2.5 Determináronse os elementos do contorno xeral e específico dunha pequena ou mediana empresa de atención a persoas en situación de dependencia en función da súa posible localización.
CA2.6 Analizouse o fenómeno da responsabilidade social das empresas e a súa importancia como un elemento da estratexia empresarial.
CA2.7 Valórouse a importancia do balance social dunha empresa relacionada coa atención a persoas en situación de dependencia e describíronse os principais custos sociais en que incorren estas empresas, así como os beneficios sociais que producen.
CA2.8 Identifícaronse, en empresas de atención a persoas en situación de dependencia, prácticas que incorporen valores éticos e sociais.
CA2.9 Definíronse os obxectivos empresariais incorporando valores éticos e sociais.
CA2.10 Analizáronse os conceptos de cultura empresarial, e de comunicación e imaxe corporativas, así como a súa relación cos obxectivos empresariais.
CA2.11 Describíronse as actividades e os procesos básicos que se realizan nunha empresa de atención a persoas en situación de dependencia, e delimitáronse as relacións de coordinación e dependencia dentro do sistema empresarial.
CA2.12 Elaborouse un plan de empresa que inclúa a idea de negocio, a localización, a organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios, a responsabilidade social e o plan de márketing.

**4.2.e) Contidos**

Contidos
A empresa como sistema: concepto, funcións e clasificacións.
Análise do contorno xeral dunha pequena ou mediana empresa de atención a persoas en situación de dependencia: aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural.
Análise do contorno específico dunha pequena ou mediana empresa de atención a persoas en situación de dependencia: clientes, provedores, administracións públicas, entidades financeiras e competencia.
Localización da empresa.
A persoa empresaria. Requisitos para o exercicio da actividade empresarial.
Responsabilidade social da empresa e compromiso co desenvolvemento sustentable.
Cultura empresarial, e comunicación e imaxe corporativas.



**Contidos**

Actividades e procesos básicos na empresa. Organización dos recursos dispoñibles. Externalización de actividades da empresa.

Descrición dos elementos e estratexias do plan de produción e do plan de márketing.

**4.3.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
3	As formas xurídicas e as súas implicacións	15

**4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Selecciona a forma xurídica tendo en conta as implicacións legais asociadas e o proceso para a súa constitución e posta en marcha.	SI

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA3.1 Analízouse o concepto de persoa empresaria, así como os requisitos que cómpren para desenvolver a actividade empresarial.
CA3.2 Analizáronse as formas xurídicas da empresa e determinándose as vantaxes e as desvantaxes de cada unha en relación coa súa idea de negocio.
CA3.3 Valorouse a importancia das empresas de economía social no sector de atención a persoas en situación de dependencia.
CA3.4 Especificouse o grao de responsabilidade legal das persoas propietarias da empresa en función da forma xurídica elixida.
CA3.5 Diferenciouse o tratamento fiscal establecido para cada forma xurídica de empresa.
CA3.6 Identificáronse os trámites esixidos pola lexislación para a constitución dunha pequena ou mediana empresa en función da súa forma xurídica.
CA3.7 Identificáronse as vías de asesoramento e xestión administrativa externas á hora de pór en marcha unha pequena ou mediana empresa.
CA3.8 Analizáronse as axudas e subvencións para a creación e posta en marcha de empresas de atención a persoas en situación de dependencia tendo en conta a súa localización.
CA3.9 Incluíuse no plan de empresa información relativa á elección da forma xurídica, os trámites administrativos, as axudas e as subvencións.

**4.3.e) Contidos**

Contidos
Formas xurídicas das empresas.
Responsabilidade legal do empresariado.
A fiscalidade da empresa como variable para a elección da forma xurídica.
Proceso administrativo de constitución e posta en marcha dunha empresa.
Vías de asesoramento para a elaboración dun proxecto empresarial e para a posta en marcha da empresa.
Axudas e subvencións para a creación dunha empresa de atención a persoas en situación de dependencia.
Plan de empresa: elección da forma xurídica, trámites administrativos, e xestión de axudas e subvencións.

**4.4.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
4	A xestión dunha entidade	14

**4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena ou mediana empresa, identifica as principais obrigas contables e fiscais, e formaliza a documentación.	SI

**4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA4.1 Analizáronse os conceptos básicos de contabilidade, así como as técnicas de rexistro da información contable: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais.
CA4.2 Describíronse as técnicas básicas de análise da información contable, en especial no referente ao equilibrio da estrutura financeira e á solvencia, á liquidez e á rendibilidade da empresa.
CA4.3 Definíronse as obrigas fiscais (declaración censual, IAE, liquidacións trimestrais, resúmenes anuais, etc.) dunha pequena e dunha mediana empresa relacionada coa atención a persoas en situación de dependencia, e diferenciáronse os tipos de impostos no calen
CA4.4 Formalizouse con corrección, mediante procesos informáticos, a documentación básica de carácter comercial e contable (notas de pedido, albarás, facturas, recibos, cheques, obrigas de pagamento e letras de cambio) para unha pequena e unha mediana empresa d
CA4.5 Elaborouse o plan financeiro e analizouse a viabilidade económica e financeira do proxecto empresarial.

**4.4.e) Contidos**

Contidos
Análise das necesidades de investimento e das fontes de financiamento dunha pequena e dunha mediana empresa no sector de atención a persoas en situación de dependencia.
Concepto e nocións básicas de contabilidade: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais.
Análise da información contable: equilibrio da estrutura financeira e razóns financeiras de solvencia, liquidez e rendibilidade da empresa.
Plan financeiro: estudo da viabilidade económica e financeira.
Obrigas fiscais dunha pequena e dunha mediana empresa.
Ciclo de xestión administrativa nunha empresa de atención a persoas en situación de dependencia: documentos administrativos e documentos de pagamento.
Coidado na elaboración da documentación administrativo-financeira.

## 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Todos os criterios sinalados nesta programación son mínimos exigibles.

A temporalización é a seguinte

1ª avaliación: UD1 e UD2 completas

2ª avaliación: UD 3 e UD4 completas

En cando aos criterios de cualificación, levarase a cabo un proceso de avaliación continua e integral do alumnado que proporcionará información sobre a marcha da súa aprendizaxe. No caso de que esta aprendizaxe non se consiga no ritmo desexado, tratarase de identificar as causas do déficit coa intención de poder realizar as modificacións e adaptación curriculares non significativas, que se consideren oportunas para acadar os RA.

A información que aportará esta avaliación será o máis rica posible e non se reducirá á consideración dunha soa área, a unha soa técnica, a unha soa situación e/ou a unha soa modalidade de avaliación.

A cualificación acadada en cada avaliación calcularase sumando a nota resultante dos distintos instrumentos de avaliación, segundo a ponderación establecida nesta programación, tendo en conta a obrigatoriedade de ter superados todos os mínimos esixibles en cada una das probas realizadas, para poder obter unha cualificación positiva. Os mínimos exigibles para cada CA virán determinados por rúbrica.

Establécese a seguinte ponderación:

- Probas escritas/orais individuais (exames): ponderación do 55%
- Proxecto empresarial: ponderación do 40%
- Tarefas de aula: ponderación do 5% (excepto se se especifica outra porcentaxe).

A cualificación final de cada avaliación, obterase a partir da suma das mesmas, sempre e cando se obteña unha cualificación positiva en todas as probas escritas/orais individuais e en todos os traballos obrigatorios; de non ser así, a cualificación será negativa.

A porcentaxe da cualificación correspondente ao traballo diario de aula sumarase a posteriori á cualificación media ponderada das probas anteriores, sempre que estean todas superadas positivamente (máis do 50% da puntuación total).

Como o sistema de XADE non contempla as cualificacións con decimais, farase o redondeo á alza, sempre e cando, a suma de todos os instrumentos de avaliación ponderados, sexa superior a 0,6 puntos.

En calquera caso, o uso de medios ilexítimos na realización das probas e tarefas, supón unha cualificación negativa na proba que for, establecéndose as avaliacións oficias que marque a normativa para acadar e superar os RA.

Para superar o módulo é imprescindible ter cada unha das avaliacións parciais aprobadas (é dicir, os criterios de avaliación correspondentes superados), non podendo levar unha cualificación positiva de non ter superado todos os criterios mínimos exigibles.

A nota final do módulo suporá unha observación da evolución da alumna ou alumno ao longo do curso reflectindo o progreso, retroceso ou continuidade no seu caso.

As datas e hora de entrega das actividades, traballos e realización de probas serán fixadas pola docente e unha vez fixadas serán inamovibles, agás excepcións xustificadas.

Só se xustificará unha falta a un exame no caso de ter xustificante médico de hospitalización ou de falecemento dun familiar de primeiro ou segundo grao de consanguineidade.

Todo documento de avaliación unha vez corrixido e revisado polo alumnado, será custodiado pola docente até rematado o prazo de revisión.

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

No suposto de que algún alumno/a non superase algunha das avaliacións parciais, este alumnado será informado das actividades programadas para a súa recuperación, así como do período da súa realización, temporalización e data en que serán avaliados, que será previa á realización da FCT en período ordinario.

O alumnado de segundo curso que non poida acceder á FCT no período ordinario por non superar este módulo poderá recuperalo neste mesmo período. Para este fin, seranlle asignadas unha serie de actividades de recuperación, así como da proba ou probas a realizar, con indicación expresa da data final en que serán avaliados.

As actividades e probas que se leven a cabo ao longo do curso, deberán ser suficientes para a superación do módulo.

En todo momento se atenderá ás necesidades do grupo, modificando a metodoloxía das actividades para que todos os alumnos e alumnas podan obter a mellor aprendizaxe.

O/A alumno/a que non supere unha avaliación terá opción de realizar unha proba de recuperación da mesma no período extraordinario. Esta proba realizarase despois de ter entregado as notas de cada avaliación. As datas concretas estableceranse co alumnado. Os criterios de cualificación usados para a recuperación serán os seguintes:

- Se o/a alumno/a ten pendente a proba escrita, realizará unha nova proba escrita de recuperación no que dará conta daqueles aspectos da mesma que non foi quen de superar con anterioridade.
- Se o/a alumno/a ten pendente un ou varios traballos, individuais ou grupais, terá a oportunidade de mellorar o traballo pendente ou facelo de novo.

#### **6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua**

O número de faltas de asistencia non poderá superar o 10% da duración (63 sesións) do módulo formativo, é dicir, o número máximo de faltas de asistencia non xustificadas será de 7 sesións.

Quedarían xustificadas todas aquelas faltas por motivos laborais xustificadas, aspectos sanitarios e deberes inexcusables. Sempre que haxa documentación que así acredite.

A perda de dereito á avaliación continua implica a perda de dereito de avaliacións parciais e a realización das probas correspondentes no período extraordinario. Poderá seguir asistindo a aulas, aínda que non se lle cualifiquen as tarefas, traballos e probas escritas.

A avaliación extraordinaria consistirá na realización dunha proba escrita na que desenvolver contidos máis teóricos ou conceptuais e dunha parte práctica análoga ás realizadas polo resto do alumnado durante o curso. Os mínimos exhibibles serán os mesmos e nas mesmas porcentaxes que se ponderarán tendo en conta un 55% a parte teórica e un 45% a práctica.

Deberanse superar todas as partes da proba (50% da cualificación total).

#### **7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente**

A orde de avaliación no seu artigo 23.5 sinala que cada departamento de familia profesional realizará o seguimento das programacións de cada módulo, indicando o grado de cumprimento e xustificación razoada no caso de desviacións. Ademais a programación revisarase ao inicio do curso e entregarase unha memoria ao finalizar.

Os procedementos de avaliación da práctica docente serán:

1. A autoavaliación da propia profesora, que se enfrontará a todas as súas tarefas e funcións cunha actitude crítica permanente. De igual xeito, no equipo docente do ciclo formativo e no departamento didáctico, en actitude recíproca de participación colectiva, intercambiaranse puntos de vista, analizarase, deliberarase e chegarase a acordos que enriquezan mutuamente a práctica docente. Este procedemento pode estar complementado coas estimacións que o alumnado realice. O/A profesor/a provocará e favorecerá a avaliación desde o alumnado medindo desde eles o acerto das súas intervencións.
2. A heteroavaliación por parte do alumnado. Ao rematar cada unidade didáctica farase unha dinámica avaliativa, ben con gomets, dianas, post-its, círculos avaliativos, etc. Tamén se entregarán dous instrumentos de avaliación ao alumnado: un despois antes Nadal e outra ao rematar o módulo. Constará de preguntas abertas e pechadas. Del poderase extraer moita información para mellorar a práctica docente.

A programación vai ser sometida a avaliación a través dunha serie de indicadores de logro. Os aspectos da programación que se someterán a seguimento son:



- Os obxectivos: A concreción dos mesmos e a adecuación aos resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación da programación do módulo e do currículo do mesmo.
- Os contidos de aprendizaxe: A adecuada selección e secuenciación dos mesmos ao longo das unidades didácticas.
- As actividades docentes: Prestando especial atención á coherencia das actividades propostas coa liña metodolóxica que se considera máis adecuada para cada aprendizaxe e ao deseño e aplicación dunhas actividades diversificadas para favorecer os distintos ritmos de aprendizaxe.
- O clima e as relacións na aula: Valorando as interaccións que se producen no grupo, as situacións en que esas interaccións perturban o clima da aula e os procesos de aprendizaxe, a autonomía do alumnado, a adecuación da organización espacial e dos agrupamentos ás características do grupo e do traballo que se realiza.
- Os medios e recursos: uso e rentabilidade que se consegue.
- O sistema de avaliación que se aplica para valorar ao alumnado, así como o propio sistema de avaliación da práctica docente

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Segundo o establecido no artigo 28 da ORDE do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial: ao comezo das actividades do curso académico, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de cada alumna, así como as súas capacidades. Así mesmo, deberá servir para orientar e situar o alumnado en relación co perfil profesional correspondente.

Nesta sesión, o profesor ou a profesora que se encarguen da titoría darán a información dispoñible sobre as características xerais do grupo ou sobre as circunstancias especificamente académicas ou persoais, con incidencia educativa, de cantos alumnos e alumnas o compoñan.

Esta información poderá proceder, entre outras:

- a) Dos informes individualizados de avaliación da etapa anteriormente cursada, de ser o caso.
- b) Dos estudos académicos ou das ensinanzas de formación profesional inicial ou para o emprego previamente realizados.
- c) Do alumnado matriculado sen titulación académica de acceso.
- d) Dos informes ou ditames específicos do alumnado con discapacidade ou con necesidades educativas especiais que poida haber no grupo.
- e) Da experiencia profesional previa.
- f) Da matrícula condicional do alumnado estranxeiro.
- g) Da observación do alumnado e as actividades realizadas nas primeiras semanas do curso.

Se a avaliación inicial do alumnado indica que no grupo hai alumnado con necesidades específicas de apoio educativo adaptaranse aqueles aspectos do proceso de ensinanza-aprendizaxe susceptibles de modificación (metodoloxía, recursos, espazos, tempo, modalidade de avaliación) que permitan ao alumnado a adquisición dos resultados de aprendizaxe do módulo, requisito imprescindible para a superación do mesmo.

O tratado na sesión de avaliación inicial e os acordos que adopte o equipo docente nela recollen nunha acta, da cal se entregará copia na xefatura de estudos, incluíndo especialmente aqueles que teñan que ver con aspectos de flexibilización na duración das ensinanzas, segundo se desenvolve no artigo 16 desta orde. Esta avaliación inicial en ningún caso comportará cualificación para o alumnado.

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

O reforzo educativo é unha medida ordinaria de atención á diversidade que afecta a elementos non prescriptivos do currículo, tratándose, polo tanto, de medidas educativas referidas á metodoloxía.

Na programación podemos referirnos a certos criterios moi globais que precisarían, de ser necesario, e concreción e desenvolvemento individualizado tras a detección das dificultades do alumnos/as podendo solicitar asesoramento do Departamento de Información e Orientación e procurando acordos nos equipos de ciclo. Entre eses criterios, resaltamos:

- Favorecer o acceso á información a través de soportes e medios de distinto tipo.
- Propoñer actividades alternativas con distinto grado de dificultade para abordar aqueles contidos que sexan de dificultade para o alumno/a.
- Promover a aprendizaxe cooperativa e a axuda entre iguais, facilitando a constitución de grupos heteroxéneos que perseguen un mesmo obxectivo desde a premisa de que para conseguilo imprescindible a participación de todas as persoas do grupo.
- Flexibilizar tempos.
- Buscar materiais alternativos acordes coas necesidades do alumno/a.

En calquera caso, as medidas deberán de ser individualizadas e, polo tanto, adaptadas ás necesidades concretas de cada caso, polo que despois da avaliación inicial ou en calquera momento do curso no que se detecte unha dificultade se porán en marcha os preceptivos mecanismos de reforzo, ou de ser o caso, solicitarase a axuda do equipo educativo e do departamento de información e orientación por se fose necesario dar un paso máis na concreción das medidas.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

A educación en valores desenvolve a humanidade das persoas, con ela pretendemos contrarrestar os valores hexemónicos que contribúen a perpetuar a inxustiza, desigualdade, violencia, contaminación, autoritarismos, machismos ou o etnocentrismo cultural. A LOMLOE nomea en diferentes momentos do seu articulado os elementos transversais (como educación para a saúde, educación ambiental ou educación para o consumo) que a docencia terá que ter en conta en todo o itinerario formativo, desde infantil até terciaria. Estas prescricións normativas serán o referente para o desenvolvemento de valores no alumnado.

Toda a metodoloxía está pensada para promover valores como a cooperación, o respecto á diversidade, o sentido crítico, valores cívicos, a iniciativa persoal, o manexo de conflitos desde a comunicación non violenta, etc.

A maiores, tamén se traballarán, de maneira específica, o exercicio dos dereitos e deberes, tanto os relativos á Declaración Universal dos Dereitos Humanos, como os relacionados coa igualdade de oportunidades entre mulleres, homes e persoas non binarias. Este traballo faise a través da conmemoración de determinadas datas, alén de dinámicas e perspectivas que se incorporarán no día a día da aula, en especial no relativo á prevención das violencias machistas, traballando especificamente valores como a sororidade, tolerancia, xustiza e equidade.

Para traballar estes valores a docente terá que ter moi presente todo o relacionado co currículo oculto, que é o reflexo da distribución de poder na sociedade, lexítima e reproduce esta distribución (Bourdieu, 1985). A través deste currículo oculto constrúese o "sentido común", é dicir, o significado das ideoloxías prácticas, os rituais cotiáns cargados de valores hexemónicos que perpetúan as inxustizas. A docente terá que facer un exercicio autocrítico constante, así como pór o foco: na comunicación, nas relacións que establece (tanto as intrapersoais, interpersoais, como grupais), nos materiais que utiliza, nos elementos espaciais, na metodoloxía e práctica docente. Non podemos esquecer que a metodoloxía é unha práctica sociohistórica situada, téñense que pór de manifesto as situacións de privilexio e enmarcar as relacións asimétricas. Vea Vecchi (2018) di que os valores non se predicán, senón que se transmiten mediante un determinado "enfoque das cousas e da relación que establecemos co mundo". Faise preciso que a educadora se mergulle nun proceso de reeducación constante: "o adulto que quere ser educador ten que facer un esforzo de introspección para identificar mellor a súa propia posición no proceso de transmisión de modelos" (Cardús, 2000).

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Programaranse conxuntamente co departamento, podendo consistir tanto en visitas ou saídas a centros de interese, a organización de actividades específicas para a conmemoración de datas especialmente relacionadas co ámbito da dependencia, etc.

En específico neste módulo procurarase realizar:

- Un obradoiro de emprendemento.
- Unha mostra de proxectos inspiradores da contorna.

## 10. Outros apartados

### 10.1) Exames

Exames presenciais: Os exames realizaranse no día e hora estipulados pola profesora. Unicamente se repetiran os exames fóra da data prevista, no caso de falecemento de parentes de 1º grao ou hospitalización do alumnado, coa entrega do debido xustificante. Non é motivo de cambio de exame as consultas médicas ou partes das mesmas por indisposición temporal do alumnado. Neste caso o alumnado poderá asistir ao exame de recuperación. Calquera outro caso será analizado pola profesora.

Os exames de recuperación poderán realizaranse antes ou despois de ter entregado as notas de avaliación trimestral, a criterio da profesora.

A revisión de exames será o día e hora estipulados.

Os traballos: entregaranse unicamente o día estipulado pola profesora e no soporte requerido. A non entrega en data e/ou soporte suporá a non valoración do mesmo para a avaliación.

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
27012048	Xograr Afonso Gómez de Sarria	Sarria	2023/2024

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SSC	Servizos socioculturais e á comunidade	CMSSC01	Atención a persoas en situación de dependencia	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0218	Formación e orientación laboral	2023/2024	4	107	128
MP0218_12	Prevenición de riscos laborais	2023/2024	4	45	54
MP0218_22	Equipos de traballo, dereito do traballo e da seguridade social, e procura de emprego	2023/2024	4	62	74

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	PURIFICACIÓN FERREIRO FERNÁNDEZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

1. As medidas establecidas na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, así como o aumento de persoas da terceira idade, fai previsible unha alta inserción laboral e unha tendencia de crecemento estable.
2. A diminución de cuidadores informais no ámbito familiar derivada da situación socioeconómica e laboral das familias ha redundar tamén nunha maior empregabilidade das persoas con esta titulación.
3. O forte crecemento dos servizos de atención diurna que se observa vai requirir profesionais con maior competencia e versatilidade na realización de actividades
4. A asistencia para a autonomía persoal, que aparece como sector emerxente, esixe profesionais con competencias relacionadas coa función de acompañamento.
5. A progresiva implantación das novas tecnoloxías fai necesaria unha actualización permanente neste campo, para se adaptar aos cambios que se vaian introducindo nas institucións e no propio domicilio.

As persoas que obteñan este título han exercer a súa actividade no sector de servizos ás persoas, de carácter asistencial, psicosocial e de apoio á xestión doméstica. As ocupacións e os postos de traballo máis salientables son os seguintes:

- Coidador/a de persoas en situación de dependencia en institucións e/ou domicilios.
- Coidador/a en centros de atención psiquiátrica.
- Xerocultor/a.
- Gobernante/a e subgobernante/a de persoas en situación de dependencia en institucións.
- Auxiliar responsable de planta de residencias de maiores e persoas con discapacidade.
- Auxiliar de axuda no fogar.
- Asistente de atención domiciliaria.
- Traballador/afamiliar.
- Auxiliar de educación especial.
- Asistente persoal.
- Teleoperador/ora de teleasistencia

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	A prevención de riscos no traballo	Unidade na que se tratan os conceptos base, a normativa e a relación entre as condicións laborais e a saúde.	12	8
2	Riscos xerais	Unidade que amosa en termos xerais a clasificación dos posibles riscos e as técnicas de prevención dos mesmos.	14	10
3	Riscos específicos no sector da familia profesional	Esta unidade céntrase nos riscos propios do sector do título, identifícaos e amosa como prevenilos ou cal é a protección fronte aos mesmos.	10	8
4	A xestión da prevención na empresa	Trátase de levar a cabo a xestión da prevención na empresa, que é un plano de emerxencia e o control da saúde dos traballadores	12	10
5	O dereito do traballo, o contrato e a representación dos traballadores	Unidade que explica que é o dereito laboral, as súas fontes, dereitos e obrigas dos traballadores, a súa representación, a negociación colectiva e o concepto e tipos de contratos.	18	16
6	O tempo de traballo e a súa retribución	Nesta unidade abórdase o relativo á xornada, descansos, permisos, vacacións, conceptos salariais e liquidación de haberes.	18	16
7	A modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo	A unidade trata a mobilidade do contrato, a súa suspensión e extinción, coas posibles consecuencias de indemnizacións e finiquito.	17	12
8	A Seguridade Social	Amosárase que é a Seguridade Social, a afiliación, altas e baixas, así como as principais prestacións.	17	12
9	Busca activa de emprego	Unidade na que se explican as diferentes vías de inserción laboral, e os diferentes procedementos e documentos relacionados coa selección de persoal.	6	5
10	O traballo en equipo. A resolución de conflitos	Unidade que destaca a importancia e utilidade do traballo en equipo, así como da negociación no eido da práctica profesional.	4	3

#### 4. Por cada unidade didáctica

##### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	A prevención de riscos no traballo	12

##### 4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Recoñece os dereitos e as obrigas das persoas traballadoras e empresarias relacionados coa seguridade e a saúde laboral.	SI

##### 4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Relacionáronse as condicións laborais coa saúde da persoa traballadora.
CA1.2 Distinguíronse os principios da acción preventiva que garanten o dereito á seguridade e á saúde das persoas traballadoras.
CA1.3 Apreciouse a importancia da información e da formación como medio para a eliminación ou a redución dos riscos laborais.
CA1.4 Comprendéronse as actuacións axeitadas ante situacións de emerxencia e risco laboral grave e inminente.
CA1.5 Valoráronse as medidas de protección específicas de persoas traballadoras sensibles a determinados riscos, así como as de protección da maternidade e a lactación, e de menores.
CA1.6 Analizáronse os dereitos á vixilancia e protección da saúde no sector de atención a persoas en situación de dependencia.
CA1.7 Asumiuse a necesidade de cumprir as obrigas das persoas traballadoras en materia de prevención de riscos laborais.

##### 4.1.e) Contidos

Contidos
Relación entre traballo e saúde. Influencia das condicións de traballo sobre a saúde.
Conceptos básicos de seguridade e saúde laboral.
Análise dos dereitos e das obrigas das persoas traballadoras e empresarias en prevención de riscos laborais.
Actuación responsable no desenvolvemento do traballo para evitar as situacións de risco no seu contorno laboral.
Protección de persoas traballadoras especialmente sensibles a determinados riscos.

**4.2.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
2	Riscos xerais	14

**4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Avalía as situacións de risco derivadas da súa actividade profesional analizando as condicións de traballo e os factores de risco máis habituais do sector de atención a persoas en situación de dependencia.	NO
RA4 - Determina as medidas de prevención e protección no contorno laboral da titulación de técnico en atención a persoas en situación de dependencia.	NO

**4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.1 Determináronse as condicións de traballo con significación para a prevención nos contornos de traballo relacionados co perfil profesional de técnico en atención a persoas en situación de dependencia.
CA2.2 Clasificáronse os factores de risco na actividade e os danos derivados deles.
CA2.4 Identificáronse as situacións de risco máis habituais nos contornos de traballo das persoas coa titulación de técnico en atención a persoas en situación de dependencia.
CA4.1 Definíronse as técnicas e as medidas de prevención e de protección que se deben aplicar para evitar ou diminuír os factores de risco, ou para reducir as súas consecuencias no caso de materializarse.
CA4.3 Seleccionáronse os equipamentos de protección individual (EPI) axeitados ás situacións de risco atopadas.

**4.2.e) Contidos**

Contidos
Análise de factores de risco ligados a condicións de seguridade, ambientais, ergonómicas e psicosociais.
Determinación dos danos á saúde da persoa traballadora que se poden derivar das condicións de traballo e dos factores de risco detectados.
Medidas de prevención e protección individual e colectiva.



**4.3.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
3	Riscos específicos no sector da familia profesional	10

**4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Avalía as situacións de risco derivadas da súa actividade profesional analizando as condicións de traballo e os factores de risco máis habituais do sector de atención a persoas en situación de dependencia.	NO

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.1 Determináronse as condicións de traballo con significación para a prevención nos contornos de traballo relacionados co perfil profesional de técnico en atención a persoas en situación de dependencia.
CA2.3 Clasificáronse e describíronse os tipos de danos profesionais, con especial referencia a accidentes de traballo e doenzas profesionais, relacionados co perfil profesional de técnico en atención a persoas en situación de dependencia.
CA2.4 Identificáronse as situacións de risco máis habituais nos contornos de traballo das persoas coa titulación de técnico en atención a persoas en situación de dependencia.
CA2.5 Levouse a cabo a avaliación de riscos nun contorno de traballo, real ou simulado, relacionado co sector de actividade.

**4.3.e) Contidos**

Contidos
Riscos específicos no sector de atención a persoas en situación de dependencia en función das probables consecuencias, do tempo de exposición e dos factores de risco implicados.
Avaliación dos riscos atopados en situacións potenciais de traballo no sector de atención a persoas en situación de dependencia.

**4.4.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
4	A xestión da prevención na empresa	12

**4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Participa na elaboración dun plan de prevención de riscos e identifica as responsabilidades de todos os axentes implicados.	SI
RA4 - Determina as medidas de prevención e protección no contorno laboral da titulación de técnico en atención a persoas en situación de dependencia.	NO

**4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA3.1 Valorouse a importancia dos hábitos preventivos en todos os ámbitos e en todas as actividades da empresa.
CA3.2 Clasifícanse os xeitos de organización da prevención na empresa en función dos criterios establecidos na normativa sobre prevención de riscos laborais.
CA3.3 Determináronse os xeitos de representación das persoas traballadoras na empresa en materia de prevención de riscos.
CA3.4 Identifícanse os organismos públicos relacionados coa prevención de riscos laborais.
CA3.5 Valorouse a importancia da existencia dun plan preventivo na empresa que inclúa a secuencia de actuacións para realizar en caso de emerxencia.
CA3.6 Estableceuse o ámbito dunha prevención integrada nas actividades da empresa, e determináronse as responsabilidades e as funcións de cadaquén.
CA3.7 Defínese o contido do plan de prevención nun centro de traballo relacionado co sector profesional da titulación de técnico en atención a persoas en situación de dependencia.
CA3.8 Proxectouse un plan de emerxencia e evacuación para unha pequena ou mediana empresa do sector de actividade.
CA4.2 Analizouse o significado e o alcance da sinalización de seguridade de diversos tipos.
CA4.4 Analizáronse os protocolos de actuación en caso de emerxencia.
CA4.5 Identifícanse as técnicas de clasificación de persoas feridas en caso de emerxencia, onde existan vítimas de diversa gravidade.
CA4.6 Identifícanse as técnicas básicas de primeiros auxilios que se deben aplicar no lugar do accidente ante danos de diversos tipos, así como a composición e o uso da caixa de urxencias.

**4.4.e) Contidos**

Contidos
Xestión da prevención na empresa: funcións e responsabilidades.
Órganos de representación e participación das persoas traballadoras en prevención de riscos laborais.
Organismos estatais e autonómicos relacionados coa prevención de riscos.
Planificación da prevención na empresa.
Plans de emerxencia e de evacuación en contornos de traballo.
Elaboración dun plan de emerxencia nunha empresa do sector.

**Contidos**

Participación na planificación e na posta en práctica dos plans de prevención.

Protocolo de actuación ante unha situación de emerxencia.

Aplicación das técnicas de primeiros auxilios.

Actuación responsable en situacións de emerxencias e primeiros auxilios.

**4.5.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
5	O dereito do traballo, o contrato e a representación dos traballadores	18

**4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo.	NO

**4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícanse o ámbito de aplicación, as fontes e os principios de aplicación do dereito do traballo.
CA2.2 Distingúense os principais organismos que interveñen nas relacións laborais.
CA2.3 Identifícanse os elementos esenciais dun contrato de traballo.
CA2.4 Analízanse as principais modalidades de contratación e identifícanse as medidas de fomento da contratación para determinados colectivos.
CA2.5 Valoráronse os dereitos e as obrigas que se recollen na normativa laboral.
CA2.10 Identifícanse os órganos de representación das persoas traballadoras na empresa.
CA2.11 Analízanse os conflitos colectivos na empresa e os procedementos de solución.
CA2.12 Identifícanse as características definitorias dos novos contornos de organización do traballo.

**4.5.e) Contidos**

Contidos
Dereito do traballo.
Representación das persoas traballadoras na empresa.
Conflitos colectivos.
Organismos públicos (administrativos e xudiciais) que interveñen nas relacións laborais.
Análise da relación laboral individual.
Dereitos e deberes derivados da relación laboral.
Análise dun convenio colectivo aplicable ao ámbito profesional da titulación de técnico en atención a persoas en situación de dependencia.
Modalidades de contrato de traballo e medidas de fomento da contratación.
Sindicatos de traballadores e asociacións empresariais.

**4.6.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
6	O tempo de traballo e a súa retribución	18

**4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo.	NO
RA3 - Determina a acción protectora do sistema da seguridade social ante as contingencias cubertas, e identifica as clases de prestacións.	NO

**4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.6 Determináronse as condicións de traballo pactadas no convenio colectivo aplicable ou, en ausencia deste, as condicións habituais no sector profesional relacionado co título de técnico en atención a persoas en situación de dependencia.
CA2.7 Valoráronse as medidas establecidas pola lexislación para a conciliación da vida laboral e familiar, e para a igualdade efectiva entre homes e mulleres.
CA2.8 Analizouse o recibo de salarios e identificáronse os principais elementos que o integran.
CA3.3 Identificáronse, nun suposto sinxelo, as bases de cotización dunha persoa traballadora e as cotas correspondentes a ela e á empresa.

**4.6.e) Contidos**

Contidos
Análise dun convenio colectivo aplicable ao ámbito profesional da titulación de técnico en atención a persoas en situación de dependencia.
Análise das principais condicións de traballo: clasificación e promoción profesional, tempo de traballo, retribución, etc.
Determinación das principais obrigas das persoas empresarias e das traballadoras en materia de seguridade social.

**4.7.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
7	A modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo	17

**4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo.	NO

**4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.9 Identifícanse as causas e os efectos da modificación, a suspensión e a extinción da relación laboral.

**4.7.e) Contidos**

Contidos
Modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo.

**4.8.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
8	A Seguridade Social	17

**4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Determina a acción protectora do sistema da seguridade social ante as contingencias cubertas, e identifica as clases de prestacións.	NO

**4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA3.1 Valórouse o papel da seguridade social como pilar esencial do estado social e para a mellora da calidade de vida da cidadanía.
CA3.2 Delimitouse o funcionamento e a estrutura do sistema de seguridade social.
CA3.4 Determináronse as principais prestacións contributivas de seguridade social, os seus requisitos e a súa duración, e realizouse o cálculo da súa contía nalgúns supostos prácticos.
CA3.5 Determináronse as posibles situacións legais de desemprego en supostos prácticos sinxelos, e realizouse o cálculo da duración e da contía dunha prestación por desemprego de nivel contributivo básico.

**4.8.e) Contidos**

Contidos
A seguridade social como pilar do estado social.
Estrutura do sistema de seguridade social.
Protección por desemprego.
Prestacións contributivas da seguridade social.

**4.9.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
9	Busca activa de emprego	6

**4.9.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Identifica os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e recoñéceos en diferentes situacións de traballo.	NO
RA4 - Planifica o seu itinerario profesional seleccionando alternativas de formación e oportunidades de emprego ao longo da vida.	SI

**4.9.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.12 Identifícanse as características definitorias dos novos contornos de organización do traballo.
CA4.1 Valoráronse as propias aspiracións, motivacións, actitudes e capacidades que permitan a toma de decisións profesionais.
CA4.2 Tomouse conciencia da importancia da formación permanente como factor clave para a empregabilidade e a adaptación ás esixencias do proceso produtivo.
CA4.3 Valoráronse as oportunidades de formación e emprego noutros estados da Unión Europea.
CA4.4 Valorouse o principio de non-discriminación e de igualdade de oportunidades no acceso ao emprego e nas condicións de traballo.
CA4.5 Deseñáronse os itinerarios formativos profesionais relacionados co perfil profesional de técnico en atención a persoas en situación de dependencia.
CA4.6 Determináronse as competencias e as capacidades requiridas para a actividade profesional relacionada co perfil do título, e seleccionouse a formación precisa para as mellorar e permitir unha axeitada inserción laboral.
CA4.7 Identifícanse as principais fontes de emprego e de inserción laboral para as persoas coa titulación de técnico en atención a persoas en situación de dependencia.
CA4.8 Empregáronse adecuadamente as técnicas e os instrumentos de procura de emprego.
CA4.9 Prevíronse as alternativas de autoemprego nos sectores profesionais relacionados co título.

**4.9.e) Contidos**

Contidos
Novos contornos de organización do traballo.
Coñecemento dos propios intereses e das propias capacidades formativo-profesionais.
Importancia da formación permanente para a traxectoria laboral e profesional das persoas coa titulación de técnico en atención a persoas en situación de dependencia.
Oportunidades de aprendizaxe e emprego en Europa.
Itinerarios formativos relacionados coa titulación de técnico en atención a persoas en situación de dependencia.
Definición e análise do sector profesional do título de técnico en atención a persoas en situación de dependencia.
Proceso de toma de decisións.
Proceso de procura de emprego no sector de actividade.
Técnicas e instrumentos de procura de emprego.





**4.10.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
10	O traballo en equipo. A resolución de conflitos	4

**4.10.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Participa responsablemente en equipos de traballo eficientes que contribúan á consecución dos obxectivos da organización.	SI

**4.10.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícaronse os equipos de traballo en situacións de traballo relacionadas co perfil de técnico en atención a persoas en situación de dependencia e valoráronse as súas vantaxes sobre o traballo individual.
CA1.2 Determináronse as características do equipo de traballo eficaz fronte ás dos equipos ineficaces.
CA1.3 Adoptáronse responsablemente os papeis asignados para a eficiencia e a eficacia do equipo de traballo.
CA1.4 Empregáronse axeitadamente as técnicas de comunicación no equipo de traballo para recibir e transmitir instrucións e coordinar as tarefas.
CA1.5 Determináronse procedementos para a resolución dos conflitos identificados no seo do equipo de traballo.
CA1.6 Aceptáronse de forma responsable as decisións adoptadas no seo do equipo de traballo.
CA1.7 Analizáronse os obxectivos alcanzados polo equipo de traballo en relación cos obxectivos establecidos, e coa participación responsable e activa dos seus membros.

**4.10.e) Contidos**

Contidos
Diferenciación entre grupo e equipo de traballo.
Valoración das vantaxes e os inconvenientes do traballo de equipo para a eficacia da organización.
Equipos no sector de atención a persoas en situación de dependencia segundo as funcións que desempeñen.
Dinámicas de grupo.
Equipos de traballo eficaces e eficientes.
Participación no equipo de traballo: desempeño de papeis, comunicación e responsabilidade.
Conflito: características, tipos, causas e etapas.
Técnicas para a resolución ou a superación do conflito.

## 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os mínimos para acadar a avaliación positiva no presente módulo, FORMACIÓN E ORIENTACIÓN LABORAL, evidenciarán a consecución de todos os resultados de aprendizaxe dun xeito equilibrado e cun grao de participación activa nos traballos e actividades a desenvolver. Ademais, dado que se trata de ensinanzas presenciais, os alumnos e alumnas deberán asistir regularmente ás actividades programadas, considerándose perda de avaliación continua cando o número de faltas supere o 10% da duración do módulo, tal como establece a Orde do 12 de xullo de 2011 (DOG nº 136/2011 do 15 xullo).

Os contidos mínimos esixibles para que o alumnado acade a avaliación positiva no módulo de Formación e orientación laboral, son os seguintes:

Diferenciación entre grupo e equipo de traballo.  
Valoración das vantaxes e os inconvenientes do traballo de equipo para a eficacia da organización.  
Equipos no sector de atención a persoas en situación de dependencia segundo as funcións que desempeñen.  
Dinámicas de grupo.  
Equipos de traballo eficaces e eficientes.  
Participación no equipo de traballo: desempeño de papeis, comunicación e responsabilidade.  
Conflito: características, tipos, causas e etapas.  
Técnicas para a resolución ou a superación do conflito. Dereito do traballo.  
Organismos públicos (administrativos e xudiciais) que interveñen nas relacións laborais.  
Análise da relación laboral individual.  
Dereitos e deberes derivados da relación laboral.  
Análise dun convenio colectivo aplicable ao ámbito profesional da titulación de técnico en atención a persoas en situación de dependencia.  
Modalidades de contrato de traballo e medidas de fomento da contratación.  
Análise das principais condicións de traballo: clasificación e promoción profesional, tempo de traballo, retribución, etc.  
Modificación, suspensión e extinción do contrato de traballo.  
Sindicatos de traballadores e asociacións empresariais.  
Representación das persoas traballadoras na empresa.  
Conflitos colectivos.  
Novos contornos de organización do traballo. A seguridade social como pilar do estado social.  
Estrutura do sistema de seguridade social.  
Determinación das principais obrigas das persoas empresarias e das traballadoras en materia de seguridade social.  
Protección por desemprego.  
Prestacións contributivas da seguridade social. Coñecemento dos propios intereses e das propias capacidades formativo-profesionais.  
Importancia da formación permanente para a traxectoria laboral e profesional das persoas coa titulación de técnico en atención a persoas en situación de dependencia.

Oportunidades de aprendizaxe e emprego en Europa.

Itinerarios formativos relacionados coa titulación de técnico en atención a persoas en situación de dependencia.

Definición e análise do sector profesional do título de técnico en atención a persoas en situación de dependencia.

Proceso de toma de decisións.

Proceso de procura de emprego no sector de actividade.

Técnicas e instrumentos de procura de emprego. Relación entre traballo e saúde. Influencia das condicións de traballo sobre a saúde.

Conceptos básicos de seguridade e saúde laboral.

Análise dos dereitos e das obrigas das persoas traballadoras e empresarias en prevención de riscos laborais.

Actuación responsable no desenvolvemento do traballo para evitar as situacións de risco no seu contorno labora

Protección de persoas traballadoras especialmente sensibles a determinados riscos. Análise de factores de risco ligados a condicións de seguridade, ambientais, ergonómicas e psicosociais.

Determinación dos danos á saúde da persoa traballadora que se poden derivar das condicións de traballo e dos factores de risco detectados.

Riscos específicos no sector de atención a persoas en situación de dependencia en función das probables consecuencias, do tempo de exposición e dos factores de risco implicados.

Avaliación dos riscos atopados en situacións potenciais de traballo no sector de atención a persoas en situación de dependencia.

Xestión da prevención na empresa: funcións e responsabilidades.

Órganos de representación e participación das persoas traballadoras en prevención de riscos laborais.

Organismos estatais e autonómicos relacionados coa prevención de riscos.

Planificación da prevención na empresa.

Plans de emerxencia e de evacuación en contornos de traballo.

Elaboración dun plan de emerxencia nunha empresa do sector.

Participación na planificación e na posta en práctica dos plans de prevención Medidas de prevención e protección individual e colectiva.

Protocolo de actuación ante unha situación de emerxencia.

Aplicación das técnicas de primeiros auxilios.

Actuación responsable en situacións de emerxencias e primeiros auxilios.

#### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

Ao longo de todo o Módulo levarase a cabo un proceso de avaliación continua e integral do alumno/a que proporcionará información sobre a marcha da aprendizaxe. Este seguimento farase tanto de xeito individualizado, como nas relacións interpersoais e traballo en grupo segundo os criterios de avaliación recollidos nas unidades didácticas, tendo en conta os seguintes criterios:

- Fundamentalmente para os contidos conceptuais realizaranse probas escritas e/ou orais que, en función da materia a avaliar poderán ser de diverso tipo: test, preguntas breves, casos prácticos, preguntas de desenvolvemento, ... e todos aqueles aspectos conceptuais recollidos nos criterios de avaliación do módulo. Farase un exame por avaliación. Suporá un 60% da cualificación final do módulo.

- As actividades, traballos, casos prácticos e exercicios individuais e/ou en grupo servirannos para avaliar procedementos; traballos individuais e

grupais nos que se valora a estrutura e dominio de contidos, dinámica de traballo, exposición (se é o caso) e utilización de recursos, habilidades e destrezas, e todos aqueles aspectos procedimentais recollidos nos criterios de avaliación do módulo. Para a superación positiva desta parte é necesaria a presentación e avaliación positiva de todos os traballos plantexados ao longo do curso. Nos traballos en grupo queda a criterio do profesor calificar aos distintos membros dun equipo de traballo cunha nota diferente, si estima que a súa participación e aproveitamento é diferente nalgún caso. Suporán un 40% da cualificación do módulo.

En ningún caso superarán a avaliación aqueles alumnos/as que a súa cualificación sexa inferior a 5.

Para a superación positiva do módulo é necesaria a presentación e avaliación positiva de todas as actividades e probas plantexadas o longo do curso.

Debido á actual situación sanitaria provocada polo covid-19, e en previsión de que non sexa posible o ensino presencial e haxa que avaliar a distancia, os criterios de cualificación serían os seguintes:

- En caso de realizarse algunha proba a distancia, a valoración desta suporía o 50% da nota da avaliación correspondente.
- Os traballos e tarefas plantexadas e presentadas na aula virtual, ou polo medio fixado pola profesora, suporía o outro 50%.
- Se a proba se realizara de forma presencial, seguiría supoñendo o 60% da nota.
- En calquera caso, han de entregarse todas as tarefas fixadas en tempo e forma fixadas pola profesora e ter todas aprobadas cun 5 mínimo.

O cálculo da nota final, en todos os casos, obterase mediante a media aritmética de todas as avaliacións, nas que terán que acadar como mínimo un 5.

## **6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas**

### **6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación**

No caso de que o/a alumno/a non acade unha cualificación positiva nas avaliacións parciais realizará as actividades de recuperación que establecerá o/a profesor/a de forma individualizada atendendo aos déficits do alumno/a e coa finalidade de acadar os obxectivos do módulo. As actividades do plan de recuperación poderán consistir na elaboración de actividades e traballos semellantes aos propostos durante o trimestre e/ou a realización dunha proba escrita.

As alumnas/alumnos deben alcanzar unha cualificación positiva -nota igual ou maior dun 5- en cada avaliación parcial para superar este módulo formativo. O alumnado que non supere as diferentes avaliacións, realizará actividades de recuperación antes de que rematen as mesmas. O deseño destas actividades responderá a un plan de avaliación individualizada para cada caso, incluíndo unha proposta de actividades semellantes ás realizadas durante a avaliación e/ou a realización dunha proba escrita.

O plan de recuperación de cada avaliación responderá a ese principio, xa mencionado, de individualización e terá en todo caso como referencia os resultados de aprendizaxe e os contidos das correspondentes UD que o alumno/a non tivera superado.

Se estas medidas deseñadas para cada alumno/a no plan de recuperación non resultasen suficientes, terán en xuño unha convocatoria de proba.

## 6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

O número de faltas de asistencia non poderá superar o 10% da duración (2128 sesións) do módulo formativo, e dicir, o número máximo de faltas de asistencia non xustificadas será de 13 sesións.

Se o alumnado, por tanto, supera este número indicado de faltas de asistencia perderá o dereito á avaliación continua, comunicándosele a través da titora do grupo de xeito formal. O alumno/a que perda o dereito á avaliación continua non terá dereito a ser examinado por avaliacións parciais e polo tanto será avaliado na Convocatoria extraordinaria de Xuño nun único exame; Non obstante o alumno/a poderá seguir asistindo a clase con carácter presencial.

O sistema extraordinario de avaliación para o alumnado que teña perda do dereito á avaliación continua consistirá:

- Actividades prácticas e/ou similares ás realizadas ao longo do curso na aula, que o alumno presentará en tempo e forma (a criterio da profesora).
- Nunha proba teórico-práctica onde se recollerán os contidos abordados no módulo.
- A proba teórica pode incluír cuestións de diferente tipo: de elección, de resposta curta e/ou de desenvolvemento, etc.
- A proba práctica será plantexada a partir dun ou varios supostos prácticos sobre os que se plantexarán varias cuestións relacionadas cos contidos do módulo.
- Traballos: Entregaranse unicamente o día estipulado pola profesora e no soporte requerido. A non entrega en data e/ou soporte suporá a non valoración do mesmo para a avaliación.

Para aprobar o módulo é condición imprescindible obter como mínimo un 5 tanto nas actividades desenvolvidas e/ou presentadas como na proba teórico-práctica, non existindo a posibilidade de facer media entre as probas.

## 7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

A orde de avaliación no seu artigo 23.5 sinala que cada departamento de familia profesional realizará o seguimento das programacións de cada módulo, indicando o grado de cumprimento e xustificación razoada no caso de desviacións. Ademais a programación revisarase ao inicio do curso e entregarase unha memoria ó final do mesmo.

O procedemento fundamental para levar a cabo o seguimento da programación e a avaliación da práctica docente será a autoavaliación da práctica educativa. A avaliación corresponde, en primeiro lugar, ao/á profesor/a, que se enfrontará a todas as súas tarefas e funcións cunha actitude crítica permanente. De igual xeito, no equipo docente do ciclo formativo e no departamento didáctico, en actitude recíproca de participación colectiva, intercambiaranse puntos de vista, analizarase, deliberarase e chegarase a acordos que enriquezan mutuamente a práctica docente. Este procedemento pode estar complementado coas estimacións que o alumnado realice. O/A profesor/a provocará e favorecerá a avaliación desde o alumnado medindo desde eles o acerto das súas intervencións.

Os aspectos da programación que se someterán a seguimento son:

- Os obxectivos: A concreción dos mesmos e a adecuación aos resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación da programación do módulo e do currículo do mesmo.
- Os contidos de aprendizaxe: A adecuada selección e secuenciación dos mesmos ao longo das unidades didácticas.
- As actividades docentes: Prestando especial atención á coherencia das actividades propostas coa liña metodolóxica que se considera máis

adecuada para cada aprendizaxe e ao deseño e aplicación dunhas actividades diversificadas para favorecer os distintos ritmos de aprendizaxe.

- O clima e as relacións na aula: Valorando as interaccións que se producen no grupo, as situacións en que esas interaccións perturban o clima da aula e os procesos de aprendizaxe, a autonomía do alumnado, a adecuación da organización espacial e dos agrupamentos ás características do grupo e do traballo que se realiza.

- Os medios e recursos: uso e rentabilidade que se consegue.

- O sistema de avaliación que se aplica para valorar ao alumnado, así como o propio sistema de avaliación da práctica docente

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Segundo o establecido no artigo 28 da ORDE do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial: ao comezo das actividades do curso académico, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de cada alumna, así como as súas capacidades. Así mesmo, deberá servir para orientar e situar o alumnado en relación co perfil profesional correspondente.

Nesta sesión, o profesor ou a profesora que se encarguen da titoría darán a información dispoñible sobre as características xerais do grupo ou sobre as circunstancias especificamente académicas ou persoais, con incidencia educativa, de cantos alumnos e alumnas o compoñan.

Esta información poderá proceder, entre outras:

- Dos informes individualizados de avaliación da etapa anteriormente cursada, de ser o caso.
- Dos estudos académicos ou das ensinanzas de formación profesional inicial ou para o emprego previamente realizados.
- Do alumnado matriculado sen titulación académica de acceso.
- Dos informes ou ditames específicos do alumnado con discapacidade ou con necesidades educativas especiais que poida haber no grupo.
- Da experiencia profesional previa.
- Da matrícula condicional do alumnado estranxeiro.
- Da observación do alumnado e as actividades realizadas nas primeiras semanas do curso.

Se a avaliación inicial do alumnado indica que no grupo hai alumnado con necesidades específicas de apoio educativo adaptaranse aqueles aspectos do proceso de ensinanza-aprendizaxe susceptibles de modificación (metodoloxía, recursos, espazos, tempo, modalidade de avaliación) que permitan ao alumnado a adquisición dos resultados de aprendizaxe do módulo, requisito imprescindible para a superación do mesmo.

O tratado na sesión de avaliación inicial e os acordos que adopte o equipo docente nela recolleranse nunha acta, da cal se entregará copia na xefatura de estudos, incluíndo especialmente aqueles que teñan que ver con aspectos de flexibilización na duración das ensinanzas, segundo se desenvolve no artigo 16 desta orde. Esta avaliación inicial en ningún caso comportará cualificación para o alumnado.

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

O reforzo educativo é unha medida ordinaria de atención á diversidade que afecta a elementos non prescriptivos do currículo, tratándose, polo tanto, de medidas educativas referidas á metodoloxía.

Na programación podemos referirnos a certos criterios moi globais que precisarían, de ser necesario, de concreción e desenvolvemento individualizado tras a detección das dificultades do alumnos/as; podendo solicitar asesoramento do Departamento de Información e Orientación e procurando acordos nos equipos de ciclo. Entre eses criterios, resaltamos:

- Favorecer ó acceso á información a través de soportes e medios de distinto tipo.
- Propoñer actividades alternativas con distinto grado de dificultade para abordar aqueles contidos que sexan de dificultade para o alumno/a.
- Promover a aprendizaxe cooperativa e a axuda entre iguais, facilitando a constitución de grupos heteroxéneos que perseguen un mesmo obxectivo desde a premisa de que para conseguilo é imprescindible a participación de todas as persoas do grupo.
- Flexibilizar tempos.
- Buscar materiais alternativos acordes coas necesidades do alumno/a.

En calquera caso, as medidas deberán de ser individualizadas e, polo tanto, adaptadas ás necesidades concretas de cada caso, polo que despois da avaliación inicial ou en calquera momento do curso no que se detecte unha dificultade se porán en marcha os preceptivos mecanismos de reforzo, ou de ser o caso, solicitarase a axuda do equipo educativo e do departamento de información e orientación por se fose necesario dar un paso máis na concreción das medidas.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

Fundamentalmente vincularemos a educación en valores ós contidos actitudinais do módulo, que veñen a explicitar actitudes de respecto e valoración ós usuarios, destinatarios ao fin da súa posible intervención laboral-profesional así como de fomento do traballo cos compañeiros/as, procurando un respecto pola contribución de cada membro da clase.

Podemos destacar tamén o papel da Metodoloxía na educación en valores, procurando que propicie un entendemento e axuda mutua, a través da interacción didáctica e facilite unha aprendizaxe significativa, como proceso motivador cara á reflexión e vivencia dos contidos actitudinais.

Tamén partiremos dunha concepción da educación en valores vinculada a dinámicas de traballo na aula que fomenten e procuren:

- O diálogo, como recurso para o consenso nos traballos, e nos posibles conflitos que podan xurdir nas relacións.
- O respecto ás aportacións e estilos dos/as compañeiros/as a través da escoita activa, da espera solicitada nas intervencións e da argumentación fundamentada nos debates.

Dende o centro traballamos nunha explicitación en grupo de normas sobre o coidado do espazo e dos materiais na aula, procurando especialmente orden, limpeza, non alteración dos materiais. Pola sensibilidade do seu uso, merece destacar o coidado do material informático, usando segundo uns protocolos acordados: encendido e apagado de ordenadores, non modificación de fondos de pantalla, arquivos almacenados e programas informáticos, uso economizador das impresións, como algúns aspectos a destacar. A procura dun aforro enerxético, a través fundamentalmente do apagado de luces na aula en momentos de recreo e ó final das sesións lectivas diarias, impresión limitada a certos traballos que o requiran (fomentando a entrega a través da Aula virtual) e optando se é posible por material reciclado nos obradoiros.

Dinámicas responsables de traballo: prazos razoables de entrega de actividades e traballos (que salvo certas excepcións non se ampliarán), respectando a vía de entrega indicada e instrucións básicas detalladas, seguindo unha equidade e diálogo nos traballos en equipo.



Tendo en conta o que acabamos de mencionar e tendo en conta a Familia profesional na que se encadran estes estudos, desde o módulo de FOL non se fará unha programación específica da educación en valores por considerala unha parte esencial da formación dos/as futuros técnicos de xeito que se tratará dun modo integral ao longo de todo o proceso de ensino aprendizaxe, promovendo que o alumnado sexa capaz de actuar con criterio propio, contribuíndo á paz e á democracia e mantendo actitudes constructivas, solidarias e responsables ante os dereitos e obrigas cidadáns.

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Ao longo do curso promoveranse diferentes actividades complementarias e extraescolares tendentes a unha adecuada consecución dos resultados de aprendizaxe previstos no currículo, na seguinte liña de actuación:

- Charlas sobre a realidade dos centros e diferentes aspectos relacionadas coa dinámica de traballo e actividades que se realizan nos mesmos, a cargo de profesionais en exercicio.
- Charlas de profesionais que desenvolven o seu labor no ámbito dos servizos sociais de atención a persoas en situación de dependencia.
- Visitas a centros de dependentes da zona e/ou outros concellos.
- Levarase tamén a cabo a organización de actos conmemorativos de datas significativas ou tradicionais: Magosto, Entroido, Samaín e outras especialmente significativas para o noso ciclo como o Día da Discapacidade ou o Día do Alzheimer.
- En todo caso, as actividades serán programadas desde o departamento.

## 10. Outros apartados

### 10.1) Funcionamento: traballos, exames e datas

Exames presenciais: Os exames realizaranse no día e hora estipulados pola profesora. Unicamente se repetirán os exames fóra da data prevista, no caso de falecemento de parentes de 1º grao ou hospitalización do alumnado, coa entrega do debido xustificante. Non é motivo de cambio de exame as consultas médicas ou partes das mesmas por indisposición temporal do alumnado. Neste caso o alumnado poderá asistir ao exame de recuperación. Calquera outro caso será analizado pola profesora.

Os exames de recuperación poderán realizarse antes ou despois de ter entregado as notas de avaliación trimestral, segundo o criterio da profesora.

No caso de que o alumnado sexa sorprendido copiando nun exame, por calquera medio, automaticamente será sancionado e a recuperación da materia realizarase única e exclusivamente no mes de xuño.

A revisión de exames será o día e hora estipulados.

Os traballos: entregaranse unicamente o día estipulado pola profesora e no soporte requerido. A non entrega en data e/ou soporte suporá a non valoración do mesmo para a avaliación.

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
27012048	Xograr Afonso Gómez de Sarria	Sarria	2023/2024

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SSC	Servizos socioculturais e á comunidade	CMSSC01	Atención a persoas en situación de dependencia	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0217	Atención hixiénica	2023/2024	5	87	104

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	EVA MARÍA LÓPEZ VÁZQUEZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

As medidas establecidas na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, así como o aumento de persoas da terceira idade, fai previsible unha alta inserción laboral e unha tendencia de crecemento estable. A diminución de cuidadores informais no ámbito familiar derivada da situación socioeconómica e laboral das familias fai que sexa necesario unha maior empregabilidade das persoas con esta titulación.

O forte crecemento dos servizos de atención diurna que se observa vai requirir profesionais con maior competencia e versatilidade na realización de actividades.

A asistencia para a autonomía persoal, que aparece como sector emerxente, esixe profesionais con competencias relacionadas coa función de acompañamento.

A progresiva implantación das novas tecnoloxías fai necesaria unha actualización permanente neste campo, para adaptarse aos cambios que se vaian introducindo nas institucións e no propio domicilio.

O perfil profesional do título de técnico en atención a persoas en situación de dependencia determínase pola súa competencia xeral, polas súas competencias profesionais, persoais e sociais, así como pola relación de cualificacións e, de ser o caso, unidades de competencia do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais incluídas no título.

A competencia xeral deste título consiste en atender as persoas en situación de dependencia no ámbito domiciliario e institucional, co fin de manter e mellorar a súa calidade de vida, realizando actividades asistenciais e non asistenciais, psicosociais e de apoio á xestión doméstica, aplicando medidas e normas de prevención e seguridade, e derivándoas a outros servizos en caso necesario.

O módulo profesional de Atención Sanitaria contén a formación necesaria para desempeñar a función de:

\* Intervención e execución da atención física sanitaria das persoas en situación de dependencia que abrangue aspectos como:

- Recollida de información.
- Organización da actuación.
- Establecemento de axudas técnicas.
- Desenvolvemento da actuación.
- Aplicación de estratexias de intervención.
- Control, seguimento e avaliación das actividades.
- Elaboración e formalización da documentación asociada.
- Información e orientación ás persoas usuarias e outras persoas

\* Prevención e seguridade que abrangue aspecto como:

- Xeración de ámbitos seguros.
- Utilización de equipamentos de protección individual.
- Aplicación da normativa de seguridade e prevención.

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo versarán sobre:

- \_ Aplicación de procedementos e técnicas de atención hixiénica en situacións e contextos diversos.
- \_ Adopción de medidas de seguridade e prevención en relación á persoa usuaria e ao persoal profesional.
- \_ Mantemento de actitudes de empatía e comprensión ante os problemas e as dificultades da persoa en situación de dependencia.
- \_ Traballo en equipo e colaboración como estratexias para mellorar a atención á persoa usuaria.
- \_ Comunicación clara e precisa da información, atendendo ás características das persoas interlocutoras no proceso da atención hixiénica.
- \_ Uso de tecnoloxías da información e da comunicación para o control e o seguimento da intervención e da evolución da persoa.

Os contidos e actividades de ensino-aprendizaxe van encamiñados a que o alumnado obteña as competencias que lle acrediten a desenvolver a



súa actividade profesional no sector de servizos ás persoas, de carácter asistencial, psicosocial e de apoio á xestión doméstica. De maneira específica, as ocupacións e os postos de traballo máis salientables que poderán desenvolver, son os seguintes:

- Coidador/a de persoas en situación de dependencia en institucións e/ou domicilios.
- Coidador/a en centros de atención psiquiátrica.
- Xerocultor/a.
- Gobernante/a e subgobernante/a de persoas en situación de dependencia en institucións.
- Auxiliar responsable de planta de residencias de maiores e persoas con discapacidade.
- Auxiliar de axuda a domicilio.
- Asistente de atención domiciliaria.
- Traballador/a familiar.
- Auxiliar de educación especial.
- Asistente persoal.
- Teleoperador/a de teleasistencia.

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Atención hixiénica na unidade do paciente.	Descrición da unidade do paciente e dos elementos que a componen así como das medidas hixiénico sanitarias para evitar a propagación dos microorganismos.	24	25
2	A pel e os seus cuidados. Prevención de UPP. Hixiene e aseo das persoas en situación de dependencia	Características principais da pel e da hixiene para que a pel non se lesione e poda seguir mantendo a súa función de protección. Técnicas de aseo	30	25
3	Prevención e control de infeccións. Limpeza, desinfección e esterilización.	Prevención e control de doenzas trasmisibles. Descrición dos métodos e técnicas de limpeza, desinfección e esterilización de materiais e equipos	30	25
4	Recollida de mostras biolóxicas e eliminacións. Residuos sanitarios.	Descrición das distintas técnicas de recollidas de mostras e protocolos a seguir. Clasificación dos refugallos sanitarios ea súa xestión.	20	25

#### 4. Por cada unidade didáctica

##### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Atención hixiénica na unidade do paciente.	24

##### 4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Organiza as actividades de hixiene das persoas en situación de dependencia e o seu contorno, en relación coas súas características e coas súas necesidades.	SI
RA3 - Aplica técnicas de hixiene do contorno, logo de seleccionar os procedementos e os materiais con criterios de eficacia, prevención e seguridade.	NO
RA4 - Realiza o control e o seguimento das actividades de atención hixiénica, para o que analiza os protocolos de observación e rexistro establecidos.	SI

##### 4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Interpretouse o plan de coidados individualizado da persoa en situación de dependencia.
CA1.2 Identificáronse as atencións hixiénicas requiridas por unha persoa, tendo en conta o seu estado de saúde e o seu nivel de dependencia.
CA1.3 Relacionáronse as circunstancias da persoa en situación de dependencia coas dificultades que implican na súa vida cotiá.
CA1.4 Identificáronse as características do contorno que favorecen ou dificultan a autonomía da persoa e o seu estado de hixiene persoal.
CA1.5 Comprobouse que as condicións ambientais sexan as adecuadas para atender as necesidades específicas da persoa.
CA1.6 Argumentouse a necesidade de coñecer as posibilidades de autonomía e participación da persoa nas actividades hixiénico-sanitarias e de mantemento das súas capacidades físicas.
CA1.7 Seleccionáronse os recursos necesarios indicados no plan de coidados individualizado ou no plan de vida independente.
CA1.8 Propuxéronse axudas técnicas adecuadas para facilitar a autonomía da persoa na satisfacción das súas necesidades de hixiene.
CA3.1 Descríbense as condicións hixiénico-sanitarias e de orde da habitación da persoa usuaria.
CA3.2 Aplicáronse diversas técnicas de realización e limpeza da cama da persoa usuaria, adaptadas ao seu estado e ás súas condicións para favorecer a súa comodidade e o seu confort.
CA3.7 Informouse a persoa usuaria, a familia e as persoas coidadoras informais con respecto ás condicións hixiénicas que debe cumprir o contorno.
CA4.1 Identificáronse as características que deben reunir os protocolos de observación, control e seguimento do estado de hixiene persoal das persoas usuarias e do seu contorno.
CA4.2 Recolleuse información sobre as actividades relativas á hixiene da persoa usuaria e do seu contorno, e ás continxencias xurdidas.
CA4.3 Cubríronse protocolos manuais e informatizados de observación, seguindo as pautas establecidas en cada caso.
CA4.4 Obtívose información da persoa ou das persoas ao seu cargo mediante diferentes instrumentos.
CA4.5 Aplicáronse as técnicas e os instrumentos de observación previstos para realizar o seguimento da evolución da persoa, e rexistráronse os datos obtidos segundo o procedemento establecido.
CA4.6 Transmítiuse a información polos procedementos establecidos e no momento oportuno.
CA4.7 Argumentouse a importancia do control e do seguimento da atención hixiénica da persoa usuaria para mellorar o seu benestar.

**4.1.e) Contidos**

Contidos
Hixiene persoal e ambiental.
Identificación dos principais signos de falta de hixiene persoal e ambiental.
Toma de conciencia sobre a importancia de favorecer as posibilidades de autonomía da persoa en situación de dependencia nas actividades de aseo e hixiene.
Papel do persoal técnico en atención a persoas en situación de dependencia.
Tipos de camas, accesorios e lenzaría.
Realización de camas ocupadas e desocupadas.
Habitación da persoa institucionalizada: condicións ambientais.
Valoración das condicións hixiénico-sanitarias do contorno da persoa en situación de dependencia.
Aplicación de técnicas e instrumentos de obtención de información sobre a hixiene das persoas en situación de dependencia e o seu contorno: Protocolos de observación e rexistro.
Obtención de información das persoas usuarias e das persoas cuidadoras non pr
Aplicación de técnicas e instrumentos para o seguimento das actividades de atención hixiénica.
Transmisión da información recollida ao equipo interdisciplinar.
Valoración da importancia da precisión e a obxectividade no rexistro dos datos.

**4.2.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
2	A pel e os seus coidados. Prevención de UPP. Hixiene e aseo das persoas en situación de dependencia	30

**4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Organiza as actividades de hixiene das persoas en situación de dependencia e o seu contorno, en relación coas súas características e coas súas necesidades.	NO
RA2 - Aplica técnicas de hixiene e aseo persoal, para o que analiza as necesidades e as condicións da persoa en situación de dependencia e o seu contorno.	NO
RA4 - Realiza o control e o seguimento das actividades de atención hixiénica, para o que analiza os protocolos de observación e rexistro establecidos.	NO

**4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.2 Identifícaronse as atencións hixiénicas requiridas por unha persoa, tendo en conta o seu estado de saúde e o seu nivel de dependencia.
CA1.3 Relacionáronse as circunstancias da persoa en situación de dependencia coas dificultades que implican na súa vida cotiá.
CA1.4 Identifícaronse as características do contorno que favorecen ou dificultan a autonomía da persoa e o seu estado de hixiene persoal.
CA1.6 Argumentouse a necesidade de coñecer as posibilidades de autonomía e participación da persoa nas actividades hixiénico-sanitarias e de mantemento das súas capacidades físicas.
CA1.8 Propuxéronse axudas técnicas adecuadas para facilitar a autonomía da persoa na satisfacción das súas necesidades de hixiene.
CA2.1 Explicáronse as principais medidas preventivas das úlceras por presión, así como os produtos sanitarios para a súa prevención e o seu tratamento.
CA2.2 Aplicáronse os procedementos de aseo e hixiene persoal, total ou parcial, en función do estado e das necesidades da persoa.
CA2.3 Realizáronse técnicas de vestidura e calzado, tendo en conta as necesidades e o nivel de autonomía da persoa.
CA2.4 Amosouse sensibilidade cara á necesidade de potenciar a autonomía da persoa.
CA2.6 Aplicáronse os procedementos básicos posmortem seguindo o protocolo establecido.
CA2.7 Adoptáronse medidas de prevención, seguridade e protección individual no transcurso das actividades de hixiene.
CA2.8 Informáronse as persoas en situación de dependencia e as persoas coidadoras non profesionais en relación aos hábitos hixiénicos saudables, sobre os produtos e os materiais necesarios, e sobre a súa correcta utilización.
CA4.1 Identifícaronse as características que deben reunir os protocolos de observación, control e seguimento do estado de hixiene persoal das persoas usuarias e do seu contorno.
CA4.2 Recolleuse información sobre as actividades relativas á hixiene da persoa usuaria e do seu contorno, e ás continxencias xurdidas.
CA4.3 Cubríronse protocolos manuais e informatizados de observación, seguindo as pautas establecidas en cada caso.
CA4.6 Transmítiuse a información polos procedementos establecidos e no momento oportuno.

**4.2.e) Contidos**

Contidos
Hixiene persoal e ambiental.



**Contidos**

Identificación dos principais signos de falta de hixiene persoal e ambiental.

Determinación dos recursos para o aseo e a hixiene.

Toma de conciencia sobre a importancia de favorecer as posibilidades de autonomía da persoa en situación de dependencia nas actividades de aseo e hixiene.

Papel do persoal técnico en atención a persoas en situación de dependencia.

Principios anatomofisiolóxicos da pel e fundamentos de hixiene corporal.

Aplicación de técnicas de aseo e hixiene corporal.

Aplicación das técnicas de hixiene a persoas encamadas.

Prevenición e tratamento de úlceras por presión.

Utilización de axudas técnicas para a hixiene e o aseo.

Coidados posmortem: finalidade; preparación do cadáver.

Valoración da necesidade de hixiene na atención integral da persoa en situación de dependencia.

Carros de curas.

Aplicación de técnicas e instrumentos de obtención de información sobre a hixiene das persoas en situación de dependencia e o seu contorno: Protocolos de observación e rexistro.

Obtención de información das persoas usuarias e das persoas coidadoras non pr

Aplicación de técnicas e instrumentos para o seguimento das actividades de atención hixiénica.

Utilización de rexistros manuais e informatizados: rexistro do estado das axudas técnicas para a hixiene persoal, e rexistro de incidencias.

Transmisión da información recollida ao equipo interdisciplinar.

Valoración da importancia da precisión e a obxectividade no rexistro dos datos.

**4.3.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
3	Prevenición e control de infeccións. Limpeza, desinfección e esterilización.	30

**4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Aplica técnicas de hixiene do contorno, logo de seleccionar os procedementos e os materiais con criterios de eficacia, prevención e seguridade.	NO
RA4 - Realiza o control e o seguimento das actividades de atención hixiénica, para o que analiza os protocolos de observación e rexistro establecidos.	NO

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA3.3 Descríbense as medidas xerais de prevención das doenzas transmisibles.
CA3.4 Descríbense os principios das técnicas de illamento en función do estado da persoa.
CA3.5 Aplícanse os métodos e as técnicas de limpeza, desinfección e esterilización de materiais de uso común, respectando os controis de calidade deses procesos e a normativa no tratamento de residuos.
CA3.6 Adoptáronse medidas de prevención, de seguridade e de protección individual no transcurso das actividades de hixiene.
CA3.8 Informouse a persoa usuaria e as persoas coidadoras non profesionais con respecto á utilización dos produtos e dos materiais necesarios para a hixiene do contorno.
CA4.3 Cubríronse protocolos manuais e informatizados de observación, seguindo as pautas establecidas en cada caso.
CA4.6 Transmítiuse a información polos procedementos establecidos e no momento oportuno.

**4.3.e) Contidos**

Contidos
0Limpeza e desinfección de material e utensilios.  Principios básicos de desinfección.  Identificación dos principios básicos aplicables á limpeza do material sanitario: procedementos de limpeza.  Identificación de principios básicos de esterilización de material: métodos físicos e químicos.  Preparación de disolucións e dilucións.  Aplicación de métodos de esterilización.  Importancia da eficiencia na aplicación dos métodos de esterilización.  Prevenición e control de infeccións. Procedementos de illamento e prevención de doenzas transmisibles: Etioloxía das doenzas nosocomiais. Doenzas susceptibles de illamento.  Aplicación de técnicas de lavado de mans.  Aplicación de técnicas de colocación de gorro, máscara, luvas estériles e batas estériles.  Aplicación de técnicas e instrumentos para o seguimento das actividades de atención hixiénica.  Transmisión da información recollida ao equipo interdisciplinar.



Contidos
Valoración da importancia da precisión e a obxectividade no rexistro dos datos.

**4.4.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
4	Recollida de mostras biolóxicas e eliminacións. Residuos sanitarios.	20

**4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Aplica técnicas de hixiene e aseo persoal, para o que analiza as necesidades e as condicións da persoa en situación de dependencia e o seu contorno.	NO
RA3 - Aplica técnicas de hixiene do contorno, logo de seleccionar os procedementos e os materiais con criterios de eficacia, prevención e seguridade.	NO
RA4 - Realiza o control e o seguimento das actividades de atención hixiénica, para o que analiza os protocolos de observación e rexistro establecidos.	NO

**4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.5 Descríbense as técnicas de recollida de mostras e eliminacións, tendo en conta as características da persoa en situación de dependencia.
CA3.5 Aplicáronse os métodos e as técnicas de limpeza, desinfección e esterilización de materiais de uso común, respectando os controis de calidade deses procesos e a normativa no tratamento de residuos.
CA4.3 Cubríronse protocolos manuais e informatizados de observación, seguindo as pautas establecidas en cada caso.
CA4.6 Transmítiuse a información polos procedementos establecidos e no momento oportuno.

**4.4.e) Contidos**

Contidos
Técnicas de recollida de eliminacións: colectores de ouriños (cña e botella).
Coidados do paciente incontinente e colostomizado.
Medios e técnicas para a recollida e o transporte de mostras biolóxicas.
Clasificación e xestión de residuos biolóxicos: precaucións universais.
Aplicación de técnicas e instrumentos para o seguimento das actividades de atención hixiénica.
Transmisión da información recollida ao equipo interdisciplinar.
Valoración da importancia da precisión e a obxectividade no rexistro dos datos.

## 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

### MÍNIMOS ESIXIBLES

Serán mínimos esixibles todos os criterios de avaliación indicados como tal para cada Unidade Didáctica nesta programación. Trátase dunha avaliación continua polo tanto, requírese da asistencia regular do alumno.

Será necesario ter un cinco (5) en cada un dos instrumentos (PE, TO, LC) para realizar a media ponderada da unidade.

### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

O control do alumnado será diario. En cada unidade se menciona o tipo de instrumento co que se vai a avaliar e o seu peso. Os resultados de cada alumno/a quedarán reflectidos nunha táboa de excell. Os instrumentos a empregar serán:

A/ Na avaliación de conceptos usarase a Proba escrita (PE)

Cada pregunta aparecerá co seu peso e co criterio de avaliación.

Non se contempla a proba oral (PO). Excepcionalmente, no caso de ter que realizala, avaliarase do mesmo xeito que as escritas.

B/ Procedementos que debe manexar, empregarase:

Táboa de observación (TOp) con rúbrica específica para cada UD.

Lista de cotexos (LCp) que seguirá unha rúbrica determinada para o caderno de prácticas.

C/ Actitudes avaliadas mediante o uso dunha Táboa de observación (TOa). Divídense en dous grandes bloques:

C.1. Relacionados coa vestimenta e actitude fronte o traballo:

Trae o material necesario para traballar no laboratorio (lápiz, calculadora, goma, cuaderno de prácticas)

Trae o pelo correctamente recollido e apartado da cara.

Realiza unha hixiene correcta de mans.

Trae bata e emprega guantes cando é necesario.

Traballa en silencio e concentrado/a mentras realiza os diferentes protocolos.

Detecta posibles riscos e sabe como previlos.

Nos traballos cooperativos, realiza os protocolos de xeito metódico e coordinado co compañeiro/a.

C.2. Relacionadas cos criterios de avaliación establecidos por lei relacionados co correcto desenvolvemento do traballo a realizar:

CA2.4. Amosouse sensibilidade cara á necesidade de potenciar a autonomía da persoa.

CA2.7. Adoptáronse medidas de prevención, seguridade e protección individual no transcurso das actividades de hixiene.

hixiene.

CA4.7. Argumentouse a importancia do control e do seguimento da atención hixiénica da persoa usuaria para mellorar o

seu benestar.

D/ A avaliación das competencias clave seguirá unha rúbrica (R) que se usará nos cadernos, boletíns, cuestionarios probas ou traballos (LCt) que se pidan.

Aquela UD que posúa actividades de debate ou traballo de exposición oral, presentará coavaliación. Corresponderalle o 75% da nota ao docente e o 25% restante aos compañeiros/as de aula (tendo en conta os indicadores da rúbrica correspondente: emprego de linguaxe adecuado, demostra dominio do tema ó explicar con propiedade o contido, claridade da exposición, emprego de recursos que sirve de apoio, respostas dadas as dúbidas que xurdan).

#### CUALIFICACIÓN CUANTITATIVA.

Cada UD ten o seu peso, o peso de cada CA e o número e tipo de probas a realizar. Teranse en conta as seguintes consideracións:

1º Todos os instrumentos empregados avaliaranse de 0 a 10 e os criterios de avaliación usados divídense en:

2º Criterios de avaliación relacionados con conceptos. Serán avaliados tendo en conta o seu peso na UD con probas escritas ou de ser necesario proba oral. Para a avaliación das tarefas/ traballos usaranse listas de cotexo.

As probas escritas terán de dúas partes:

PARTE A: - Cuestionario de resposta múltiple con só unha correcta (dúas respostas incorrectas restarán unha correcta e as respostas en branco non se valorarán).

PARTE B: - Preguntas curtas, textos, gráficos, problemas, imaxes, táboas ou mapas conceptuais.

Cada pregunta levará o CA que se avalía e o seu peso dentro da proba.

De coller copiando a un alumno/a; a proba de todo o alumnado implicado, cualificarase cun 1 quedando suspensa esa avaliación. Se ocorrese na recuperación suspenderase o módulo en convocatoria ordinaria.

De non acudir á proba, só se lle repetirá ao alumnado que presente o día que se incorpora ao centro, xustificación médica ou de deber inexcusable (médico de enfermidade, médico especialista e probas de especialistas pertencentes o rexime de Seguridade Social, xuízos e defuncións). A proba realizarase na primeira clase que teña logo de se incorporar.

3º Criterios de avaliación relacionados con protocolos (procedementos) a manexar e que seguirán un protocolo normalizado de traballo (PNT).

Avaliaranse según o seu peso con táboas de observación.

De non acudir ese día, só se repetirá ao alumnado que presente o mesmo día que se incorpora, xustificación médica ou de deber inexcusable. A proba farase na data establecida para a recuperación desa UD.

O alumnado disporá das fichas-guía/ modelos normalizados, na aula virtual que serán de obrigada cumprimentación e deberanse entregar nas datas indicadas polo docente. Non se obterá avaliación positiva se non se entregan.

As probas realizadas ensinaranse ao alumnado corrixidas e cualificadas e quedarán arquivadas en poder do docente.

Estes dous bloques (conceptos e procedementos) representarán o 80% da nota (40% cada un deles). As actitudes avaliadas, representarán un 10% e o 10% restante resérvase para traballos/ tarefas realizadas con data límite de presentación. De non entregalas en data avaliaranse cun 0.

A nota redondearase cara arriba a partir de fraccións superiores a 0,5.

As faltas de ortografía serán penalizadas en todos os apartados: baixarase 0,1 puntos por falta de ortografía e 0,01 puntos por tilde ata un máximo

2 puntos.

O CRITERIO DE CORRECCIÓN empregado será: MB (apartado perfecto) representa o 100% do total da nota dese apartado; B representa o 90% do total da nota dese apartado; R+ representa o 75% do total da nota da nota dese apartado, R (faltan a metade dos contidos) representa o 50% do total da nota do apartado, R- (faltan a maioría dos contidos) representa o 25% do total da nota do apartado; Mal (en branco ou incorrecto) representa o 0% do total da nota do apartado.

#### CUALIFICACIÓN CUALITATIVA.

Na corrección tentarase avaliar as competencias claves; polo tanto, valorarase tamén:

Boa expresión tanto oral como escrita.

Orde, presentación, limpeza, claridade nos razoamentos e precisión nos cálculos (terase en conta non só o resultado, senón tamén a coherencia da formulación).

Probas escritas co nome, a bolígrafo azul ou negro. Non se permite o uso do lapis.

Preguntas razoadas e xustificadas. Nos tests, a simple elección, aínda que sexa a correcta non suporá puntuación se se solicita que esté debidamente xustificada.

No caso dos traballos de grupo, valorarase ademais a dinámica de traballo, é dicir, valorarase se as tarefas se distribuíron equitativamente e tendo en conta as posibilidades e limitacións de cada membro do grupo, se se fixo unha posta en común para que o traballo resulte algo coherente e se se resolveron os problemas que puideran xurdir así como, a habilidade para buscar fontes bibliográficas que amplíen a información do documento e o emprego de cifras e táboas estatísticas que fundamenten os datos.

As tarefas poderán presentarse en distintos soportes: papel, dixital ou mural. Valorarase: orixinalidade, curiosidade e a expresión e claridade nos conceptos.

Durante o curso realizaranse as avaliacións establecidas na PXA. A nota de cada avaliación será a nota ponderada dos pesos que representan os criterios de avaliación desa avaliación e sairá da suma ponderada dos resultados obtidos en cada unidade didáctica. A nota da avaliación final obterase dacordo coa seguinte fórmula:

$$(UD1\ 25\%) + (UD2\ 25\%) + (UD3\ 25\%) + (UD4\ 25\%).$$

Considerarase o módulo superado cunha nota igual ou superior a 5. Unha nota inferior a 5 obrigará ao alumnado a presentarse á recuperación.

O alumnado está obrigado a presentarse nas datas establecidas polo docente ás probas consideradas avaliáveis. Se o alumno/a non pode asistir a clase nesa data deberá xustificalo documentalmentemente e realizará dita proba o mesmo día que se incorpore de novo ás clases. De non poder xustificar dita falta, realizará a proba na data que se estableza para a súa recuperación.

Os/as alumnos/as que superasen o módulo e que a final de curso desexen subir nota, poderán facelo presentándose a unha proba final de TODA a materia do curso. Se o/a alumno/a decide presentarse por este sistema deberá ter en conta que NON se gardará a nota que acadara ata ese momento.

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Para o alumnado que non supere algunha das avaliacións establecerase un plan personalizado e programaranse tarefas de recuperación que van

a depender da parte que non teñan superada:

\_ As actitudes avaliadas serán avaliadas durante todo o curso e só dependerá do alumnado aprobala sempre e cando cambie as súas actitudes cara o traballo.

\_ Os contidos serán avaliados mediante actividades, traballos e probas escritas que deberá realizar o alumnado na data establecida.

\_ Os protocolos e técnicas de traballo que debe manexar voltarán a realizarse na aula taller e o alumnado suspenso deberá repetir os procedementos nos que falle. Según sexa o procedemento poderán ser avaliados mediante listas de cotexo e táboas de observación.

Acabada cada unha das avaliacións, reservaranse algunhas sesións para a recuperación daqueles criterios onde o/a alumno/a non acadase avaliación positiva e reservaráselle a nota daqueles que ten superados. Cada criterio avaliarase de 0 a 10. Para recuperar hai que ter correctamente a lo menos o 50% de cada criterio avaliado.

Se se suspende a recuperación, o/a alumno/a realizará unha proba final de toda a avaliación ou avaliacións correspondentes.

### **6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua**

Durante o curso, seguirase o establecido no protocolo de abandono escolar. Considerarase abandono se:

\_ Non trae o material necesario e/ ou non realiza as actividades ou traballos na clase, a pesar de ter actividades axeitadas ó seu nivel de competencia curricular.

\_ Entrega probas en branco de forma reiterada.

\_ Manifesta verbal e explicitamente o abandono do módulo.

\_ Hai presenza de absentismo escolar sen xustificación. Ao tratarse dun módulo presencial o número de faltas que implica a perda do dereito á avaliación continua (non xustificadas segundo os criterios fixados no RRI) será do 10% respecto da duración total do módulo (104 sesións) é dicir, o número máximo de faltas de asistencia non xustificadas será de 11 sesións cos efectos previstos na lexislación vixente.

Para os efectos de determinación da perda do dereito á avaliación continua, valoraranse as circunstancias persoais e laborais do alumno/a na xustificación desas faltas. A súa aceptación será acorde co establecido no regulamento de réxime interior do centro.

Aquel alumnado con perda do dereito á avaliación continua deberá realizar na data establecida polo centro unha proba extraordinaria composta de dúas partes: unha, que incluíra CA relacionadas con contidos e outra, relacionada cos procedementos e protocolos que conforman o módulo e que foron levados a cabo ao longo de todo curso. Para a súa realización contará dun tempo máximo de tres horas.

A nota da proba obterase tendo en conta os pesos de cada CA. Será preciso ter un 5 en cada unha das partes para superar o módulo.

A cualificación final do módulo procederá da media aritmética das dúas partes, non podendo realizar unha media entre ambas partes se non se supera cada parte da proba.

### **7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente**

O seguimento da programación realizarase na aplicación informática do servizo (<https://www.edu.xunta.es/programacions/>) no apartado adicada á mesma.



No caso de modificacións na programación, xustificárase debidamente e quedará reflectido na mesma aplicación.

Para o correcto seguimento da programación se realizarán reunións do equipo docente do ciclo formativo nas cales, en actitude recíproca de participación colectiva, intercambiaranse puntos de vista, analizarase, deliberarase e chegarase a acordos que enriquezan mutuamente a práctica docente. Este procedemento pode estar complementado coas estimacións que o alumnado realice.

Para comprobar a eficacia da programación, cubrirase para cada UD indicadores de logro.

A avaliación da práctica docente farase mediante unha enquisa de satisfacción.

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Co fin de determinar a existencia no grupo de alumnos/as con necesidade de apoio educativo, o equipo docente do ciclo de Atención a persoas en situación de dependencia realizará unha reunión inicial a principios de curso para intercambiar a información obtida nas correspondentes avaliacións iniciais así como a información que resulte do exame dos expedientes dos alumnos/as realizada polo titor ou titora do grupo segundo as indicacións da xefatura de estudos.

A avaliación inicial a que se lle adicarán 2 sesións, vai destinada a recoller información para coñecer as características e a formación previa de cada alumna/o, os coñecementos de partida, así como as súas capacidades para orientar según a individualidade e situar mellor en relación co perfil profesional correspondente.

Tentarase coñecer as características das alumnas/os que podan ser relevantes para a súa participación e aportación no desenvolvemento do módulo a través do modelo de cuestionario inicial que o/a titor/a de grupo pasa ao inicio do curso.

A avaliación inicial en ningún caso levará consigo cualificación para o alumnado.

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Na reunión inicial analizaranse os datos e levaranse a cabo as medidas pertinentes para adecuar as ensinanzas e adoptaranse decisións respecto ás medidas de reforzo educativo que se consideren oportunas prestando especial atención a:

- Procedencia do alumnado: doutras titulacións académicas; do medio laboral, da ESO, da FP básica ou mesmo do bacharelato.
- Idade e contexto sociocultural do/a alumno/a.
- Diferenzas individuais no ritmo de aprendizaxe e nas capacidades intelectuais.
- Dificultades de relación interpersoal, de atención, de mobilidade.
- Dificultades de lectura e no cálculo numérico (dislexia).
- Dificultades de comprensión, tanto oral como escrita.
- Problemas auditivos/ visuais.

Partirase da consideración da diversidade como feito enriquecedor e salvo casos excepcionais non se informará sobre os resultados nin ao alumno/a nin a súa familia.

Destacan como medidas xerais a tomar:

- Plantexamento de actividades con distintos grados de dificultade: de reforzo educativo ou ben de ampliación; para alumnado máis avantaxado, que remata antes as tarefas, agrupamentos de traballo compensados; mezclando heteroxéneamente os grupos para compensar e dar flexibilidade na elección de tarefas.
- Como docente favorecerase: a cercanía na acción educativa, as actividades prácticas e motivadoras, as clases participativas e flexibilidade nos tempos de resposta.

Cando a análise da marcha dun estudante determine dificultades para o seguimento dos contidos do módulo, darase un apoio educativo personalizado determinando aqueles contidos nos que ten máis dificultades e propoñendo traballos e actividades de reforzo que lle permitan acadar os criterios de avaliación.

No caso de que se detecten necesidades que excedan do simple reforzo, trasladarase ao departamento de Orientación a correspondente solicitude de informe psicopedagóxico. O equipo docente manterá reunións mensuais nas que se fará un seguimento de cada alumno/a e se adopten as medidas necesarias para a súa correcta atención.

Prestarase especial atención aos resultados da primeira avaliación e, de ser preciso, adoptaranse as medidas correctoras e de adaptación curricular non significativa que se consideren oportunas empregando, de ser necesario, os protocolos que ten a Consellería á disposición dos docentes.

Cando se trate de dificultades na aprendizaxe, as adaptacións que se propoñan irán dirixidas principalmente a corrixir deficiencias e permitir que o estudante acade os resultados da aprendizaxe correspondentes aos contidos que desenvolve o currículo do ciclo no decreto.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

No que se refire á formación profesional, ésta non ten únicamente un enfoque laboral; os contidos teñen que adaptarse á realidade cotiá e abarcar os tres eidos de formación: persoal, social e laboral.

É importante inculcarlles hábitos de boa actitude fronte ao traballo tanto teórico como práctico. Serán valores a promover a asertividade, a responsabilidade e a confidencialidade no traballo (segredo profesional).

Cómpre reforzar a concienciación do alumnado nunha serie de boas prácticas a realizar. Así, a formación teórico-práctica propia dos contidos do ciclo reforzaranse con contidos transversais entre os que cabe subliñar:

1.\_ Unha boa actitude, comportamento e respecto mutuo entre compañeiros/as e entre todo o colectivo escolar, inculcaráse o respecto cara calquera colectivo profesional/ laboral. Incidirase na súa importancia para o seu futuro profesional. Nas actividades das que consta esta programación propóranse tarefas para realizar en grupo e organizarse o traballo na clase de tal forma que o alumnado adquira hábitos de cooperación e traballo en equipo, colaboración e respecto cara o resto de integrantes do equipo respectando sempre as normas fixadas e valorando a igualdade de oportunidades entre ambos sexos.

- 2.\_ Reforzaranse os conceptos de hixiene e seguridade na aula inculcando normas básicas de hixiene durante o desenvolvemento do seu traballo, así como as precaucións necesarias na manipulación de determinados tipos de material. Deste xeito impulsarase a aprendizaxe de valores como a saúde laboral, responsabilidade no traballo e coñecer o algoritmo ante calqueira accidente laboral.
- 3.\_ Fomentarase a non discriminación por sexo, raza e/ou crenzas relixiosas e concienciarase sobre a igualdade de oportunidades de ambos os sexos rompendo o tópico da discriminación ou adxudicación de tarefas no traballo por razóns de sexo.
- 4.\_ Darase importancia á prevención de riscos laborais e á prevención de enfermidades infecciosas, así como á prevención en drogodependencia tabaquismo, alcoholismo e uso de drogas.
- 5.\_ Incidirase no respecto ao medio ambiente e na correcta xestión dos residuos. Impulsaranse hábitos de reciclaxe, de todo tipo de materiais de embalaxe e outros residuos xerados no traballo de rutina poñendo atención especial a algún tipo de residuo perigoso para o medio ambiente e o resto da poboación.
- 6.\_ O alumnado disporá ademáis do acceso a un aula virtual e un blog que favorecerá a aprendizaxe e o acceso aos materiais en calquera momento e lugar.
- 7.\_ Fomentarase o espírito emprendedor. Un dos eixes vertebradores da formación profesional é a incorporación do alumnado ao mundo laboral e o autoemprego; por tanto, ser emprendedor é unha alternativa laboral moi importante. Para levalo a cabo é preciso inculcar no alumnado o desexo de ser emprendedor, que o alumnado coñeza como nace unha idea de negocio e como se crea un plan de empresa. Por outra banda, non é suficiente con ser so emprendedor, o alumnado debe ser autodidacta, é dicir, capaz de realizar unha aprendizaxe autónoma. Para fomentar esa autoaprendizaxe introduciranse textos periodísticos e vídeos que buscarán que o alumnado sinta curiosidade por saber máis sobre o tema e o docente sexa só un mero vehículo para que o alumnado acade os seus obxectivos.

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Na primeira Reunión de Ciclo propoñéronse distintas actividades complementarias e extraescolares que se tentarán realizar ao longo do curso e que aparecerán na acta correspondente e se comunicarán á Dirección do Centro.

Ao longo do curso promoveranse diferentes actividades complementarias e extraescolares tendentes a unha adecuada consecución dos resultados de aprendizaxe previstos no currículo:

**ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS** (organizadas en horario escolar, con carácter diferenciado das lectivas en canto á organización e uso de tempos, espazos e recursos):

- Charlas sobre a realidade educativa das escolas e diferentes aspectos relacionadas coa dinámica de traballo e actividades que se realizan nas mesmas, a cargo de profesionais en exercicio.
- Charlas de profesionais que desenvolven o seu labor no ámbito dos servizos sociais de atención á dependentes.
- Organización de actos conmemorativos de datas significativas ou tradicionais: Día da discapacidade, día da saúde, Magosto, Entroido ...

**ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES** (realizadas fóra do horario lectivo, con carácter voluntario para o alumnado). Proporanse, sempre que sexa posible, visitas a centros/ institucións de dependentes da cidade e/ou doutros concellos; tanto do ámbito público coma do sector privado.

## 10. Outros apartados

### 10.1) INFORMACIÓN AO ALUMNADO

Na primeira sesión informarase dos aspectos relevantes da programación: secuencia temporal do módulo ao longo do curso, sistema de avaliación, material a usar e lugar onde se impartirán as clases.

Informarase da posibilidade de consultala en calquera momento por 2 vías:

En papel, o docente posuirá unha copia,

En arquivo electrónico na páxina web do centro e na aula virtual, dentro do propio módulo.

### 10.2) ATENCIÓN EDUCATIVA AO ALUMNADO POR CAUSAS SOBREVIDAS DURANTE O CURSO ESCOLAR

Ao inicio do curso o/a titor/a do ciclo fará unha enquisa para detectar posibles alumnos/as con problemática informática e adoptar solucións cos recursos do IES.

Aínda que determinadas tarefas/ actividades poidan ser enviadas polo alumnado a través da aula virtual, as clases serán presenciais na súa totalidade.

Se por causas especiais, debidamente xustificadas, non se poidesen impartir as clases de xeito presencial ou un alumno/a non poidese asistir por problemas de saúde, as clases desenvolveranse de xeito telemático a través da aula virtual do módulo, con actividades interactivas, presentacións e de ser necesario, videoconferencias.

Realizaranse sesións por videoconferencia empregando a plataforma Webex e combinarase coa aula virtual onde o alumnado terá acceso a tódolos documentos, vídeos... que faciliten o proceso ensinanza-aprendizaxe para que así o alumnado poida acadar os resultados de aprendizaxe do curriculum.

Os criterios de avaliación relacionados con procedementos e protocolos, serán avaliados cando se volva a incorporar os alumnos/as ás clases. De non ser posible a incorporación realizaranse as probas a través da aula virtual e manteranse as ponderacións de ditos criterios de avaliación para o cálculo da cualificación final do módulo.

De darse esta situación os criterios de cualificación empregados serán os seguintes:

- Probas escritas: 50% da nota. Valorarase mediante proba escrita de cada unidade: preguntas tipo test/curtas e/ou de desenvolvemento tendo un tempo limitado para a súa realización. Superarase esta proba con cualificacións iguais ou superiores ó 5, de non acadarse esa nota pasarase o procedemento de recuperación.

- Tarefas: 50% da nota. Mediante tarefas individuais entregadas en tempo e forma na aula virtual. Serán realizadas cada trimestre tarefas e farase a media aritmética entre todas elas sempre e cando todas estén superadas cunha nota igual ou superior a 5. Cada unidade terá como mínimo un traballo e de non superar a avaliación mínima esixida terá unha segunda data de entrega no trimestre, de non facelo pasarase o procedemento de recuperación.

Malia que a avaliación é continua, para o alumnado que non supere algunha das avaliacións establecerase un plan personalizado e programaránse tarefas de recuperación relativas ás unidades didácticas que lle correspondan, a desenvolver a partires dos mesmos traballos propostos durante o curso así como a realización das probas escritas correspondientes co fin de acadar os resultados de aprendizaxe do módulo.

No caso de que o/a alumno/a non acade unha cualificación positiva nas avaliacións parciais realizará tarefas e/ou exames de recuperación que establecerá o docente de forma individualizada atendendo aos déficits do alumno/a e co obxectivo de acadar as capacidades terminais do módulo. As actividades do plan de recuperación poderán consistir na elaboración de probas, tarefas e/ou traballos semellantes aos propostos.

Se se suspende un parcial ou unha unidade didáctica, o/a alumno/a realizará a recuperación co parcial correspondente ou ca unidade didáctica segundo o caso.

Se se suspende a recuperación, o/a alumno/a realizará o examen final con toda a avaliación ou avaliacións correspondentes.

Os/as alumnos/as que perdan o dereito á avaliación continua terán que facer una proba final escrita durante un tempo máximo de dúas horas que constará dunha parte teórica e dunha parte práctica (na que o/a alumno/a deberá resolver preguntas das prácticas e tarefas feitas o longo do curso) sobre as unidades didácticas programadas. Así mesmo, deberá entregar tódolos traballos que fosen requeridos polo docente ao longo do curso académico.

### **10.3) PREVENCIÓN DE RISCOS E SAÚDE LABORAL**

Os espazos nos que se desenvolve o módulo, cumpren os requisitos mínimos establecidos no anexo II do decreto.

O equipamento dispón ademais das instalacións necesarias para o seu correcto funcionamento respectando as normativas sobre prevención de riscos laborais e sobre seguridade e saúde no posto de traballo, así como cantas outras normas sexan de aplicación. Con ese fin, no transcurso do curso daránselles nocións de como identificar un risco laboral, como prevelo e como actuar ante un accidente.

Farase énfase naqueles relacionados co traballo que desenvolverán: uso de grúas, material punzante, queimaduras, tomas de electricidade, manipulación de secrecións, limpeza e desinfección de material, prevención de cortes.

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
27012048	Xograr Afonso Gómez de Sarria	Sarria	2023/2024

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SSC	Servizos socioculturais e á comunidade	CMSSC01	Atención a persoas en situación de dependencia	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0210	Organización da atención ás persoas en situación de dependencia	2023/2024	7	123	147

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	INÉS CALVO TORRES
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

As medidas establecidas na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, así como o aumento de persoas da terceira idade, fai previsible unha alta inserción laboral e unha tendencia de crecemento estable neste campo.

A diminución de coidadores informais no ámbito familiar derivada da situación socioeconómica e laboral das familias redonda tamén nunha maior oferta de emprego das persoas con esta titulación.

O forte crecemento dos servizos de atención a persoas en situación de dependencia que se observa tamén vai requirir de profesionais con maior competencia e versatilidade na realización de actividades

As persoas que obteñan este título exercerán a súa actividade no sector de servizos ás persoas en situación de dependencia, de carácter asistencial, psicosocial e de apoio á xestión doméstica.

As ocupacións e os postos de traballo máis salientables son os seguintes:

- Coidador ou coidadora dunha persoa en situación de dependencia nunha institución.
- Auxiliar de axuda a domicilio
- Auxiliar de educación especial
- Teleoperador/teleoperadora de teleasistencia

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	O mapa da miña contorna	Partindo da normativa básica de SS SS e da atención ás persoas en situación de dependencia, estudo dos programas, recursos e servizos do SAAD	30	20
2	Póñome no teu lugar	Características da contorna, os edificios e os espazos adicados ás persoas en situación de dependencia así coma análise das necesidades deste colectivo	20	14
3	Compartindo esforzos multiplicamos resultados	Cofecementos dos profesionais que interveñen na atención das persoas en situación de dependencia e o traballo en equipa	24	16
4	Aprendo de ti e acóllo	Planificación da intervención coas persoas en situación de dependencia, tanto en recursos de atención institucional e domiciliario coma no plan de vida independente	36	25
5	O arte de coidar	Execución da intervención no ámbito institucional e domiciliario e concretamente o papel dos TAPSD no mesmop	37	25



#### 4. Por cada unidade didáctica

##### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	O mapa da miña contorna	30

##### 4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Interpreta programas de atención ás persoas en situación de dependencia, tendo en conta a relación entre o modelo organizativo e de funcionamento e o marco legal.	NO

##### 4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Comparouse a normativa en materia de atención ás persoas en situación de dependencia nos ámbitos comunitario, estatal, autonómico e local.
CA1.2 Descríbense os modelos e os servizos de atención ás persoas en situación de dependencia.
CA1.3 Identificáronse os requisitos e as características organizativas e funcionais que deben cumprir os servizos de atención ás persoas en situación de dependencia.

##### 4.1.e) Contidos

Contidos
Marco legal da atención ás persoas en situación de dependencia: ámbito europeo, estatal, autonómico e local.
Modelos e servizos de atención ás persoas en situación de dependencia. Principios que rexen a atención ás persoas en situación de dependencia. Sistema para a autonomía e a atención á dependencia (SAAD): finalidade, prestacións e servizos. Rede de servizos
Institucións e organismos relacionados coa cultura de vida independente. Programas de apoio á vida independente e promoción da participación social.

**4.2.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
2	Póño-me no teu lugar	20

**4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Organiza os recursos necesarios para a intervención, tendo en conta a relación entre o contexto onde desenvolva a súa actividade e as características das persoas en situación de dependencia.	SI

**4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA3.1 Identifícanse os factores do medio que favorecen ou iniben a autonomía das persoas na súa vida cotiá.
CA3.2 Recoñeceuse a moblaxe e os instrumentos de traballo propios de cada contexto de intervención.
CA3.3 Acondicionouse a zona para favorecer a mobilidade e os desprazamentos das persoas en situación de dependencia, así como o seu uso e a súa utilidade.
CA3.4 Identificouse a normativa en materia de prevención e seguridade para organizar os recursos.
CA3.5 Aplicáronse os criterios que cumpra seguir na organización de espazos, equipamentos e materiais para favorecer a autonomía das persoas.
CA3.6 Identifícanse as axudas técnicas necesarias para favorecer a autonomía e a comunicación da persoa.
CA3.7 Descríronse os recursos do contexto para mellorar a intervención.
CA3.8 Argumentouse a importancia de informar as persoas en situación de dependencia e as súas familias ou o persoal coidador non formal sobre as actividades programadas, para favorecer a súa participación.

**4.2.e) Contidos**

Contidos
Instalacións e edificios destinados a persoas en situación de dependencia. Deseño arquitectónico de equipamentos destinados a persoas en situación de dependencia. Lexislación sobre requisitos de espazo dos equipamentos residenciais. Condicións e criterios
Importancia do medio na autonomía das persoas. O contexto como causa da dependencia. Factores e grao de incidencia nas actividades da vida diaria.
Moblaxe adaptada: características e tipos; materiais e instrumentos de traballo para o seu mantemento.
Accesibilidade e adaptación da área para a vida independente.
Produtos de apoio.
Normativa de prevención e seguridade. Áreas seguras.

**4.3.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
3	Compartindo esforzos multiplicamos resultados	24

**4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Interpreta programas de atención ás persoas en situación de dependencia, tendo en conta a relación entre o modelo organizativo e de funcionamento e o marco legal.	NO

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.4 Descríbense as estruturas organizativas e as relacións funcionais tipo dos equipamentos residenciais dirixidos a persoas en situación de dependencia.
CA1.5 Descríbense as funcións, os niveis e os procedementos de coordinación dos equipos interdisciplinares dos servizos de atención ás persoas en situación de dependencia.
CA1.6 Identifícanse os recursos humanos necesarios para garantir a atención integral das persoas en situación de dependencia.
CA1.7 Identifícanse as funcións do persoal técnico en atención a persoas en situación de dependencia no equipo interdisciplinar das institucións e nos servizos para a atención ás persoas en situación de dependencia.
CA1.8 Argumentouse a importancia dun equipo interdisciplinar na atención ás persoas en situación de dependencia.

**4.3.e) Contidos**

Contidos
Equipamentos para a atención ás persoas en situación de dependencia: requisitos, organización e funcionamento.
Equipo interdisciplinar nos servizos de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia: composición, funcións, niveis e procedementos de coordinación.
Papel do persoal técnico en atención ás persoas en situación de dependencia nos equipos interdisciplinares.

**4.4.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
4	Aprendo de ti e acóllo	36

**4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Organiza a intervención coas persoas en situación de dependencia, para o que selecciona as estratexias en función das súas características e das directrices do programa de intervención.	NO
RA4 - Xestiona a documentación básica da atención a persoas en situación de dependencia en relación cos obxectivos da intervención.	NO

**4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.1 Descríbense as estratexias de intervención para o desenvolvemento das actividades de atención ás persoas en situación de dependencia.
CA2.6 Estableceuse a secuencia das actividades e as tarefas atendendo ás necesidades da persoa en situación de dependencia e á organización racional do traballo.
CA2.7 Descríbense os principios metodolóxicos e as pautas de actuación do persoal técnico nas tarefas de apoio para a vida independente.
CA2.8 Argumentouse a importancia de respectar os principios de promoción da vida independente e as decisións das persoas usuarias.
CA4.1 Identifícanse os elementos que debe recoller a documentación básica da persoa usuaria.
CA4.2 Aplicáronse protocolos de recollida da información precisa para coñecer os cambios das persoas en situación de dependencia e o seu grao de satisfacción.
CA4.6 Aplicáronse criterios de actuación que garantan a protección de datos das persoas usuarias.
CA4.8 Valorouse a importancia de respectar a confidencialidade da información.

**4.4.e) Contidos**

Contidos
Métodos de traballo na atención ás persoas en situación de dependencia. Metodoloxía de intervención. Estratexias de intervención en función das características da persoa usuaria e do servizo. Protocolos de recepción e acollemento. Observación na promoción
Plan de atención individualizado: características, elementos constitutivos, profesionais que interveñen, distribución de tarefas, horarios e quendas.
Funcións e tarefas do asistente persoal: metodoloxía de traballo; principios e pautas de actuación.
Expediente individual: elementos, informes, follas de incidencia, protocolos de actuación individualizados, fichas de control de evolución, follas de seguimento sanitario, etc.
Protección de datos de carácter persoal.
Uso de aplicacións informáticas de xestión e control.

**4.5.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
5	O arte de coídar	37

**4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Organiza a intervención coas persoas en situación de dependencia, para o que selecciona as estratexias en función das súas características e das directrices do programa de intervención.	NO
RA4 - Xestiona a documentación básica da atención a persoas en situación de dependencia en relación cos obxectivos da intervención.	NO

**4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.2 Interpretáronse correctamente as directrices, as estratexias e os criterios establecidos nun plan de atención individualizado.
CA2.3 Determináronse as intervencións que cumpra realizar para a atención ás persoas en situación de dependencia a partir dos protocolos de actuación da institución correspondente.
CA2.4 Seleccionáronse estratexias para a atención ás persoas en situación de dependencia a partir das súas características e do plan de atención individualizado.
CA2.5 Seleccionáronse métodos de traballo adaptados aos recursos dispoñibles e ás especificacións do plan de traballo ou de atención individualizado.
CA4.3 Xustificouse a utilidade e a importancia de documentar por escrito a intervención realizada.
CA4.4 Identificáronse as canles de comunicación das incidencias detectadas.
CA4.5 Integrouse, organizouse e actualizouse toda a documentación, para confeccionar un modelo de expediente individual.
CA4.7 Utilizáronse equipamentos e aplicacións informáticas para a xestión da documentación e os expedientes.

**4.5.e) Contidos**

Contidos
Plan individual de vida independente: características, elementos constitutivos e persoas que interveñen.
Apoio persoal para a vida independente.
Apoio persoal no ámbito escolar.
Plan de traballo do profesional.
Xustificación da necesidade de organización da intervención.
Documentación para a organización da atención ás persoas en situación de dependencia: inventarios e protocolos para a detección de necesidades e reposición de materiais.
Documentos para o control do traballo: planificación de persoal, calendarios de quendas e vacacións, inventarios, e fichas de pedidos de servizos de mantemento e reposición de materiais.
Rexistro da información: técnicas e instrumentos.
Clasificación e arquivo da información: técnicas e instrumentos.
Transmisión da información. Partes de incidencias. Informes de evolución. Compilación de observacións directas.

## 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Considéranse mínimos exigibles a adquisición das capacidades específicas en todos os criterios de avaliación (CA) que marca o currículo para o módulo, agás o CA3.4 e o CA 4.7. Para un mellor seguemento e comprensións deste mínimos exigibles pódese acudir a cada unha das unidades didácticas onde se atopan detallados.

Dado que este módulo se engloba dentro das ensinanzas de carácter presencial o alumnado deberá asistir con regularidade ás clases programadas sen poder superar o 10% de ausencias ás sesións do módulo, coincidindo coas faltas de asistencia a clase, atendendo a orde de avaliación de ciclos formativos en vigor.

A comprobación da adquisición das capacidades específicas nos CA realizarase a través dos instrumentos de avaliación marcados:

### 1. Exame (70%)

Estas probas escritas avaliarán os contidos máis teóricos das diferentes unidades didácticas. Realizarase con carácter xeral unha única proba de carácter obrigatorio ó final de cada avaliación. Estas probas estarán compostas por preguntas tipo test, verdadeiro-falso, resposta curta, pregunta tema ou resolución de casos prácticos, ou a mestura de todas ou algunha destas fórmulas. O valor das probas escritas será dun 70% da nota da avaliación. No caso que estea xustifico para un mellor proceso de ensinanza-aprendizaxe, polas características do alumnado e/ou polos contidos vistos, poderase establecer máis dunha proba escrita por avaliación atendendo sempre á organización do módulo por unidades didácticas.

### 2. Traballos e actividades entregadas (30%)

O longo de cada avaliación realizaranse coma norma xeral dous traballos (individuais, grupais ou ambos) relacionados con contidos propios dunha ou varias unidades didácticas. O peso na cualificación dos traballos será dun 30% da nota da avaliación e poderá recoller aspectos relacionados sobre o interese e actitude amosado para o módulo recollidos nos CA correspondentes. Algún destes traballos poderá ser substituído a elección do alumnado pola lectura dunha obra relacionada cos contidos propios das unidades e a entrega da súa correspondente recensión.

Para superar a avaliación, é necesario ter aprobada a proba ou cada unha das probas escritas así coma todos e cada un dos traballos individuais e grupais. A nota obtense do 70% da proba ou media das probas e o 30% restante da media dos traballos individuais e/ou grupais da avaliación correspondente. Terá que estar superada cada unha das partes con a lo menos o 50% en cada unha delas para facer a proporción correspondente. No caso de non superar a proba (ou probas) escrita trimestral ou algún dos traballos deberá recuperalos de acordo ás indicacións da docente.

As cualificacións das avaliacións parciais e final será numérica sen decimais, entre o 1 e o 10. No caso de obter un primer decimal igual ou inferior a 5 o redondeo realizarase á baixa e no caso de obter un primer decimal superior a cinco o redondeo realizarase á alza.

Para superar o módulo será necesario obter coma mínimo 5 puntos sobre 10 tanto nas avaliacións parciais coma na final.

A nota reflectida no boletín da última avaliación parcial, será o resultado da media das notas obtidas nas avaliacións parciais ó longo do curso. No caso de que o alumno/alumna non superara algunha das avaliacións parciais a cualificación da última avaliación parcial ou a final non poderá superar catro.

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

A cualificación e o procedemento para a recuperación das partes pendentes seguirá os mesmos criterios que a cualificación ordinaria:

1. En caso de non superar a proba/probas escritas suspenderase a avaliación correspondente, realizándose unha recuperación trala mesma.
2. No caso de non superar ou non entregar os traballos individuais e/ou grupais, suspenderase a avaliación correspondente aos mesmos. Estes deben ser entregados no período establecido pola docente.

No caso de non ter superado o módulo por medio destas recuperacións parciais, establecerase unha única recuperación final no mes de xuño que versará sobre o conxunto dos contidos do módulo, previa entrega e superación de todos os traballos avaliábeis establecidos ao longo das UD. Será necesario obter coma mínimo un 5 na proba escrita e en cada un dos traballos tendo en conta os mínimos esixibles que se especifican na presente programación.

### **6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua**

O número de faltas de asistencia (non xustificadas segundo os criterios fixados no RRI) non poderá superar o 10% da duración (147 sesións) do módulo formativo, é dicir, o número máximo de faltas de asistencia non xustificadas será de 15 sesións

Se o alumnado, por tanto, supera este número indicado de faltas de asistencia perderá o dereito á avaliación continua, comunicándosele a través da titora do grupo de xeito formal. O alumno/a que perda o dereito á avaliación continua non terá dereito a ser examinado por avaliacións parciais e polo tanto será avaliado nunha única proba final extraordinaria; non obstante o alumno/a poderá seguir asistindo a clase con carácter presencial.

A avaliación extraordinaria consistirá na realización dunha proba que constará dunha parte teórica e dunha parte práctica sobre os contidos do módulo.

- Parte teórica: poderá incluír cuestións de diferente tipo: de elección, de resposta curta e/ou de desenvolvemento (máis ou menos amplo) de cuestións relacionadas cos contidos do módulo. A duración máxima desta proba será de 1.5 horas.

- Parte práctica: o alumno/a, ante un ou máis supostos, deberá relacionar o suposto coas aportacións teóricas estudadas no módulo, e que comprenden por exemplo:

1. Casos prácticos onde se describen as diferentes formas de intervención que se levan a cabo nos diferentes recursos de atención a persoas en situación de dependencia :

- a) Identificar as diferentes prestacións de servizos que establece a carteira de servios de Galiza
- b) Identificar os organismos relacionados coa cultura da vida independente
- c) Identificar os profesionais que integran os equipos interdisciplinares das institucións residencias para persoas maiores, persoas con discapacidade
- d) Explicar como se elabora un Plan de atención individualizado
- e) Explicar como se elabora un protocolo de acollida
- f) Explicar como se organizan os equipos de traballo en atención sociosanitaria
- g) Identificar os principios de accesibilidade universal e deseño para todos
- h) Identificar as barreiras arquitectónicas e como dificultan a relación co contorno
- i) Identificar a documentación básica que utilizamos nun centro residencial
- j) Explicar como manexamos esa documentación

A duración desta parte práctica da proba terá un máximo de 1.5 horas.

Para acadar unha cualificación positiva na proba extraordinaria é preciso obter un 5 (dun máximo de 10 puntos) en cada unha das partes da proba, non podendo realizar unha media entre ambas partes se non se supera cada parte da proba.

### **7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente**

O procedemento fundamental para levar a cabo o seguimento da programación e a avaliación da práctica docente será a autoavaliación da práctica educativa. A avaliación corresponde, en primeiro lugar, ao profesor/a, que se enfrontará a todas as súas tarefas e funcións cunha actitude crítica permanente. De igual xeito, no equipo docente do ciclo formativo e no departamento didáctico, en actitude recíproca de participación colectiva, intercambiaranse puntos de vista, analizarase, deliberarase e chegarase a acordos que enriquezan mutuamente a práctica docente. Este procedemento pode estar complementado coas estimacións que o alumnado realice. O profesor/a provocará e favorecerá a avaliación dende o alumnado medindo dende eles o acerto das súas intervencións.

Os aspectos da programación que se someterán a seguimento son:

- Os obxectivos: A concreción dos mesmos e a adecuación aos resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación da programación do módulo e do currículo do mesmo.
- Os contidos de aprendizaxe: A adecuada selección e secuenciación dos mesmos ao longo das unidades didácticas.
- As actividades docentes: Prestando especial atención á coherencia das actividades propostas coa liña metodolóxica que se considera máis adecuada para cada aprendizaxe e ao deseño e aplicación dunhas actividades diversificadas para favorecer os distintos ritmos de aprendizaxe.
- O clima e as relacións na aula: Valorando as interaccións que se producen no grupo, as situacións en que esas interaccións perturban o clima da aula e os procesos de aprendizaxe, a autonomía do alumnado, a adecuación da organización espacial e dos agrupamentos ás características do grupo e do traballo que se realiza.
- Os medios e recursos: uso e rentabilidade que se consegue.
- O sistema de avaliación que se aplica para valorar ao alumnado, así como o propio sistema de avaliación da práctica docente

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Segundo o establecido no artigo 28 da orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial: ao comezo das actividades do curso académico, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno/a, así como as súas capacidades. Así mesmo, deberá servir para orientar e situar o alumnado en relación co perfil profesional correspondente.

Nesta sesión, o profesor/a que se encarguen da titoría dará a información dispoñible sobre as características xerais do grupo ou sobre as circunstancias especificamente académicas ou persoais, con incidencia educativa, de cantos alumnos/as o compoñan.

Esta información poderá proceder, entre outras:

- a) Dos informes individualizados de avaliación da etapa anteriormente cursada, de ser o caso.
- b) Dos estudos académicos ou das ensinanzas de formación profesional inicial ou para o emprego previamente realizados.
- c) Do alumnado matriculado sen titulación académica de acceso.
- d) Dos informes ou ditames específicos do alumnado discapacitado ou con necesidades educativas especiais que poida haber no grupo.
- e) Da experiencia profesional previa.
- f) Da matrícula condicional do alumnado estranxeiro.
- g) Da observación do alumnado e as actividades realizadas nas primeiras semanas do curso.

Esta avaliación inicial en ningún caso comportará cualificación para o alumnado.

Coma parte do equipo docente, realizarase nas primeiras sesións do módulo entrevista de grupo e individual nos casos que proceda, así coma proba escrita que permita aportar en sesión de avaliación inicial as conclusións acadadas pola docente.



## 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

O reforzo educativo é unha medida ordinaria de atención á diversidade que afecta a elementos non prescriptivos do currículo, tratándose, polo tanto, de medidas educativas referidas á metodoloxía.

Na programación podemos referirnos a certos criterios moi globais que precisarían, de ser necesario, de concreción e desenvolvemento individualizado tras a detección das dificultades do alumnado/as; podendo solicitar asesoramento do Departamento de Información e Orientación e procurando acordos nos equipos de ciclo.

Entre eses criterios, resaltamos:

- Favorecer ó acceso á información a través de soportes e medios de distinto tipo.
- Indicar os obxectivos e contidos básicos do módulo que se deben acadar.
- Propoñer actividades alternativas con distinto grao de dificultade para abordar aqueles contidos que sexan de dificultade para o alumno/a.
- Traballar con distintos agrupamentos de alumnos para favorecer a súa participación, os traballos das actividades propostas e a axuda que podan brindar outros compañeiros/as.
- Buscar materiais alternativos acordes coas necesidades do alumno/a.
- Realizar unha colocación máis favorecedora para o alumno/a para o seguimento das dinámicas da clase, tendo en conta a súas características
- Aportar instrucións máis detalladas ou diversas para abordar exercicios, traballos, actividades e probas.
- Flexibilizar, na medida do posible, de tempos necesarios para a realización das probas.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

Fundamentalmente vincularemos a educación en valores ós contidos actitudinais do módulo, que veñen a explicitar actitudes de respecto e valoración cara as persoas en situación de dependencia, ó fin da súa posible intervención laboral-profesional; así como de fomento do traballo cos compañeiros/as, procurando un respecto pola contribución de cada membro da clase.

Podemos destacar tamén o papel da metodoloxía na educación en valores, procurando que propicie un entendemento e axuda mutua, a través da interacción didáctica e facilite unha aprendizaxe significativa, como proceso motivador cara á reflexión e vivencia dos contidos actitudinais.

Tamén partiremos dunha concepción da educación en valores vinculada a dinámicas de traballo na aula que fomenten e procuren:

- Puntualidade.
  - O diálogo, como recurso para o consenso nos traballos, e nos posibles conflitos que podan xurdir nas relacións.
  - O respecto ás aportacións e estilos dos/as compañeiros/as, a través da escoita activa, a espera nas intervencións e da argumentación fundamentada nos debates.
  - Dinámicas responsables de traballo: prazos razoables de entrega de actividades e traballos (que salvo certas excepcións non se ampliarán), respectando a vía de entrega indicada e instrucións básicas detalladas, seguindo unha equidade e diálogo nos traballos en equipo.
- Tendo en conta o que acabamos de mencionar e tendo en conta a familia profesional na que se encadran estes estudos, dende o módulo de "Organización da atención ás persas en situación de dependencia" non se fará unha programación específica da educación en valores por considerala unha parte esencial da formación das futuras TAPSD, de xeito que se tratará dun modo integral ao longo de todo o proceso de ensino aprendizaxe, promovendo que o alumnado sexa capaz de actuar con criterio propio, contribuíndo á paz e á democracia e mantendo actitudes construtivas, solidarias e responsables ante os dereitos e obrigas cidadáns

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Ao longo do curso promoveranse diferentes actividades complementarias e extraescolares tendentes a unha adecuada consecución dos resultados de aprendizaxe previstos no currículo, na seguinte liña de actuación:

- Charlas sobre os diferentes recursos e servizos de atención ás persoas dependentes .



- Charlas de profesionais que desenvolven o seu labor no ámbito dos servizos sociais de atención á dependentes
- Coñecemento dos centros de atención ás persoas en situación de dependencia da nosa contorna mais próxima.

A maiores, e tendo presente o calendario académico 2023/2024, o alumnado participará das actividades de sensibilización e información das conmemoracións establecidas segundo a organización do centro. Atenderase especialmente o Día Internacional das persoas con Discapacidade e o Día Mundial da Saúde.

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
27012048	Xograr Afonso Gómez de Sarria	Sarria	2023/2024

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SSC	Servizos socioculturais e á comunidade	CMSSC01	Atención a persoas en situación de dependencia	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0020	Primeiros auxilios	2023/2024	3	53	63

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	EVA MARÍA LÓPEZ VÁZQUEZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

As medidas establecidas na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, así como o aumento de persoas da terceira idade, fai previsible unha alta inserción laboral e unha tendencia de crecemento estable. A diminución de coidadores informais no ámbito familiar derivada da situación socioeconómica e laboral das familias fai que sexa necesario unha maior empregabilidade das persoas con esta titulación.

O forte crecemento dos servizos de atención diurna que se observa vai requirir profesionais con maior competencia e versatilidade na realización de actividades.

A asistencia para a autonomía persoal, que aparece como sector emerxente, esixe profesionais con competencias relacionadas coa función de acompañamento.

A progresiva implantación das novas tecnoloxías fai necesaria unha actualización permanente neste campo, para adaptarse aos cambios que se vaian introducindo nas institucións e no propio domicilio.

O perfil profesional do título de técnico en atención a persoas en situación de dependencia determínase pola súa competencia xeral, polas súas competencias profesionais, persoais e sociais, así como pola relación de cualificacións e, de ser o caso, unidades de competencia do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais incluídas no título.

A competencia xeral deste título consiste en atender as persoas en situación de dependencia no ámbito domiciliario e institucional, co fin de manter e mellorar a súa calidade de vida, realizando actividades asistenciais e non asistenciais, psicosociais e de apoio á xestión doméstica, aplicando medidas e normas de prevención e seguridade, e derivándoas a outros servizos en caso necesario.

O módulo profesional de Primeiros Auxilios contén a formación necesaria para desempeñar a función de prevención e seguridade.

Esta función abarca aspectos como:

- \* Solicitude de primeiros auxilios
- \* Xeración de contornos seguros.

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo están relacionadas coa:

- Avaliación inicial das persoas feridas e selección de técnicas de primeiros auxilios.
- Aplicación correcta de técnicas de primeiros auxilios.
- Aplicación correcta das técnicas de soporte vital.
- Aplicación das estratexias de comunicación axeitadas para o apoio psicolóxico ás persoas feridas e familiares.

Os contidos e actividades de ensino-aprendizaxe van encamiñados a que o alumnado obteña as competencias que lle acrediten a desenvolver a súa actividade profesional no sector de servizos ás persoas, de carácter asistencial, psicosocial e de apoio á xestión doméstica. De maneira específica, as ocupacións e os postos de traballo máis salientables que poderán desenvolver, son os seguintes:

- Coidador/a de persoas en situación de dependencia en institucións e/ou domicilios.
- Coidador/a en centros de atención psiquiátrica.
- Xerocultor/a.
- Gobernante/a e subgobernante/a de persoas en situación de dependencia en institucións.
- Auxiliar responsable de planta de residencias de maiores e persoas con discapacidade.
- Auxiliar de axuda a domicilio.
- Asistente de atención domiciliaria.
- Traballador/a familiar.
- Auxiliar de educación especial.
- Asistente persoal.



- Teleoperador/a de teleasistencia.

### 3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Concepto de Primeiros Auxilios e Valoracións en Situacións de Emerxencia	Concepto de primeiros auxilios, descrición dos sistemas de emerxencias, medidas de seguridade e protección (PAS), marco legal e código ético do auxiliador. Tipos de accidentes e consecuencias (fogar, deportivos, ocio...). Prioridades de actuación: triaxe	12	17
2	Valoración inicial do paciente nunha urxencia e aplicación de técnicas de soporte vital	Protocolos de exploración, valoración primaria e secundaria. BPA: botiquín de primeiros auxilios. Risco vital e soporte vital básico: RCP, OVACE e DESA	12	17
3	Procedementos de inmovilización e movilización	Necesidade do traslado, posicións de seguridade e espera (PLS e outras), técnicas de inmovilización y de movilización con un e varios rescatadores	11	17
4	Primeiros auxilios en traumatismos físicos e en lesións por axentes químicos e biolóxicos	Atención inicial das feridas. Hemorrxias e os tipos (externas e internas). Lesións osteomusculares, vítimas de amputación. Atención inicial ó gran traumatizado, traumatismos por frío, calor, quemaduras, contacto eléctrico. Lesións por axentes químicos e por axentes biolóxicos	11	16
5	Patoloxías orgánicas de urxencia	Actuación ante problemas respiratorios (ASMA, EPOC), cardiocirculatorios (hipo/hipertensión), neurolóxicos (convulsións), psiquiátricos e metabólicos	11	17
6	Técnicas de apoio psicolóxico	Factores que predispoñen a ansiedade: o estrés. Fase de shock traumático, TEPT, o duelo, estratexias de autocontrol	6	16

#### 4. Por cada unidade didáctica

##### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Concepto de Primeiros Auxilios e Valoracións en Situacións de Emerxencia	12

##### 4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Realiza a valoración inicial da asistencia nunha urxencia e describe os riscos, os recursos dispoñibles e o tipo de axuda necesaria.	NO
RA2 - Aplica e describe as técnicas de soporte vital básico en relación co obxectivo perseguido.	NO
RA3 - Aplica procedementos de inmovilización e mobilización de vítimas, e selecciona os medios materiais e as técnicas.	NO

##### 4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Asegúrouse a zona segundo o procedemento oportuno.
CA1.2 Identificáronse as técnicas de autoprotección na manipulación de persoas accidentadas.
CA1.4 Establecéronse as prioridades de actuación en múltiples vítimas.
CA1.10 Identificouse a secuencia de actuación segundo protocolo establecido polo comité de coordinación internacional sobre a reanimación (ILCOR).
CA2.10 Especificáronse casos ou circunstancias en que non se deba intervir.
CA3.6 Aplicáronse normas e protocolos de seguridade e de autoprotección.

##### 4.1.e) Contidos

Contidos
Sistemas de emerxencias.
Protocolo de transmisión da información.
Obxectivos e límites dos primeiros auxilios.
Marco legal, responsabilidade e ética profesional.
Tipos de accidentes e as súas consecuencias.
Métodos e materiais de protección da zona.
Medidas de autoprotección.
Prioridades de actuación en múltiples vítimas. Métodos de triaxe simple.
Actuación limitada ao marco das súas competencias.

**4.2.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
2	Valoración inicial do paciente nunha urxencia e aplicación de técnicas de soporte vital	12

**4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Realiza a valoración inicial da asistencia nunha urxencia e describe os riscos, os recursos dispoñibles e o tipo de axuda necesaria.	NO
RA2 - Aplica e describe as técnicas de soporte vital básico en relación co obxectivo perseguido.	NO

**4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.3 Descríbiuse o contido mínimo dunha caixa de urxencias, así como as indicacións dos produtos e dos medicamentos.
CA1.5 Descríbense os procedementos para verificar a permeabilidade das vías aéreas.
CA1.6 Identifícanse as condicións de funcionamento adecuadas da ventilación e da oxixenación.
CA1.8 Descríbense procedementos para comprobar o nivel de consciencia.
CA1.9 Tomáronse as constantes vitais.
CA2.1 Descríbense os fundamentos da reanimación cardiopulmonar.
CA2.2 Aplicáronse técnicas de apertura da vía aérea.
CA2.3 Aplicáronse técnicas de soporte ventilatorio e circulatorio.
CA2.4 Realizouse desfibrilación externa semiautomática (DEA).
CA2.5 Aplicáronse medidas posreanimación.
CA2.7 Descríbiuse a valoración primaria e secundaria da persoa accidentada.

**4.2.e) Contidos**

Contidos
0Signos e síntomas de urxencia.
Valoración do nivel de consciencia.
Toma de constantes vitais.
Protocolos de exploración.
Terminoloxía médico-sanitaria en primeiros auxilios.
Signos de compromiso vital en persoas adultas, en nenos e nenas, e en lactantes.
Caixa de primeiros auxilios.
Control da permeabilidade das vías aéreas.



Contidos
Reanimación cardiopulmonar básica.
Desfibrilación externa semiautomática (DEA).
Valoración da persoa accidentada.
Avaliación da necesidade de traslado.

**4.3.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
3	Procedementos de inmovilización e mobilización	11

**4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Aplica procedementos de inmovilización e mobilización de vítimas, e selecciona os medios materiais e as técnicas.	NO

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA3.1 Efectuáronse as manobras necesarias para acceder á vítima.
CA3.2 Identificáronse os medios materiais de inmovilización e de mobilización.
CA3.3 Caracterizáronse as medidas posturais ante unha persoa lesionada.
CA3.4 Descríbironse as repercusións dunha mobilización e dun traslado inadecuados.
CA3.5 Confeccionáronse sistemas para a inmovilización e a mobilización de persoas doentes ou accidentadas con materiais convencionais e inespecíficos, ou medios de fortuna.

**4.3.e) Contidos**

Contidos
Avaliación da necesidade de traslado.
Posicións de seguridade e espera.
Técnicas de inmovilización.
Técnicas de mobilización.
Confección de padiolas e materiais de inmovilización.

**4.4.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
4	Primeiros auxilios en traumatismos físicos e en lesións por axentes químicos e biolóxicos	11

**4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Realiza a valoración inicial da asistencia nunha urxencia e describe os riscos, os recursos dispoñibles e o tipo de axuda necesaria.	NO
RA2 - Aplica e describe as técnicas de soporte vital básico en relación co obxectivo perseguido.	NO

**4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.7 Descríbense e executáronse os procedementos de actuación en caso de hemorraxia.
CA2.6 Indicáronse as lesións, as patoloxías e os traumatismos máis frecuentes.
CA2.8 Aplicáronse primeiros auxilios ante lesións por axentes físicos, químicos e biolóxicos.

**4.4.e) Contidos**

Contidos
Atención inicial en lesións por axentes físicos (traumatismos, calor ou frío, electricidade e radiacións).
Atención inicial en lesións por axentes químicos e biolóxicos.

**4.5.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
5	Patoloxías orgánicas de urxencia	11

**4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Aplica e describe as técnicas de soporte vital básico en relación co obxectivo perseguido.	NO

**4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.9 Aplicáronse primeiros auxilios ante patoloxías orgánicas de urxencia.

**4.5.e) Contidos**

Contidos
Atención inicial en patoloxía orgánica de urxencia.

**4.6.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
6	Técnicas de apoio psicolóxico	6

**4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Aplica técnicas de apoio psicolóxico e de autocontrol á persoa accidentada e ás acompañantes, e describe as estratexias de comunicación aplicadas.	SI

**4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA4.1 Descríbense as estratexias básicas de comunicación coa persoa accidentada e coas acompañantes.
CA4.2 Detectáronse as necesidades psicolóxicas da persoa accidentada.
CA4.3 Aplicáronse técnicas básicas de soporte psicolóxico para mellorar o estado emocional da persoa accidentada.
CA4.4 Valorouse a importancia de lle infundir confianza e optimismo á persoa accidentada durante toda a actuación.
CA4.5 Identificáronse os factores que predispoñen á ansiedade nas situacións de accidente, emerxencia e dó.
CA4.6 Especificáronse as técnicas para controlar unha situación de dó, ansiedade, angustia ou agresividade.
CA4.7 Especificáronse as técnicas para superar psicolóxicamente o fracaso na prestación do auxilio.
CA4.8 Valorouse a importancia do autocontrol ante situacións de estrés.

**4.6.e) Contidos**

Contidos
Estratexias básicas de comunicación.
Valoración do papel do primeiro interviniente.
Técnicas facilitadoras da comunicación interpersonal.
Factores que predispoñen á ansiedade en situacións de accidente ou emerxencia.

## 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

### MÍNIMOS ESIXIBLES

Serán mínimos esixibles todos os criterios de avaliación indicados como tal para cada Unidade Didáctica nesta programación. Trátase dunha avaliación continua polo tanto, requírese da asistencia regular do alumno.

Será necesario ter un cinco (5) en cada un dos instrumentos (PE, TO, LC) para realizar a media ponderada da unidade.

### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

O control do alumnado será diario. En cada unidade se menciona o tipo de instrumento co que se vai a avaliar e o seu peso. Os resultados de cada alumno/a quedarán reflectidos nunha táboa de excell. Os instrumentos a empregar serán:

A/ Na avaliación de conceptos usarase a Proba escrita (PE)

Cada pregunta aparecerá co seu peso e co criterio de avaliación.

Non se contempla a proba oral (PO). Excepcionalmente, no caso de ter que realizala, avaliarase do mesmo xeito que as escritas.

B/ Procedementos que debe manexar, empregarase:

Táboa de observación (TOp) con rúbrica específica para cada UD.

Lista de cotexos (LCp) que seguirá unha rúbrica determinada para o caderno de prácticas.

C/ Actitudes avaliadas mediante o uso dunha Táboa de observación (TOa). Divídense en dous grandes bloques:

C.1. Relacionados coa vestimenta e actitude fronte o traballo:

Trae o material necesario para traballar no laboratorio (lápiz, calculadora, goma, cuaderno de prácticas)

Trae o pelo correctamente recollido e apartado da cara.

Realiza unha hixiene correcta de mans.

Trae bata e emprega guantes cando é necesario.

Traballa en silencio e concentrado/a mentras realiza os diferentes protocolos.

Detecta posibles riscos e sabe como previlos.

Nos traballos cooperativos, realiza os protocolos de xeito metódico e coordinado co compañeiro/a.

C.2. Relacionadas cos criterios de avaliación establecidos por lei relacionados co correcto desenvolvemento do traballo a realizar:

CA3.6. Aplicáronse normas e protocolos de seguridade e de autoprotección persoal.

CA4.4. Valorouse a importancia de lle infundir confianza e optimismo á persoa accidentada durante toda a actuación.

CA4.8. Valorouse a importancia do autocontrol ante situacións de estrés.

D/ A avaliación das competencias clave seguirá unha rúbrica (R) que se usará nos cadernos, boletíns, cuestionarios probas ou traballos

(LCt) que se pidan.

Aquela UD que posúa actividades de debate ou traballo de exposición oral, presentará coavaliación. Corresponderalle o 75% da nota ao docente e o 25% restante aos compañeiros/as de aula (tendo en conta os indicadores da rúbrica correspondente: emprego de linguaxe adecuado, demostra dominio do tema ó explicar con propiedade o contido, claridade da exposición, emprego de recursos que sirve de apoio, respostas dadas as dúbidas que xurdan).

#### CUALIFICACIÓN CUANTITATIVA.

Cada UD ten o seu peso, o peso de cada CA e o número e tipo de probas a realizar. Teranse en conta as seguintes consideracións:

1º Todos os instrumentos empregados avaliaranse de 0 a 10 e os criterios de avaliación usados divídense en:

2º Criterios de avaliación relacionados con conceptos. Serán avaliados tendo en conta o seu peso na UD con probas escritas ou de ser necesario proba oral. Para a avaliación das tarefas/ traballos usaranse listas de cotexo.

As probas escritas terán de dúas partes:

PARTE A: - Cuestionario de resposta múltiple con só unha correcta (dúas respostas incorrectas restarán unha correcta e as respostas en branco non se valorarán).

PARTE B: - Preguntas curtas, textos, gráficos, problemas, imaxes, táboas ou mapas conceptuais.

Cada pregunta levará o CA que se avalía e o seu peso dentro da proba.

De coller copiando a un alumno/a; a proba de todo o alumnado implicado, cualificarase cun 1 quedando suspensa esa avaliación. Se ocorrese na recuperación suspenderase o módulo en convocatoria ordinaria.

De non acudir á proba, só se lle repetirá ao alumnado que presente o día que se incorpora ao centro, xustificación médica ou de deber inexcusable (médico de enfermidade, médico especialista e probas de especialistas pertencentes o rexime de Seguridade Social, xuízos e defuncións). A proba realizarase na primeira clase que teña logo de se incorporar.

3º Criterios de avaliación relacionados con protocolos (procedementos) a manexar e que seguirán un protocolo normalizado de traballo (PNT).

Avaliaranse según o seu peso con táboas de observación.

De non acudir ese día, só se repetirá ao alumnado que presente o mesmo día que se incorpora, xustificación médica ou de deber inexcusable. A proba farase na data establecida para a recuperación desa UD.

O alumnado disporá das fichas-guía/ modelos normalizados, na aula virtual que serán de obrigada cumprimentación e deberanse entregar nas datas indicadas polo docente. Non se obterá avaliación positiva se non se entregan.

As probas realizadas ensinaranse ao alumnado correxidas e cualificadas e quedarán arquivadas en poder do docente.

Estes dous bloques (conceptos e procedementos) representarán o 80% da nota (40% cada un deles). As actitudes avaliadas, representarán un 10% e o 10% restante resérvase para traballos/ tarefas realizadas con data límite de presentación. De non entregalas en data avaliaranse cun 0.

A nota redondearase cara arriba a partir de fraccións superiores a 0,5.

As faltas de ortografía serán penalizadas en todos os apartados: baixarase 0,1 puntos por falta de ortografía e 0,01 puntos por tilde ata un máximo 2 puntos.

O CRITERIO DE CORRECCIÓN empregado será: MB (apartado perfecto) representa o 100% do total da nota dese apartado; B representa o 90%

do total da nota dese apartado; R+ representa o 75% do total da nota da nota dese apartado, R (faltan a metade dos contidos) representa o 50% do total da nota do apartado, R- (faltan a maioría dos contidos) representa o 25% do total da nota do apartado; Mal (en branco ou incorrecto) representa o 0% do total da nota do apartado.

#### CUALIFICACIÓN CUALITATIVA.

Na corrección tentarase avaliar as competencias claves; polo tanto, valorarase tamén:

Boa expresión tanto oral como escrita.

Orde, presentación, limpeza, claridade nos razoamentos e precisión nos cálculos (terase en conta non só o resultado, senón tamén a coherencia da formulación).

Probas escritas co nome, a bolígrafo azul ou negro. Non se permite o uso do lapis.

Preguntas razoadas e xustificadas. Nos tests, a simple elección, aínda que sexa a correcta non suporá puntuación se se solicita que esté debidamente xustificada.

No caso dos traballos de grupo, valorarase ademais a dinámica de traballo, é dicir, valorarase se as tarefas se distribuíron equitativamente e tendo en conta as posibilidades e limitacións de cada membro do grupo, se se fixo unha posta en común para que o traballo resulte algo coherente e se se resolveron os problemas que puideran xurdir así como, a habilidade para buscar fontes bibliográficas que amplíen a información do documento e o emprego de cifras e táboas estatísticas que fundamenten os datos.

As tarefas poderán presentarse en distintos soportes: papel, dixital ou mural. Valorarase: orixinalidade, curiosidade e a expresión e claridade nos conceptos.

Durante o curso realizaranse as avaliacións establecidas na PXA. A nota de cada avaliación será a nota ponderada dos pesos que representan os criterios de avaliación desa avaliación e sairá da suma ponderada dos resultados obtidos en cada unidade didáctica. A nota da avaliación final obterase dacordo coa seguinte fórmula:

$(UD1\ 17\%) + (UD2\ 17\%) + (UD3\ 17\%) + (UD4\ 16\%) + (UD5\ 17\%) + (UD6\ 16\%)$ .

Considerarase o módulo superado cunha nota igual ou superior a 5. Unha nota inferior a 5 obrigará ao alumnado a presentarse á recuperación.

O alumnado está obrigado a presentarse nas datas establecidas polo docente ás probas consideradas avaliábeis. Se o alumno/a non pode asistir a clase nesa data deberá xustificalo documentalmentemente e realizará dita proba o mesmo día que se incorpore de novo ás clases. De non poder xustificar dita falta, realizará a proba na data que se estableza para a súa recuperación.

Os/as alumnos/as que superasen o módulo e que a final de curso desexen subir nota, poderán facelo presentándose a unha proba final de TODA a materia do curso. Se o/a alumno/a decide presentarse por este sistema deberá ter en conta que NON se gardará a nota que acadara ata ese momento.

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Para o alumnado que non supere algunha das avaliacións establecerase un plan personalizado e programaranse tarefas de recuperación que van a depender da parte que non teñan superada:



\_ As actitudes avaliadas serán avaliadas durante todo o curso e só dependerá do alumnado aprobalas sempre e cando cambie as súas actitudes cara o traballo.

\_ Os contidos serán avaliados mediante actividades, traballos e probas escritas que deberá realizar o alumnado na data establecida.

\_ Os protocolos e técnicas de traballo que debe manexar voltarán a realizarse na aula taller e o alumnado suspenso deberá repetir os procedementos nos que falle. Según sexa o procedemento poderán ser avaliados mediante listas de cotexo e táboas de observación.

Acabada cada unha das avaliacións, reservaranse algunhas sesións para a recuperación daqueles criterios onde o/a alumno/a non acadase avaliación positiva e reserváraselle a nota daqueles que ten superados. Cada criterio avaliarase de 0 a 10. Para recuperar hai que ter correctamente a lo menos o 50% de cada criterio avaliado.

Se se suspende a recuperación, o/a alumno/a realizará unha proba final de toda a avaliación ou avaliacións correspondentes.

### **6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua**

Durante o curso, seguirase o establecido no protocolo de abandono escolar. Considerarase abandono se:

\_ Non trae o material necesario e/ ou non realiza as actividades ou traballos na clase, a pesar de ter actividades axeitadas ó seu nivel de competencia curricular.

\_ Entrega probas en branco de forma reiterada.

\_ Manifesta verbal e explicitamente o abandono do módulo.

\_ Hai presenza de absentismo escolar sen xustificación. Ao tratarse dun módulo presencial o número de faltas que implica a perda do dereito á avaliación continua (non xustificadas segundo os criterios fixados no RRI) será do 10% respecto da duración total do módulo (63 sesións) é dicir, o número máximo de faltas de asistencia non xustificadas será de 7 sesións cos efectos previstos na lexislación vixente.

Para os efectos de determinación da perda do dereito á avaliación continua, valoraranse as circunstancias persoais e laborais do alumno/a na xustificación desas faltas. A súa aceptación será acorde co establecido no regulamento de réxime interior do centro.

Aquel alumnado con perda do dereito á avaliación continua deberá realizar na data establecida polo centro unha proba extraordinaria composta de dúas partes: unha, que incluíra CA relacionadas con contidos e outra, relacionada cos procedementos e protocolos que conforman o módulo e que foron levados a cabo ao longo de todo curso. Para a súa realización contará dun tempo máximo de tres horas.

A nota da proba obterase tendo en conta os pesos de cada CA. Será preciso ter un 5 en cada unha das partes para superar o módulo.

A cualificación final do módulo procederá da media aritmética das dúas partes, non podendo realizar unha media entre ambas partes se non se supera cada parte da proba.

### **7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente**

O seguimento da programación realizarase na aplicación informática do servizo (<https://www.edu.xunta.es/programacions/>) no apartado adicada á mesma.

No caso de modificacións na programación, xustificárase debidamente e quedará reflectido na mesma aplicación.

Para o correcto seguimento da programación se realizarán reunións do equipo docente do ciclo formativo nas cales, en actitude recíproca de participación colectiva, intercambiaranse puntos de vista, analizarase, deliberarase e chegarase a acordos que enriquezan mutuamente a práctica docente. Este procedemento pode estar complementado coas estimacións que o alumnado realice.

Para comprobar a eficacia da programación, cubrirase para cada UD indicadores de logro.

A avaliación da práctica docente farase mediante unha enquisa de satisfacción.

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Co fin de determinar a existencia no grupo de alumnos/as con necesidade de apoio educativo, o equipo docente do ciclo de Atención a persoas en situación de dependencia realizará unha reunión inicial a principios de curso para intercambiar a información obtida nas correspondentes avaliacións iniciais así como a información que resulte do exame dos expedientes dos alumnos/as realizada polo titor ou titora do grupo segundo as indicacións da xefatura de estudos.

A avaliación inicial a que se lle adicarán 2 sesións, vai destinada a recoller información para coñecer as características e a formación previa de cada alumna/o, os coñecementos de partida, así como as súas capacidades para orientar según a individualidade e situar mellor en relación co perfil profesional correspondente.

Tentarase coñecer as características das alumnas/os que podan ser relevantes para a súa participación e aportación no desenvolvemento do módulo a través do modelo de cuestionario inicial que o/a titor/a de grupo pasa ao inicio do curso.

A avaliación inicial en ningún caso levará consigo cualificación para o alumnado.

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Na reunión inicial analizaranse os datos e levaranse a cabo as medidas pertinentes para adecuar as ensinanzas e adoptaranse decisións respecto ás medidas de reforzo educativo que se consideren oportunas prestando especial atención a:

- Procedencia do alumnado: doutras titulacións académicas; do medio laboral, da ESO, da FP básica ou mesmo do bacharelato.
- Idade e contexto sociocultural do/a alumno/a.
- Diferenzas individuais no ritmo de aprendizaxe e nas capacidades intelectuais.
- Dificultades de relación interpersoal, de atención, de mobilidade.
- Dificultades de lectura e no cálculo numérico (dislexia).
- Dificultades de comprensión, tanto oral como escrita.
- Problemas auditivos/ visuais.

Partirase da consideración da diversidade como feito enriquecedor e salvo casos excepcionais non se informará sobre os resultados nin ao

alumno/a nin a súa familia.

Destacan como medidas xerais a tomar:

- Plantexamento de actividades con distintos grados de dificultade: de reforzo educativo ou ben de ampliación; para alumnado máis avantaxado, que remata antes as tarefas, agrupamentos de traballo compensados; mezclando heteroxéneamente os grupos para compensar e dar flexibilidade na elección de tarefas.
- Como docente favorecerase: a cercanía na acción educativa, as actividades prácticas e motivadoras, as clases participativas e flexibilidade nos tempos de resposta.

Cando a análise da marcha dun estudante determine dificultades para o seguimento dos contidos do módulo, darase un apoio educativo personalizado determinando aqueles contidos nos que ten máis dificultades e proponendo traballos e actividades de reforzo que lle permitan acadar os criterios de avaliación.

No caso de que se detecten necesidades que excedan do simple reforzo, trasladarase ao departamento de Orientación a correspondente solicitude de informe psicopedagóxico. O equipo docente manterá reunións mensuais nas que se fará un seguimento de cada alumno/a e se adopten as medidas necesarias para a súa correcta atención.

Prestarase especial atención aos resultados da primeira avaliación e, de ser preciso, adoptaranse as medidas correctoras e de adaptación curricular non significativa que se consideren oportunas empregando, de ser necesario, os protocolos que ten a Consellería á disposición dos docentes.

Cando se trate de dificultades na aprendizaxe, as adaptacións que se propoñan irán dirixidas principalmente a corrixir deficiencias e permitir que o estudante acade os resultados da aprendizaxe correspondentes aos contidos que desenvolve o currículo do ciclo no decreto.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

No que se refire á formación profesional, ésta non ten únicamente un enfoque laboral; os contidos teñen que adaptarse á realidade cotiá e abarcar os tres eidos de formación: persoal, social e laboral.

É importante inculcarlles hábitos de boa actitude fronte ao traballo tanto teórico como práctico. Serán valores a promover a asertividade, a responsabilidade e a confidencialidade no traballo (segredo profesional).

Cómpre reforzar a concienciación do alumnado nunha serie de boas prácticas a realizar. Así, a formación teórico-práctica propia dos contidos do ciclo reforzaranse con contidos transversais entre os que cabe subliñar:

1.\_ Unha boa actitude, comportamento e respecto mutuo entre compañeiros/as e entre todo o colectivo escolar, inculcaráse o respecto cara calquera colectivo profesional/ laboral. Incidirase na súa importancia para o seu futuro profesional. Nas actividades das que consta esta programación proporanse tarefas para realizar en grupo e organizarase o traballo na clase de tal forma que o alumnado adquira hábitos de cooperación e traballo en equipo, colaboración e respecto cara o resto de integrantes do equipo respectando sempre as normas fixadas e valorando a igualdade de oportunidades entre ambos sexos.

- 2.\_ Reforzaranse os conceptos de hixiene e seguridade na aula inculcando normas básicas de hixiene durante o desenvolvemento do seu traballo, así como as precaucións necesarias na manipulación de determinados tipos de material. Deste xeito impulsárase a aprendizaxe de valores como a saúde laboral, responsabilidade no traballo e coñecer o algoritmo ante calqueira accidente laboral.
- 3.\_ Fomentárase a non discriminación por sexo, raza e/ou crenzas relixiosas e concienciárase sobre a igualdade de oportunidades de ambos os sexos rompendo o tópico da discriminación ou adxudicación de tarefas no traballo por razóns de sexo.
- 4.\_ Darase importancia á prevención de riscos laborais e á prevención de enfermidades infecciosas, así como á prevención en drogodependencia tabaquismo, alcoholismo e uso de drogas.
- 5.\_ Incidirase no respecto ao medio ambiente e na correcta xestión dos residuos. Impulsárase hábitos de reciclaxe, de todo tipo de materiais de embalaxe e outros residuos xerados no traballo de rutina poñendo atención especial a algún tipo de residuo perigoso para o medio ambiente e o resto da poboación.
- 6.\_ O alumnado disporá ademais do acceso a un aula virtual e un blog que favorecerá a aprendizaxe e o acceso aos materiais en calquera momento e lugar.
- 7.\_ Fomentárase o espírito emprendedor. Un dos eixes vertebradores da formación profesional é a incorporación do alumnado ao mundo laboral e o autoemprego; por tanto, ser emprendedor é unha alternativa laboral moi importante. Para levalo a cabo é preciso inculcar no alumnado o desexo de ser emprendedor, que o alumnado coñeza como nace unha idea de negocio e como se crea un plan de empresa. Por outra banda, non é suficiente con ser so emprendedor, o alumnado debe ser autodidacta, é dicir, capaz de realizar unha aprendizaxe autónoma. Para fomentar esa autoaprendizaxe introduciranse textos periodísticos e vídeos que buscarán que o alumnado sinta curiosidade por saber máis sobre o tema e o docente sexa só un mero vehículo para que o alumnado acade os seus obxectivos.

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Na primeira Reunión de Ciclo propoñéronse as distintas actividades complementarias e extraescolares que se realizarán durante o curso, as cales aparecerán na acta correspondente e se comunicarán á Dirección do Centro. Ao longo do curso promoveranse diferentes actividades complementarias e extraescolares tendentes a unha adecuada consecución dos resultados de aprendizaxe previstos no currículo, na seguinte liña de actuación:

**ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS** (organizadas en horario escolar, con carácter diferenciado das lectivas en canto á organización e uso de tempos, espazos e recursos):

- Charlas sobre a realidade educativa das escolas e diferentes aspectos relacionadas coa dinámica de traballo e actividades que se realizan nas mesmas, a cargo de profesionais en exercicio.
- Charlas de profesionais que desenvolven o seu labor no ámbito dos servizos sociais de atención á dependentes.
- Organización de actos conmemorativos de datas significativas ou tradicionais: Día da Saúde, Magosto, Entroido ...
- Creación dun libro resumo coas patoloxías de urxencia máis comúns e procedemento a seguir en cada un deles.
- Intentárase a toma de contacto co DESA dentro dunha institución sociosanitaria .

**ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES** (realizadas fóra do horario lectivo, con carácter voluntario para o alumnado). Propóranse, sempre que sexa posible, as seguintes actividades extraescolares:

- Visitas a centros de dependentes da cidade e/ou outros concellos.
- Visita a un centro hospitalario ou institución para a toma de contacto cun SVB e un SVA para que o alumnado se familiarice co material que está

presente en cada un deles. De non ser posible tentarase que sexa unha ambulancia de SVB a que se aproxime ao centro.

Todo isto será decidido tendo en conta a situación excepcional que estamos a vivir derivadas da pandemia SARS-CoV-2.

## 10. Outros apartados

### 10.1) INFORMACIÓN AO ALUMNADO

Na primeira sesión informarase dos aspectos relevantes da programación: secuencia temporal do módulo ao longo do curso, sistema de avaliación, material a usar e lugar onde se impartirán as clases.

Informarase da posibilidade de consultala en calquera momento por 2 vías:

En papel, o docente posuirá unha copia,

En arquivo electrónico na páxina web do centro e na aula virtual, dentro do propio módulo.

### 10.2) ATENCIÓN EDUCATIVA AO ALUMNADO POR CAUSAS SOBREVIDAS DURANTE O CURSO ESCOLAR

Ao inicio do curso o/a titor/a do ciclo fará unha enquisa para detectar posibles alumnos/as con problemática informática e adoptar solucións cos recursos do IES.

Aínda que determinadas tarefas/ actividades poidan ser enviadas polo alumnado a través da aula virtual, as clases serán presenciais na súa totalidade.

Se por causas especiais, debidamente xustificadas, non se poidesen impartir as clases de xeito presencial ou un alumno/a non poidese asistir por problemas de saúde, as clases desenvolveranse de xeito telemático a través da aula virtual do módulo, con actividades interactivas, presentacións e de ser necesario, videoconferencias.

Realizaranse sesións por videoconferencia empregando a plataforma Webex e combinarase coa aula virtual onde o alumnado terá acceso a tódolos documentos, videos... que faciliten o proceso ensinanza-aprendizaxe para que así o alumnado poida acadar os resultados de aprendizaxe do curriculum.

Os criterios de avaliación relacionados con procedementos e protocolos, serán avaliados cando se volva a incorporar os alumnos/as ás clases. De non ser posible a incorporación realizaranse as probas a través da aula virtual e manteranse as ponderacións de ditos criterios de avaliación para o cálculo da cualificación final do módulo.

De darse esta situación os criterios de cualificación empregados serán os seguintes:

- Probas escritas: 50% da nota. Valorarase mediante proba escrita de cada unidade: preguntas tipo test/curtas e/ou de desenvolvemento tendo un tempo limitado para a súa realización. Superarase esta proba con cualificacións iguais ou superiores ó 5, de non acadarse esa nota pasarase o procedemento de recuperación.

- Tarefas: 50% da nota. Mediante tarefas individuais entregadas en tempo e forma na aula virtual. Serán realizadas cada trimestre tarefas e farase a media aritmética entre todas elas sempre e cando todas estén superadas cunha nota igual ou superior a 5. Cada unidade terá como

mínimo un traballo e de non superar a avaliación mínima esixida terá unha segunda data de entrega no trimestre, de non facelo pasarase o procedemento de recuperación.

Malia que a avaliación é continua, para o alumnado que non supere algunha das avaliacións establecerase un plan personalizado e programaranse tarefas de recuperación relativas ás unidades didácticas que lle correspondan, a desenvolver a partires dos mesmos traballos propostos durante o curso así como a realización das probas escritas correspondientes co fin de acadar os resultados de aprendizaxe do módulo.

No caso de que o/a alumno/a non acade unha cualificación positiva nas avaliacións parciais realizará tarefas e/ou exames de recuperación que establecerá o docente de forma individualizada atendendo aos déficits do alumno/a e co obxectivo de acadar as capacidades terminais do módulo. As actividades do plan de recuperación poderán consistir na elaboración de probas, tarefas e/ou traballos semellantes aos propostos.

Se se suspende un parcial ou unha unidade didáctica, o/a alumno/a realizará a recuperación co parcial correspondente ou ca unidade didáctica segundo o caso.

Se se suspende a recuperación, o/a alumno/a realizará o examen final con toda a avaliación ou avaliacións correspondentes.

Os/as alumnos/as que perdan o dereito á avaliación continua terán que facer una proba final escrita durante un tempo máximo de dúas horas que constará dunha parte teórica e dunha parte práctica (na que o/a alumno/a deberá resolver preguntas das prácticas e tarefas feitas o longo do curso) sobre as unidades didácticas programadas. Así mesmo, deberá entregar tódolos traballos que fosen requeridos polo docente ao longo do curso académico.

### 10.3) PREVENCIÓN DE RISCOS E SAÚDE LABORAL

Os espazos nos que se desenvolve o módulo, cumpren os requisitos mínimos establecidos no anexo II do decreto.

O equipamento dispón ademáis das instalacións necesarias para o seu correcto funcionamento respectando as normativas sobre prevención de riscos laborais e sobre seguridade e saúde no posto de traballo, así como cantas outras normas sexan de aplicación. Con ese fin, no transcurso do curso daránselles nocións de como identificar un risco laboral, como prevelo e como actuar ante un accidente.

Farase énfase naqueles relacionados co traballo que desenvolverán: uso de grúas, material punzante, queimaduras, tomas de electricidade, manipulación de secrecións, limpeza e desinfección de material, prevención de cortes.

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
27012048	Xograr Afonso Gómez de Sarria	Sarria	2023/2024

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SSC	Servizos socioculturais e á comunidade	CMSSC01	Atención a persoas en situación de dependencia	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0213	Atención e apoio psicosocial	2023/2024	9	240	288

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	MARÍA PILAR ESTAR LÓPEZ (Subst.)
Outro profesorado	MARÍA PILAR ESTAR LÓPEZ

Estado: Pendente de supervisión inspector

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Identificación: O título de Técnico Medio en Atención a Personas en Situación de Dependencia queda identificado polos seguintes elementos:

- Denominación: Atención a Personas en Situación de Dependencia.
- Nivel: Formación Profesional de Grao Medio.
- Duración: 2000 horas.
- Familia Profesional: Servizos Socioculturais e á Comunidade.
- Referente na Clasificación Internacional Normalizada da Educación: CINE-3b

Este deseño curricular corresponde o módulo profesional de Atención e Apoio Psicosocial do Ciclo Medio de Atención a Persoas en Situación de Dependencia, da Familia Profesional Servizos socioculturais e a Comunidade.

O campo da actividade produtiva: Na prestación de servizos de atención a persoas en situación de dependencia principalmente desenvolta nos seguintes ámbitos do mercado.

- Centros residenciais de maiores, enfermos crónicos.
- Atención a persoas con diversidade funcional.
- Outros modelos residenciais: pisos tutelados de maiores, de persoas con diversidade funcional, centros de día, centros de ocio e tempo libre, centros ocupacionais.
- Servizos de atención domiciliaria.

O perfil profesional do título: Técnico/a de Grado Medio en Atención a Personas en Situación de Dependencia queda determinado pola súa competencia xeneral, as súas competencias profesionais, persoais e sociais, e pola relación de cualificacións e, no seu caso, unidades de competencia do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais incluídas no título.

A competencia xeral deste título:

Consiste en atender as persoas en situación de dependencia no ámbito domiciliario e institucional, co fin de manter e mellorar a súa calidade de vida, realizando actividades asistenciais e non asistenciais, psicosociais e de apoio á xestión doméstica, aplicando medidas e normas de prevención e seguridade, e derivándoas a outros servizos en caso necesario.

As competencias profesionais, persoais e sociais deste título son as que se relacionan:

- a) Determinar as necesidades asistenciais e psicosociais da persoa en situación de dependencia mediante a interpretación da información obtida acerca da persoa a través do plan de atención individual, respectando a súa confidencialidade.
- b) Organizar as actividades de atención ás persoas en situación de dependencia, favorecendo a súa colaboración e a da familia, e tendo en conta as directrices establecidas no plan de atención individualizada.
- c) Realizar as tarefas de hixiene persoal e vestidura das persoas en situación de dependencia, achegando a axuda precisa, favorecendo ao máximo a súa autonomía nas actividades da vida diaria e mantendo cara a elas unha actitude de respecto e profesionalidade.
- d) Organizar a intervención relativa á alimentación, supervisando os menús, preparando os alimentos e administrándoos en caso necesario.
- e) Xestionar a documentación básica e o orzamento da unidade de convivencia, cun óptimo aproveitamento dos recursos e asegurando a viabilidade da xestión económica.
- f) Realizar as actividades de mantemento e limpeza do domicilio, garantindo as condicións de habitabilidade, hixiene e orde, con criterios de calidade, seguridade e coidado do ambiente e, de ser o caso, tramitar a documentación pertinente.
- g) Realizar as intervencións relacionadas co estado físico das persoas en situación de dependencia, seguindo as pautas establecidas e amosando en todo momento respecto pola súa intimidade.
- h) Realizar os traslados, as mobilizacións e o apoio á deambulación das persoas en situación de dependencia, empregando os protocolos e axudas técnicas necesarias, seguindo as pautas marcadas no plan de atención individual (PAI) e adoptando medidas de prevención e seguridade.



- i) Aplicar medidas de prevención e seguridade tanto para as persoas en situación de dependencia como para o persoal profesional, en distintos ámbitos de intervención.
- j) Dar resposta a situacións de emerxencia e risco para a saúde no desenvolvemento da actividade profesional, aplicando técnicas de primeiros auxilios.
- k) Pór en práctica intervencións de apoio psicosocial, empregando axudas técnicas, apoios de comunicación e tecnoloxías da información e da comunicación, seguindo as pautas marcadas no plan de atención individual.
- l) Aplicar técnicas e estratexias para o mantemento e o desenvolvemento das habilidades de autonomía persoal e social das persoas en situación de dependencia, empregando as axudas técnicas e de comunicación consonte as pautas marcadas no plan de atención individual.
- m) Realizar tarefas de acompañamento e asistencia persoal, respectando as directrices do plan individual de vida independente e as decisións da persoa usuaria.
- n) Asesorar persoas en situación de dependencia, familiares e persoal cuidador non formal, proporcionándolles pautas de actuación no coidado e na atención asistencial e psicosocial, e adecuando a comunicación e as actitudes ás características das persoas interlocutoras.
- ñ) Resolver as continxencias con iniciativa e autonomía, amosando unha actitude autocrítica e procurando alternativas para favorecer o benestar das persoas en situación de dependencia.
- o) Colaborar no control e no seguimento das actividades asistenciais, psicosociais e de xestión domiciliaria, cubrindo os rexistros oportunos, manexando as aplicacións informáticas do servizo e comunicando as incidencias detectadas.
- p) Xestionar as chamadas entrantes e saíntes do servizo de teleasistencia, recibíndoas e emitíndoas segundo os protocolos establecidos, utilizando aplicacións informáticas e ferramentas telemáticas.
- q) Adaptarse ás novas situacións laborais orixinadas por cambios tecnolóxicos e organizativos nos procesos produtivos, actualizando os seus coñecementos, utilizando os recursos existentes para a aprendizaxe ao longo da vida e as tecnoloxías da información e da comunicación.
- r) Actuar con responsabilidade e autonomía no ámbito da súa competencia, organizando e desenvolvendo o traballo asignado, e cooperando ou traballando en equipo con diferentes profesionais no contorno de traballo.
- s) Resolver de xeito responsable as incidencias relativas á súa actividade, e identificar as súas causas, dentro do ámbito da súa competencia e da súa autonomía.
- t) Comunicarse eficazmente, respectando a autonomía e competencia das persoas que interveñen no ámbito do seu traballo.
- u) Aplicar os protocolos e as medidas preventivas de riscos laborais e protección ambiental durante o proceso produtivo, para evitar danos nas persoas, no contorno laboral e no ambiente. v) Aplicar procedementos de calidade e de accesibilidade e deseño universais nas actividades profesionais incluídas nos procesos de produción ou prestación de servizos.
- w) Realizar a xestión básica para a creación e o funcionamento dunha pequena empresa, e ter iniciativa na súa actividade profesional.
- x) Exercer os dereitos e cumprir as obrigas derivadas da actividade profesional, de acordo co establecido na lexislación vixente, participando activamente na vida económica, social e cultural.

As medidas establecidas na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, así como o aumento de persoas da terceira idade, fai previsible unha alta inserción laboral e unha tendencia de crecemento estable. A diminución de cuidadores non formais no ámbito familiar derivada da situación socioeconómica e laboral das familias redonda tamén nunha maior empregabilidade das persoas con esta titulación.

O forte crecemento dos servizos de atención diurna que se observa vai requirir profesionais con maior competencia e versatilidade na realización de actividades A asistencia para a autonomía persoal, que aparece como sector emerxente, esixe profesionais con competencias relacionadas coa función de acompañamento. A progresiva implantación das novas tecnoloxías fai necesaria unha actualización permanente neste campo, para se adaptar aos cambios que se vaian introducindo nas institucións e no propio domicilio.

As persoas que obteñan este título han exercer a súa actividade no sector de servizos ás persoas, de carácter asistencial, psicosocial e de apoio á xestión doméstica.

Partindo pois dos elementos arribas expostos, establécense, como ocupacións e postos de traballo máis salientables, os seguintes:

1. Cuidador/ora de persoas en situación de dependencia en institucións e/ou domicilios.

2. Coidador/ora en centros de atención psiquiátrica.
3. Xerocultor/ora.
4. Gobernante/a e subgobernante/a de persoas en situación de dependencia en institucións.
5. Auxiliar responsable de planta de residencias de maiores e persoas con discapacidade.
6. Auxiliar de axuda a domicilio.
7. Asistente de atención domiciliaria.
8. Traballador/ora familiar.
9. Auxiliar de educación especial.
10. Asistente persoal.
11. Teleoperador/ora de teleasistencia.

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Aproximación a intervención social	Achegamento ao concepto de intervención psicosocial, ámbitos de intervención e factores a ter en conta na intervención e que se irán desenvolvendo ao longo das seguintes unidades didácticas.	25	8
2	Organización e ambientación do contorno de intervención	Organiza a área onde desenvolve o seu labor, tendo en conta a relación entre as necesidades psicosociais das persoas en situación de dependencia e as características da institución ou do domicilio.	40	15
3	As relacións sociais nas persoas en situación de dependencia	Selecciona estratexias de apoio psicosocial e habilidades de relación social, para o que analiza as necesidades e características das persoas en situación de dependencia.	40	15
4	Aprendizaxe e motivación nas persoas en situación de dependencia	Analízanse as características da aprendizaxe e a motivación das persoas en situación de dependencia	28	8
5	Técnicas e exercicios de mantemento e entramento psicolóxico, rehabilitador e ocupacional	Seleccionaranse, en función das súas características e do plan de intervención establecido, e aplica técnicas e exercicios de mantemento e adestramento psicolóxico, rehabilitador e ocupacional coas persoas en situación de dependencia	40	15
6	Intervención de acompañamento e apoio no contorno familiar e institucional	Caracteriza as técnicas de acompañamento para actividades de relación social e de xestión da vida cotiá, tendo en conta a relación entre os recursos comunitarios e as necesidades das persoas en situación de dependencia	40	12
7	Animación e dinamización do ocio e o tempo libre	Describe estratexias e técnicas de animación grupal na institución para o que analiza as necesidades das persoas en situación de dependencia.	40	15
8	Recursos e servizos para persoas en situación de dependencia: información ao cuidador informal	Prepara información para as persoas cuidadoras non formais, tendo en conta a relación entre as súas demandas e necesidades, e os recursos comunitarios	35	12

#### 4. Por cada unidade didáctica

##### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Aproximación a intervención social	25

##### 4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Selecciona estratexias de apoio psicosocial e habilidades de relación social, para o que analiza as necesidades e as características das persoas en situación de dependencia.	NO

##### 4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Descríbense as características e as necesidades fundamentais das relacións sociais das persoas en situación de dependencia.

##### 4.1.e) Contidos

Contidos
Relacións sociais nas persoas en situación de dependencia: características.

**4.2.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
2	Organización e ambientación do contorno de intervención	40

**4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Organiza a área onde desenvolve o seu labor, tendo en conta a relación entre as necesidades psicosociais das persoas en situación de dependencia e as características da institución ou do domicilio.	SI
RA7 - Valora o seguimento das intervencións e das actividades, tendo en conta a relación entre a información extraída de diversas fontes, e os instrumentos e os protocolos de avaliación.	SI

**4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícanse as características organizativas e funcionais da institución ou do domicilio que incidan na situación psicosocial das persoas en situación de dependencia.
CA1.2 Descríbense os factores ambientais e os elementos espaciais e materiais que inciden na relación social.
CA1.3 Respectáronse as orientacións recibidas, as necesidades e as características das persoas, os seus costumes e os seus gustos, así como as normas de seguridade e hixiene no mantemento dos espazos e da moblaxe.
CA1.4 Orientouse a persoa usuaria e o persoal coidador informal sobre os espazos e os materiais para favorecer o desenvolvemento autónomo, a comunicación e a convivencia das persoas en situación de dependencia.
CA1.5 Decoráronse os espazos en función das necesidades da persoa en situación de dependencia, así como do calendario, o ámbito cultural e o programa de actividades da institución.
CA1.6 Confeccionáronse os elementos de sinalización e simbolización para organizar os materiais e os utensilios dunha aula-obradoiro ou dun domicilio, e deste xeito facilitar a autonomía da persoa en situación de dependencia.
CA1.7 Xustificáronse as vantaxes de organizar o espazo de cara á mellora da calidade de vida das persoas en situación de dependencia.
CA1.8 Amosouse iniciativa na organización do espazo de intervención dentro da institución ou do domicilio.
CA7.1 Identifícanse as fontes de información implicadas na atención psicosocial da persoa en situación de dependencia.
CA7.2 Definíronse os instrumentos de recollida de información para o seu uso no proceso de avaliación da intervención e valoración da persoa en situación de dependencia.
CA7.3 Formalizáronse os protocolos específicos de cada intervención e do proceso de avaliación, tanto no domicilio como na institución.
CA7.4 Aplicáronse instrumentos de rexistro e transmisión das observacións realizadas no desenvolvemento das actividades.
CA7.5 Valorouse a importancia dos procesos de avaliación no desenvolvemento do seu labor profesional.
CA7.6 Xustificouse a importancia da transmisión da información ao equipo interdisciplinar.
CA7.7 Argumentouse a importancia da obtención, o rexistro e a transmisión da información para mellorar a calidade do traballo realizado.

**4.2.e) Contidos**

Contidos
Factores ambientais na relación social: adaptación á institución e ao domicilio das persoas en situación de dependencia
Mantemento de espazos e moblaxe.
Mantemento de axudas técnicas e materiais para a realización de actividades

**Contidos**

Organización de espazos de acordo coas necesidades da persoa ou das persoas que os usan

Análise dos espazos para favorecer a autonomía, a comunicación e a convivencia. Distribución e presentación de elementos espaciais e materiais.

Confección de elementos decorativos e ambientais. Elementos de sinalización e simbolización para organizar materiais e efectos.

Ambientación do espazo, tendo en conta a época, a funcionalidade, etc.

Iniciativa e creatividade na ambientación de espazos. Utilización das novas tecnoloxías na ambientación de espazos

Identificación dos instrumentos de recollida de información: cuestionarios, entrevistas, observacións, etc.

Formalización de protocolos específicos para un servizo de axuda a domicilio ou ben para unha institución social, servizo de apoio a mobilidade, comedor sobre rodas, etc.

Obtención de información das persoas en situación de dependencia, e do seu persoal coidador non formal: aplicación de cuestionarios, follas de observación, entrevistas, etc.

Aplicación de instrumentos de rexistro e transmisión da información. Procedemento de rexistro da documentación persoal na unidade de convivencia

Valoración da transmisión de información.

**4.3.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
3	As relacións sociais nas persoas en situación de dependencia	40

**4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Selecciona estratexias de apoio psicosocial e habilidades de relación social, para o que analiza as necesidades e as características das persoas en situación de dependencia.	SI
RA7 - Valora o seguimento das intervencións e das actividades, tendo en conta a relación entre a información extraída de diversas fontes, e os instrumentos e os protocolos de avaliación.	SI

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.1 Descríbense as características e as necesidades fundamentais das relacións sociais das persoas en situación de dependencia.
CA2.2 Analizáronse os criterios e as estratexias para organizar a intervención referida ao apoio psicosocial ás persoas en situación de dependencia e a creación de novas relacións.
CA2.3 Identifícanse os recursos, os medios, as técnicas e as estratexias de apoio e desenvolvemento das habilidades sociais das persoas en situación de dependencia.
CA2.4 Seleccionáronse os medios e os recursos expresivos e comunicativos que favorezan o mantemento das capacidades relacionais das persoas en situación de dependencia.
CA2.5 Seleccionáronse técnicas e estratexias de apoio para colaborar no mantemento e no desenvolvemento de habilidades sociais adaptadas ás situacións cotiás.
CA2.6 Aplicáronse as tecnoloxías de información e da comunicación para o mantemento da relación social co medio.
CA2.7 Aplicáronse técnicas de modificación de conduta e de resolución de conflitos para a atención social a persoas con necesidades especiais.
CA2.8 Xustificouse a necesidade de respectar as pautas de comunicación e o uso das habilidades de relación social de cada persoa usuaria.
CA7.1 Identifícanse as fontes de información implicadas na atención psicosocial da persoa en situación de dependencia.
CA7.2 Definíronse os instrumentos de recollida de información para o seu uso no proceso de avaliación da intervención e valoración da persoa en situación de dependencia.
CA7.3 Formalizáronse os protocolos específicos de cada intervención e do proceso de avaliación, tanto no domicilio como na institución.
CA7.4 Aplicáronse instrumentos de rexistro e transmisión das observacións realizadas no desenvolvemento das actividades.
CA7.5 Valorouse a importancia dos procesos de avaliación no desenvolvemento do seu labor profesional.
CA7.6 Xustificouse a importancia da transmisión da información ao equipo interdisciplinar.
CA7.7 Argumentouse a importancia da obtención, o rexistro e a transmisión da información para mellorar a calidade do traballo realizado.

**4.3.e) Contidos**

Contidos
Relacións sociais nas persoas en situación de dependencia: características.
Análise de estratexias que favorezan a relación social nas persoas en situación de dependencia. Técnicas para favorecer a relación social. Actividades de acompañamento e de relación social, individual e grupal
Habilidades sociais na persoa en situación de dependencia: factores; dificultades

**Contidos**

Determinación de recursos expresivos para favorecer o mantemento das capacidades de relación. Aplicacións das novas tecnoloxías, asociacionismo, recursos do contorno e vías de acceso a elas

Aplicación de técnicas e estratexias para o desenvolvemento de habilidades sociais: exercicios de adestramento en habilidades sociais

Solución de conflitos na atención domiciliaria e institucional: procedementos e estratexias para a resolución de conflitos.

Novas tecnoloxías da información e a comunicación na relación social

Identificación dos instrumentos de recollida de información: cuestionarios, entrevistas, observacións, etc.

Formalización de protocolos específicos para un servizo de axuda a domicilio ou ben para unha institución social, servizo de apoio a mobilidade, comedor sobre rodas, etc.

Obtención de información das persoas en situación de dependencia, e do seu persoal coidador non formal: aplicación de cuestionarios, follas de observación, entrevistas, etc.

Aplicación de instrumentos de rexistro e transmisión da información. Procedemento de rexistro da documentación persoal na unidade de convivencia

Valoración da transmisión de información.



**4.4.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
4	Aprendizaxe e motivación nas persoas en situación de dependencia	28

**4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Selecciona, en función das súas características e do plan de intervención establecido, e aplica técnicas e exercicios de mantemento e adestramento psicolóxico, rehabilitador e ocupacional coas persoas en situación de dependencia.	NO
RA7 - Valora o seguimento das intervencións e das actividades, tendo en conta a relación entre a información extraída de diversas fontes, e os instrumentos e os protocolos de avaliación.	NO

**4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA3.1 Descríbense as características específicas da motivación e da aprendizaxe das persoas maiores, discapacitadas e enfermas.
CA3.8 Aplicáronse técnicas de motivación para persoas en situación de dependencia na planificación dos exercicios e as actividades de mantemento e adestramento psicolóxico, rehabilitador e ocupacional.
CA7.1 Identifícanse as fontes de información implicadas na atención psicosocial da persoa en situación de dependencia.

**4.4.e) Contidos**

Contidos
Caracterización da motivación e a aprendizaxe nas persoas anciás, discapacitadas e enfermas.
Exercicios e actividades de estimulación cognitiva (memoria, atención, orientación espacial, temporal e persoal, e razoamento) en situacións cotiás do domicilio e nunha institución social.

**4.5.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
5	Técnicas e exercicios de mantemento e entramento psicolóxico, rehabilitador e ocupacional	40

**4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Selecciona, en función das súas características e do plan de intervención establecido, e aplica técnicas e exercicios de mantemento e adestramento psicolóxico, rehabilitador e ocupacional coas persoas en situación de dependencia.	SI
RA7 - Valora o seguimento das intervencións e das actividades, tendo en conta a relación entre a información extraída de diversas fontes, e os instrumentos e os protocolos de avaliación.	SI

**4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA3.1 Descríbense as características específicas da motivación e da aprendizaxe das persoas maiores, discapacitadas e enfermas.
CA3.2 Identifícanse estratexias de intervención adecuadas á realización de exercicios e actividades dirixidas ao mantemento e á mellora das capacidades cognitivas.
CA3.3 Aplícanse as actividades rehabilitadoras e de mantemento cognitivo adaptadas ás necesidades específicas das persoas usuarias e á programación.
CA3.4 Utilízanse materiais, con iniciativa e creatividade, para a realización de actividades e exercicios dirixidos ao mantemento e á mellora das capacidades cognitivas.
CA3.5 Realízanse as actividades para o mantemento e a mellora da autonomía persoal.
CA3.6 Colabórase coa persoa en situación de dependencia na realización dos exercicios de mantemento e adestramento cognitivo.
CA3.7 Respectáronse as limitacións das persoas en situación de dependencia, non só físicas senón tamén culturais, á hora de realizar as actividades e os exercicios de mantemento e adestramento psicolóxico, rehabilitador e ocupacional.
CA3.8 Aplícanse técnicas de motivación para persoas en situación de dependencia na planificación dos exercicios e as actividades de mantemento e adestramento psicolóxico, rehabilitador e ocupacional.
CA7.1 Identifícanse as fontes de información implicadas na atención psicosocial da persoa en situación de dependencia.
CA7.2 Defínense os instrumentos de recollida de información para o seu uso no proceso de avaliación da intervención e valoración da persoa en situación de dependencia.
CA7.3 Formalízanse os protocolos específicos de cada intervención e do proceso de avaliación, tanto no domicilio como na institución.
CA7.4 Aplícanse instrumentos de rexistro e transmisión das observacións realizadas no desenvolvemento das actividades.
CA7.5 Valórase a importancia dos procesos de avaliación no desenvolvemento do seu labor profesional.
CA7.6 Xustifícase a importancia da transmisión da información ao equipo interdisciplinar.
CA7.7 Argumentouse a importancia da obtención, o rexistro e a transmisión da información para mellorar a calidade do traballo realizado.

**4.5.e) Contidos**

Contidos
Caracterización da motivación e a aprendizaxe nas persoas anciás, discapacitadas e enfermas.
Exercicios e actividades de estimulación cognitiva (memoria, atención, orientación espacial, temporal e persoal, e razoamento) en situacións cotiás do domicilio e nunha institución social.
Análise da aplicación de actividades rehabilitadoras e de mantemento cognitivo. Elaboración de estratexias de intervención.

**Contidos**

Deseño e utilización de materiais para a rehabilitación cognitiva

Realización de actividades de mantemento e mellora da autonomía persoal na vida diaria: técnicas, procedementos e estratexias de intervención.

Importancia da atención psicosocial no traballo con persoas en situación de dependencia.

Identificación dos instrumentos de recollida de información: cuestionarios, entrevistas, observacións, etc.

Formalización de protocolos específicos para un servizo de axuda a domicilio ou ben para unha institución social, servizo de apoio a mobilidade, comedor sobre rodas, etc.

Obtención de información das persoas en situación de dependencia, e do seu persoal coidador non formal: aplicación de cuestionarios, follas de observación, entrevistas, etc.

Aplicación de instrumentos de rexistro e transmisión da información. Procedemento de rexistro da documentación persoal na unidade de convivencia

Valoración da transmisión de información.

**4.6.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
6	Intervención de acompañamento e apoio no contorno familiar e institucional	40

**4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Caracteriza as técnicas de acompañamento para actividades de relación social e de xestión da vida cotiá, tendo en conta a relación entre os recursos comunitarios e as necesidades das persoas en situación de dependencia.	SI

**4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA4.1 Obtívose información do equipo interdisciplinar para identificar as necesidades de acompañamento da persoa en situación de dependencia.
CA4.2 Identifícaronse as actividades de acompañamento que cumpra facer, tanto nunha institución como no domicilio, respectando os dereitos das persoas implicadas.
CA4.3 Selecciónanse criterios e estratexias que favorezan a autonomía persoal das persoas en situación de dependencia nas situacións de acompañamento.
CA4.4 Adaptáronse os recursos comunitarios das persoas en situación de dependencia ao acompañamento para o lecer e o acceso aos recursos, de acordo coas súas características e cos intereses persoais.
CA4.5 Rexistrouse o desenvolvemento das actividades de acompañamento, así como as incidencias xurdidas durante estas.
CA4.6 Respectáronse os intereses das persoas en situación de dependencia na realización de actividades de lecer e tempo libre.
CA4.7 o respecto ás directrices, ás orientacións e aos protocolos establecidos nas tarefas de acompañamento.

**4.6.e) Contidos**

Contidos
Identificación das necesidades de acompañamento: concepto de acompañamento das persoas en situación de dependencia na institución ou no domicilio.
Tipos de xestión persoal en que se requira acompañamento: áreas de intervención; estratexias de actuación, límites e deontoloxía.
Funcións e papel do persoal profesional no acompañamento na institución e no domicilio.
Adecuación do acompañamento ás necesidades e ás características das persoas usuarias.
Acompañamento en situacións de lecer e tempo libre: actividades ao aire libre, culturais, sociais e da comunidade.
Rexistro das actividades de acompañamento. Xestión e seguimento. Procedemento de rexistro da documentación persoal.
Consideración das orientacións e os protocolos establecidos na xestión persoal e relacional.

**4.7.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
7	Animación e dinamización do ocio e o tempo libre	40

**4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Describe estratexias e técnicas de animación grupal na institución, para o que analiza as necesidades das persoas en situación de dependencia.	SI
RA7 - Valora o seguimento das intervencións e das actividades, tendo en conta a relación entre a información extraída de diversas fontes, e os instrumentos e os protocolos de avaliación.	SI

**4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA5.1 Definíronse as técnicas de animación para dinamizar as actividades de lecer das persoas en situación de dependencia.
CA5.2 Descríbense as estratexias de animación e motivación que potencien a participación nas actividades que se realizan nunha institución concreta.
CA5.3 Seleccionáronse recursos específicos de lecer adecuados ás persoas en situación de dependencia.
CA5.4 Analizáronse os materiais de carácter lúdico adecuados ás persoas usuarias, e determináronse as súas características e as súas utilidades.
CA5.5 Descríbense actividades de lecer e tempo libre, dentro e fóra da institución, tendo en conta as necesidades das persoas usuarias.
CA5.6 Dispúxose o mantemento e o control dos recursos de lecer e culturais dentro da institución.
CA5.7 Fixéronse propostas creativas no deseño de actividades de animación e eventos especiais na institución.
CA5.8 Xustificouse o respecto polos intereses das persoas usuarias e os principios de autodeterminación da persoa dependente á hora de ocupar o seu tempo libre e participar en actividades de animación de lecer e tempo libre.
CA7.1 Identifícanse as fontes de información implicadas na atención psicosocial da persoa en situación de dependencia.
CA7.2 Definíronse os instrumentos de recollida de información para o seu uso no proceso de avaliación da intervención e valoración da persoa en situación de dependencia.
CA7.3 Formalizáronse os protocolos específicos de cada intervención e do proceso de avaliación, tanto no domicilio como na institución.
CA7.4 Aplicáronse instrumentos de rexistro e transmisión das observacións realizadas no desenvolvemento das actividades.
CA7.5 Valorouse a importancia dos procesos de avaliación no desenvolvemento do seu labor profesional.
CA7.6 Xustificouse a importancia da transmisión da información ao equipo interdisciplinar.
CA7.7 Argumentouse a importancia da obtención, o rexistro e a transmisión da información para mellorar a calidade do traballo realizado.

**4.7.e) Contidos**

Contidos
Técnicas de animación destinadas ás persoas en situación de dependencia: persoas maiores, discapacitadas e enfermas.
Motivación e dinamización de actividades: estratexias para motivar; organización e desenvolvemento.
Desenvolvemento de recursos de lecer e tempo libre: modalidades. Festas, eventos especiais e xogos.

**Contidos**

Recursos lúdicos para persoas en situación de dependencia: características e utilidades. Festas, eventos especiais e xogos; cultura e folclore; natureza; deportes; obradoiros.

Innovación en recursos de lecer e tempo libre. Materiais lúdicos: tipos, características e utilidades.

Actividades de animación, lecer e tempo libre: proposta de actuación.

Mantemento, control e préstamo de recursos: bibliotecas e videotecas

Respecto polos intereses das persoas usuarias.

Identificación dos instrumentos de recollida de información: cuestionarios, entrevistas, observacións, etc.

Formalización de protocolos específicos para un servizo de axuda a domicilio ou ben para unha institución social, servizo de apoio a mobilidade, comedor sobre rodas, etc.

Obtención de información das persoas en situación de dependencia, e do seu persoal cuidador non formal: aplicación de cuestionarios, follas de observación, entrevistas, etc.

Aplicación de instrumentos de rexistro e transmisión da información. Procedemento de rexistro da documentación persoal na unidade de convivencia

Valoración da transmisión de información.

**4.8.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
8	Recursos e servizos para persoas en situación de dependencia: información ao cuidador informal	35

**4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA6 - Prepara información para as persoas cuidadoras non formais, tendo en conta a relación entre as súas demandas e necesidades, e os recursos comunitarios.	SI

**4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA6.1 Definíronse os recursos comunitarios dirixidos a persoas en situación de dependencia.
CA6.2 Elaborouse un ficheiro de recursos de apoio social, ocupacional, de lecer e tempo libre, e de prestacións económicas.
CA6.3 Identifícaronse as vías de acceso e as xestións necesarias para que o persoal cuidador informal solicite as prestacións máis frecuentes.
CA6.4 Identifícaronse formatos e modelos de solicitude de axudas, prestacións e servizos.
CA6.5 Utilizáronse as tecnoloxías da información e da comunicación para localizar recursos comunitarios.
CA6.6 Xustificouse o establecemento de relacións coas familias e o persoal que se encargue das persoas usuarias.
CA6.7 Expresouse adecuadamente no proceso de comunicación coas familias e co persoal cuidador non formal.

**4.8.e) Contidos**

Contidos
Recursos sociais e comunitarios para as persoas en situación de dependencia: información e análise dos recursos sociais.
Confección dun ficheiro de recursos de apoio social, ocupacional, e de lecer e tempo libre. Estratexias de procura de recursos existentes na zona.
Identificación e formalización de solicitudes de prestación de servizos de apoio social e comunitario que oriente as familias e as persoas en situación de dependencia. Casos prácticos.
Uso das novas tecnoloxías para localización de recursos e a formalización de solicitudes.
Descrición das necesidades de apoio individual ou orientación familiar na autonomía persoal para as actividades da vida diaria.
Apoio durante o período de adaptación ás institucións: estratexias de intervención.
Valoración do establecemento de relacións fluídas coa familia e da comunicación adecuada.

## 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os contidos mínimos esixibles deste módulo son todos aqueles que se recollen ao longo da programación didáctica e especificados por unidades.

Os criterios de cualificación para cada avaliación serán os seguintes:

a) Un 60% da nota procederá da cualificación obtida nas probas escritas. Para aprobar este módulo, deberá obterse unha cualificación mínima igual a 5 en cada unha das probas que se realicen ao longo do curso. No caso de realizarse máis dunha proba escrita, deberá obterse unha cualificación mínima igual a 5 en cada unha delas e a nota total será a media aritmética das mesmas.

O alumnado que durante a realización dunha proba escrita ou da realización dun proxecto realizara calquera acto de copia, suplantación ou cambio obterá unha puntuación de 1.

b) Un 40% procederá das cualificacións das actividades e tarefas que se propoñan.

A nota final acadada en cada avaliación calcularase sumando a nota resultante en cada apartado dos definidos.

As cualificacións das avaliacións parciais e final serán numéricas entre 1 e 10, sen decimais. Se o primeiro decimal é igual ou inferior a 5, a nota redondéase á baixa. Pola contra, se ese primeiro decimal é superior a 5, a nota sería redondeada á alza.

No caso de que o/a alumno/a non acade unha cualificación positiva nas avaliacións parciais realizará as actividades de recuperación que establecerá a profesora de forma individualizada atendendo ás necesidades do alumno/a e co obxectivo de acadar os obxectivos do módulo.

As actividades do plan de recuperación poderán consistir na elaboración de probas, actividades e traballos semellantes aos propostos durante o trimestre.

Os alumnos que non teñan as avaliacións superadas e aqueles que teñan perda do dereito de avaliación continua, deberán realizar o exame final para superar o módulo, así como entregar aquelas actividades e traballos que se demanden, de acordo cos realizados ao longo do curso polo resto do alumnado.

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

No caso de que o/a alumno/a non acade unha cualificación positiva nas avaliacións parciais realizará as actividades de recuperación que establecerá o/a profesor/a de forma individualizada atendendo ás necesidades do alumno/a e coa finalidade de acadar os obxectivos do módulo.

As actividades do plan de recuperación poderán consistir na elaboración de actividades e traballos semellantes aos propostos durante o trimestre e/ou a realización dunha proba escrita.

### 6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Aquel alumno ou alumna que perda o dereito á avaliación continua terá, como recoñece a lexislación vixente, dereito a unha proba final de carácter extraordinario, consistente nunha proba teórico-práctica onde se recollerán os contidos abordados no módulo.

A avaliación extraordinaria consistirá na realización dunha proba que constará dunha parte teórica e dunha parte práctica sobre os contidos do



módulo. Así como a entrega de actividades prácticas similares ás realizadas ao longo do curso na aula, que o alumno presentará en tempo e forma (a criterio da profesora).

A proba teórica pode incluír cuestións de diferente tipo: de elección, de resposta curta e/ou de desenvolvemento.

A proba práctica será plantexada a partir dun ou varios supostos prácticos sobre os que se plantexarán varias cuestións relacionadas cos contidos do módulo.

Para aprobar o módulo é condición imprescindible obter como mínimo un 5 tanto nas actividades desenvolvidas e/ou presentadas como na proba teórico-práctica, non existindo a posibilidade de facer media entre as probas, nin de gardar parte aprobada se fose o caso.

## **7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente**

A Orde de avaliación vixente, sinala que cada departamento de familia profesional realizará cunha frecuencia periódica o seguimento das programacións de cada módulo, indicando grado de cumprimento e xustificación razoada no caso de desviacións, ademais a programación será revisada nos comezos do curso e entregárase unha memoria final de curso. Para o seguimento utilizaráse a aplicación destinada a tal efecto.

A avaliación da programación didáctica permitirá verificar a adecuación do proceso de ensinanza ás características e necesidades educativas do alumnado e, en función diso, realizar as melloras pertinentes, e avaliar a adecuación dos obxectivos, dos contidos e actividades, así como da súa secuenciación, a diversificación de estratexias adaptadas aos diversos ritmos de aprendizaxe e a evolución e resposta do grupo de alumnado.

Para a recompilación da información poderase facer uso de diferentes técnicas e instrumentos de avaliación, entre os que cabe destacar:

- a) Enquisa de mellora : o alumnado dará resposta, con carácter anónimo, a diferentes cuestións referentes á posibles melloras a plantexar relacionadas co módulo.
- b) Seguimento da programación mediante a plataforma de xestión habilitada pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.
- c) Entrevista con alumnado, profesorado e outros axentes implicados.
  - Recepción de opinións do alumnado sobre as actividades ou o rol docente, mediante intercambios orais informais.
  - Contraste de información con outro profesorado sobre a evolución do grupo de alumnado, nas reunións de Departamento.
  - Intercambio de impresións con outros profesionais co fin de valorar as actividades complementarias realizadas coa súa colaboración.
- d) Análise documental dos resultados académicos: análise estatístico dos resultados de avaliación acadados polo alumnado en cada avaliación e no módulo.

Ao finalizar o curso, elaborárase unha memoria do módulo coa información resultante desta avaliación e as propostas de mellora para o vindeiro ano.

## **8. Medidas de atención á diversidade**

### **8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial**

Segundo o establecido no artigo 28 da Orde do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do

alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial: ao comezo das actividades do curso académico, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de cada alumna, así como as súas capacidades. Así mesmo, deberá servir para orientar e situar o alumnado en relación co perfil profesional correspondente.

Tal e como establece a citada orde, esta información poderá proceder de:

- Informes individualizados de avaliación da etapa anteriormente cursada.
- Estudos académicos ou ensinanzas de FP ou para o emprego realizados.
- Alumnado matriculado sen titulación académica de acceso.
- Informes ou ditames do alumnado con necesidades educativas especiais.
- Experiencia profesional previa.
- Matrícula condicional do alumnado estranxeiro.
- Observación do alumnado durante as primeiras semanas do curso.

Cobra especial importancia a este respecto a realización por parte do alumnado dun cuestionario de avaliación inicial, no que se recollen datos sobre o seu historial persoal e académico, e dun cuestionario de avaliación do módulo, no que se expoñen cuestións referidas á materia de estudo para identificar os coñecementos previos do alumnado sobre a mesma. A información recollida con estes cuestionarios será complementada con unha observación da vida na aula durante as primeiras semanas de curso.

## 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

O carácter continuo da avaliación debe permitir, a detección precoz das posibles dificultades na adquisición dos contidos por parte do alumnado e, en consecuencia, promover a identificación dos aspectos do proceso que provocan estas dificultades e a adopción das medidas oportunas.

Cando a análise da marcha dun estudante determine dificultades para o seguimento, darase un apoio educativo personalizado determinando aqueles contidos nos que ten máis dificultades, propoñendo traballos e actividades de reforzo que lle permitan acadar as capacidades finais asociados aos contidos mínimos propostos nesta programación didáctica.

A lexislación vixente contempla o reforzo educativo como medida de atención á diversidade, que consistirá na adopción de medidas educativas deseñadas para axudar ao alumnado nas súas dificultades académicas de carácter ordinario. como reforzo educativo o conxunto de medidas educativas deseñadas polo profesorado dirixidas a axudar ao alumnado nas súas dificultades escolares ordinarias.

Entre as medidas que desde un principio se establecen nesta programación destacamos:

- Establecer claramente os obxectivos mínimos a conseguir.
- Estar abertos á preparación de diversas actividades sobre un mesmo contido variando o grao de dificultade e o tipo de procesos que se poñen en xogo.
- Favorecer a ubicación do alumnado no lugar máis adecuado ás súas características.
- Flexibilizar tempos (básicos e complementarios).
- Flexibilizar a colocación do mobiliario en caso de que poida ser de axuda.
- Promover a aprendizaxe cooperativa e a axuda entre iguais, facilitando a constitución de grupos heteroxéneos que perseguen un mesmo obxectivo desde a premisa de que para conseguilo é imprescindible a participación de todas as persoas do grupo.
- Propoñer actividades de traballos colaborativos en pequenos grupos ou en parella e graduadas.
- Diversificar recursos, agrupamentos, metodoloxía, que tome en consideración os diferentes ritmos e estratexias de aprendizaxe.

En calquera caso, as medidas deberán de ser individualizadas e polo tanto adaptadas ás necesidades concretas de cada caso, polo que despois da avaliación inicial ou en calquera momento do curso no que se detecte unha dificultade poráñse en marcha os preceptivos mecanismos de reforzo, ou de ser o caso, solicitarase a axuda do equipo educativo e do departamento de orientación por se fose necesario dar un paso máis na concreción das medidas.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

Considérase fundamental indagar en maior medida na formación actitudinal do alumnado, co obxectivo non só de mellorar a súa capacitación profesional se non tamén de fomentar a conciencia crítica que lle permita participar con plena liberdade na sociedade que o rodea.

o longo do módulo abordaranse actividades relacionadas expresamente coa Educación para a paz e a resolución de conflitos de maneira non violenta.

Ao longo do módulo traballarase coa educación en valores non só a través do traballo con actitudes recollidas no currículo do módulo, senón a través de distintos contidos inherentes ao traballo na aula, para este módulo podemos destacar:

- Educación para a igualdade: Estará sempre presente, xa que logo, en ningún momento se fará diferenza entre o noso alumnado por causa do seu sexo, raza, crenzas ou calquera outra característica de diferenciación entre as persoas.

- Educación ambiental: É fundamental fomentar o respecto ao medio ambiente e mesmo fomentar o correcto emprego dos medios de que se dispón sen desperdiciar papel, consumo de auga, electricidade, etc., insistir na reciclaxe e na conservación.

- Educación para a saúde: É importante adquirir bos hábitos posturais no traballo, así como uns adecuados hábitos de saúde e limpeza ou unha adecuada hixiene ocular ou visual nun sistema educativo e laboral onde os ordenadores toman cada día un papel máis importante, sen esquecer que a nivel profesional (tendo en conta nas situacións en que exercerán o seu traballo) deben ter en conta a súa saúde persoal e a do usuario como elementos cotiáns do seu emprego.

- Educación para a convivencia: Procurarase a resolución de conflitos fomentando o diálogo baseado no respecto, e, procurando atopar solucións de consenso de xeito democrático. Por exemplo: achegas de propostas ou ideas á hora de fixar condicións de entrega de traballos, datas de probas, etc.

- Educación do consumidor/a: Fomentando entre os alumnos un consumo responsable, tanto dos seus propios materiais como os do centro e o ciclo (aula, material informático, talleres,...)

- Interculturalidade: Traballando dende o principio de respecto as distintas culturas e xeitos de entender o mundo; entendendo isto como un enriquecemento; sinalar a este respecto, a cada vez máis frecuente presenza nas nosas aulas de alumnos de outras culturas que nos axudan a interpretar que non todas as realidades son iguais.

Consideraremos tamén de xeito transversal e como valor importante na Formación Profesional a orientación profesional polo carácter teórico e práctico que posúe o módulo e o ciclo, impregnando de funcionalidade cada unha das actividades que realicemos e contextualizándoas, sempre que sexa posible, no noso contorno socioeconómico.

## 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Programaranse conxuntamente co departamento, podendo consistir tanto en visitas ou saídas a centros de interese, a organización de actividades específicas para a conmemoración de datas especialmente relacionadas co ámbito da dependencia, etc.

## 10. Outros apartados

### 10.1) 10.1

Con este módulo de atención e apoio psicosocial o usuario/a e dependente, o centro da atención será sempre o usuario e a súa contorna, buscando brindar apoio emocional e social ao mesmo. Ademais, este módulo dotará o alumno/a de recursos e estratexias para saber abordar as necesidades emocionais, sociais e psicolóxicas da persoa dependente doutras persoas e así, satisfacer as súas necesidades básicas.

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
27012048	Xograr Afonso Gómez de Sarria	Sarria	2023/2024

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SSC	Servizos socioculturais e á comunidade	CMSSC01	Atención a persoas en situación de dependencia	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0216	Atención sanitaria	2023/2024	8	213	255

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	EVA MARÍA LÓPEZ VÁZQUEZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

As medidas establecidas na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, así como o aumento de persoas da terceira idade, fai previsible unha alta inserción laboral e unha tendencia de crecemento estable. A diminución de cuidadores informais no ámbito familiar derivada da situación socioeconómica e laboral das familias fai que sexa necesario unha maior empregabilidade das persoas con esta titulación.

O forte crecemento dos servizos de atención diúrna que se observa vai requirir profesionais con maior competencia e versatilidade na realización de actividades.

A asistencia para a autonomía persoal, que aparece como sector emerxente, esixe profesionais con competencias relacionadas coa función de acompañamento.

A progresiva implantación das novas tecnoloxías fai necesaria unha actualización permanente neste campo, para adaptarse aos cambios que se vaian introducindo nas institucións e no propio domicilio.

O perfil profesional do título de técnico en atención a persoas en situación de dependencia determínase pola súa competencia xeral, polas súas competencias profesionais, persoais e sociais, así como pola relación de cualificacións e, de ser o caso, unidades de competencia do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais incluídas no título.

A competencia xeral deste título consiste en atender as persoas en situación de dependencia no ámbito domiciliario e institucional, co fin de manter e mellorar a súa calidade de vida, realizando actividades asistenciais e non asistenciais, psicosociais e de apoio á xestión doméstica, aplicando medidas e normas de prevención e seguridade, e derivándoas a outros servizos en caso necesario.

O módulo profesional de Atención Sanitaria contén a formación necesaria para desempeñar a función de:

\* Intervención e execución da atención física sanitaria das persoas en situación de dependencia que abrangue aspectos como:

- Recollida de información.
- Organización da actuación.
- Establecemento de axudas técnicas.
- Desenvolvemento da actuación.
- Aplicación de estratexias de intervención.
- Control, seguimento e avaliación das actividades.
- Elaboración e formalización da documentación asociada. Información e orientación ás persoas usuarias e outras persoas

\* Prevención e seguridade que abrangue aspecto como:

- Xeración de ámbitos seguros.
- Utilización de equipamentos de protección individual.
- Aplicación da normativa de seguridade e prevención.

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe que permiten alcanzar os obxectivos do módulo versarán sobre:

- \_ Aplicación dos procedementos e das técnicas de atención sanitaria en situacións e contextos diversos.
- \_ Adopción de medidas de seguridade e prevención en relación á persoa usuaria e ao persoal profesional.
- \_ Mantemento de actitudes de empatía e comprensión ante os problemas e as dificultades da persoa usuaria.
- \_ Traballo en equipo e colaboración como estratexias para mellorar a atención á persoa usuaria.
- \_ Comunicación clara e precisa da información atendendo ás características das persoas interlocutoras no proceso da atención sanitaria.
- \_ Uso de tecnoloxías da información e da comunicación para o control e o seguimento das intervencións e da evolución da persoa usuaria



Os contidos e actividades de ensino-aprendizaxe van encamiñados a que o alumnado obteña as competencias que lle acrediten a desenvolver a súa actividade profesional no sector de servizos ás persoas, de carácter asistencial, psicosocial e de apoio á xestión doméstica. De maneira específica, as ocupacións e os postos de traballo máis salientables que poderán desenvolver, son os seguintes:

- Coidador/a de persoas en situación de dependencia en institucións e/ou domicilios.
- Coidador/a en centros de atención psiquiátrica.
- Xerocultor/a.
- Gobernante/a e subgobernante/a de persoas en situación de dependencia en institucións.
- Auxiliar responsable de planta de residencias de maiores e persoas con discapacidade.
- Auxiliar de axuda a domicilio.
- Asistente de atención domiciliaria.
- Traballador/a familiar.
- Auxiliar de educación especial.
- Asistente persoal.
- Teleoperador/a de teleasistencia.

### 3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Organización das actividades na atención sanitaria. Control e seguimento.	Detección das necesidades que presentan determinadas persoas en relación a súa situación particular e se analizan os protocolos de observación e rexistro dos datos establecidos na atención sanitaria.	25	10
2	Principios anatomopatolóxicos do sistema osteomuscular e nervioso	Coñecemento de conceptos básicos sobre a organización do corpo humano, así como da anatomía e fisioloxía do aparello locomotor e do sistema nervioso e as súas patoloxías máis frecuentes.	28	10
3	Hixiene postural. Técnicas de mobilización, traslado e deambulación.	Coñecemento da mecánica corporal e dos procedementos de carga así como das principais técnicas de mobilización, traslado e deambulación.	30	10
4	Principios anatomopatolóxicos do sistema cardiovascular. Patoloxía relacionada.	Coñecemento da anatomofisioloxía do aparato cardiovascular así como das patoloxías máis frecuentes	30	10
5	Principios anatomopatolóxicos do sistema respiratorio. Patoloxía relacionada.	Coñecemento da anatomofisioloxía do aparello respiratorio e relación cos órganos do sistema cardiovascular así como das patoloxías máis frecuentes.	30	10
6	Principios anatomopatolóxicos do sistema dixestivo e endócrino.	Coñecemento da anatomofisioloxía do aparello dixestivo así como a acción hormonal endócrina. Patoloxías dixestivas e endócrinas máis frecuentes	28	10
7	Administración de alimentos e apoio a inxesta.	Aplicación das técnicas de administración de alimentos e apoio a inxesta	25	10
8	Principios anatomopatolóxicos do sistema urinario e reprodutor.	Coñecemento da anatomofisioloxía dos riles e das vías urinarias así como do aparello reprodutor. Así como das súas patoloxías máis frecuentes	25	10
9	A exploración médica e as constantes vitais	Coñecemento de conceptos, técnicas e procedementos de exploración e medición e rexistro das constantes vitais.	18	10
10	Terapéutica farmacolóxica. Termoterapia e hidroterapia.	Aplicación das técnicas administración de medicamentos. Aerosolterapia.e osixenoterapia. Sistemas de aplicación de frío e calor.	16	10

#### 4. Por cada unidade didáctica

##### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Organización das actividades na atención sanitaria. Control e seguimento.	25

##### 4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Organiza as actividades de atención sanitaria a persoas en situación de dependencia, en relación coas súas características e as súas necesidades.	NO
RA5 - Realiza o control e o seguimento das actividades de atención sanitaria, para o que analiza os protocolos de observación e rexistro establecidos.	SI

##### 4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.2 Descríbense as principais características e necesidades de atención física das persoas en situación de dependencia.
CA1.3 Identifícanse os principais signos de deterioración física e sanitaria asociados a situacións de dependencia.
CA1.4 Identifícanse as características do contexto que favorezan ou dificulten o estado físico e de saúde da persoa usuaria.
CA1.5 Interpretáronse as prescricións de atención sanitaria establecidas no plan de cuidados.
CA1.6 Definíronse as condicións ambientais favorables para a atención sanitaria.
CA1.7 Argumentouse a importancia da participación da persoa nas actividades sanitarias.
CA1.8 Valorouse a importancia de promover o autocoidado.
CA5.1 Identifícanse as características que deben cumprir os protocolos de observación, control e seguimento do estado físico e sanitario das persoas usuarias.
CA5.2 Cubríronse protocolos de observación e rexistro, manuais e informatizados, seguindo as pautas establecidas en cada caso.
CA5.3 Recolleuse información correcta e completa sobre as actividades realizadas e as continxencias que se presentaran.
CA5.4 Obtívose información da persoa ou das persoas ao seu cargo mediante diversos instrumentos.
CA5.5 Aplicáronse as técnicas e os instrumentos de observación previstos para realizar o seguimento da evolución física da persoa, e rexistráronse os datos obtidos segundo o procedemento establecido.
CA5.6 Rexistráronse os datos para a súa comunicación responsable do plan de cuidados individualizados.
CA5.7 Transmítiuse a información polos procedementos establecidos e no momento oportuno.
CA5.8 Argumentouse a importancia do control e do seguimento da evolución física e sanitaria da persoa, para mellorar o seu benestar.

##### 4.1.e) Contidos

Contidos
Necesidades de atención sanitaria das persoas en situación de dependencia.
Identificación dos principais signos de deterioración física e sanitaria asociados a situacións de dependencia.



**Contidos**

Análise das condicións ambientais na atención sanitaria.

Estratexias para a promoción do autocoidado.

Sensibilización cara á necesidade de promover o autocoidado dentro das posibilidades da persoa.

Aplicación de técnicas e instrumentos de obtención de información sobre o estado físico e sanitario das persoas usuarias: Protocolos de observación e rexistro. Obtención de información das persoas usuarias e das persoas cuidadoras informais.

Aplicación de técnicas e instrumentos para o seguimento das actividades de atención sanitaria.

Utilización de rexistros manuais e informatizados: rexistro de incidencias.

Transmisión da información ao equipo interdisciplinar.

Valoración da importancia da precisión e a obxectividade no rexistro dos datos.

**4.2.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
2	Principios anatomopatolóxicos do sistema osteomuscular e nervioso	28

**4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Organiza as actividades de atención sanitaria a persoas en situación de dependencia, en relación coas súas características e as súas necesidades.	NO

**4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.2 Descríbense as principais características e necesidades de atención física das persoas en situación de dependencia.
CA1.3 Identifícanse os principais signos de deterioración física e sanitaria asociados a situacións de dependencia.
CA1.7 Argumentouse a importancia da participación da persoa nas actividades sanitarias.
CA1.8 Valorouse a importancia de promover o autocoidado.

**4.2.e) Contidos**

Contidos
Necesidades de atención sanitaria das persoas en situación de dependencia.
Identificación dos principais signos de deterioración física e sanitaria asociados a situacións de dependencia.
Estratexias para a promoción do autocoidado.
Sensibilización cara á necesidade de promover o autocoidado dentro das posibilidades da persoa.
Principios anatomofisiolóxicos de sostén e movemento do corpo humano (aparello locomotor e sistema nervioso): patoloxía máis frecuente.
Posicións anatómicas.

**4.3.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
3	Hixiene postural. Técnicas de mobilización, traslado e deambulación.	30

**4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Aplica técnicas de mobilización, traslado e deambulación, para o que analiza as características da persoa en situación de dependencia.	SI

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.1 Aplicáronse as técnicas máis frecuentes de colocación de persoas encamadas, con adecuación ao seu estado e ás súas condicións.
CA2.2 Aplicáronse técnicas de mobilización, deambulación e traslado de persoas en situación de dependencia, con adecuación ao seu estado e ás súas condicións.
CA2.3 Aplicáronse procedementos que garantan unha carga segura e a prevención da aparición de posibles lesións no persoal profesional.
CA2.4 Utilizáronse as axudas técnicas de mobilización, transporte, deambulación e posicionamento en cama de persoas en situación de dependencia máis adecuadas ao seu estado e ás súas condicións.
CA2.5 Adoptáronse medidas de prevención e seguridade.
CA2.6 Descríbironse as técnicas de limpeza e conservación de próteses, precisando os materiais e os produtos adecuados en función do estado e das necesidades da persoa usuaria.
CA2.7 Proporcionáronselle pautas de actuación á persoa en situación de dependencia e ás do seu contorno, que favorezan a súa autonomía, en relación coa mobilidade e o mantemento das axudas técnicas.
CA2.8 Amosouse sensibilidade cara á necesidade de potenciar a autonomía da persoa usuaria.

**4.3.e) Contidos**

Contidos
Técnicas de mobilización, traslado e deambulación: manobras de estirada e mobilización articular.
Aplicación dos principios de mecánica corporal na prevención de riscos profesionais: prevención de lesións no persoal; procedementos de carga.
Aplicación de medidas de prevención e seguridade.
Utilización de axudas técnicas para a deambulación, o traslado e a mobilización de persoas en situación de dependencia: Colocación. Comprobacións de seguridade. Técnicas e materiais de limpeza e conservación de próteses. Asesoramento ás persoas en situación de dependencia.
Valoración da importancia da implicación na realización das actividades.

**4.4.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
4	Principios anatomopatolóxicos do sistema cardiovascular. Patoloxía relacionada.	30

**4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Organiza as actividades de atención sanitaria a persoas en situación de dependencia, en relación coas súas características e as súas necesidades.	NO

**4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.1 Descríbense as características anatomofisiolóxicas básicas e as alteracións máis frecuentes dos sistemas cardiovascular, respiratorio, dixestivo e reprodutor.
CA1.3 Identifícanse os principais signos de deterioración física e sanitaria asociados a situacións de dependencia.
CA1.7 Argumentouse a importancia da participación da persoa nas actividades sanitarias.
CA1.8 Valorouse a importancia de promover o autocoidado.

**4.4.e) Contidos**

Contidos
Principios anatomofisiolóxicos dos sistemas cardiovascular, respiratorio, dixestivo e reprodutor: patoloxía relacionada.
Necesidades de atención sanitaria das persoas en situación de dependencia.
Identificación dos principais signos de deterioración física e sanitaria asociados a situacións de dependencia.
Estratexias para a promoción do autocoidado.
Sensibilización cara á necesidade de promover o autocoidado dentro das posibilidades da persoa.

**4.5.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
5	Principios anatomopatolóxicos do sistema respiratorio. Patoloxía relacionada.	30

**4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Organiza as actividades de atención sanitaria a persoas en situación de dependencia, en relación coas súas características e as súas necesidades.	NO

**4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.1 Descríbense as características anatomofisiolóxicas básicas e as alteracións máis frecuentes dos sistemas cardiovascular, respiratorio, dixestivo e reprodutor.
CA1.3 Identifícanse os principais signos de deterioración física e sanitaria asociados a situacións de dependencia.
CA1.7 Argumentouse a importancia da participación da persoa nas actividades sanitarias.
CA1.8 Valorouse a importancia de promover o autocoidado.

**4.5.e) Contidos**

Contidos
Principios anatomofisiolóxicos dos sistemas cardiovascular, respiratorio, dixestivo e reprodutor: patoloxía relacionada.
Necesidades de atención sanitaria das persoas en situación de dependencia.
Identificación dos principais signos de deterioración física e sanitaria asociados a situacións de dependencia.
Estratexias para a promoción do autocoidado.
Sensibilización cara á necesidade de promover o autocoidado dentro das posibilidades da persoa.
Aplicación de técnicas de mobilización de secrecións en doenzas do aparello respiratorio.

**4.6.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
6	Principios anatomopatolóxicos do sistema dixestivo e endocrino.	28

**4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Organiza as actividades de atención sanitaria a persoas en situación de dependencia, en relación coas súas características e as súas necesidades.	NO

**4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.1 Descríbense as características anatomofisiolóxicas básicas e as alteracións máis frecuentes dos sistemas cardiovascular, respiratorio, dixestivo e reprodutor.
CA1.3 Identifícanse os principais signos de deterioración física e sanitaria asociados a situacións de dependencia.
CA1.7 Argumentouse a importancia da participación da persoa nas actividades sanitarias.
CA1.8 Valorouse a importancia de promover o autocoidado.

**4.6.e) Contidos**

Contidos
Principios anatomofisiolóxicos dos sistemas cardiovascular, respiratorio, dixestivo e reprodutor: patoloxía relacionada.
Necesidades de atención sanitaria das persoas en situación de dependencia.
Identificación dos principais signos de deterioración física e sanitaria asociados a situacións de dependencia.
Estratexias para a promoción do autocoidado.
Sensibilización cara á necesidade de promover o autocoidado dentro das posibilidades da persoa.

**4.7.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
7	Administración de alimentos e apoio a inxesta.	25

**4.7.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Organiza actividades de alimentación e apoio á inxestión, para o que selecciona as técnicas, os instrumentos e as axudas necesarias.	SI

**4.7.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA4.1 Organízouse a distribución e o servizo das comidas na institución, seguindo as prescricións da folia de dietas.
CA4.2 Aplicáronse técnicas de apoio á inxestión, en función das características e das necesidades da persoa.
CA4.3 Informouse a persoa en situación de dependencia e a súa familia acerca da correcta administración de alimentos.
CA4.4 Comprobouse que a inxestión se axuste ao plan de coidados.
CA4.5 Asesorouse a persoa e a familia sobre a utilización dos materiais de recollida de excrecións e a súa posterior eliminación.
CA4.6 Amosouse sensibilidade cara á importancia de que a hora da comida sexa un momento agradable para a persoa.
CA4.7 Identificáronse os posibles riscos asociados ás situacións de inxestión.
CA4.8 Adoptáronse medidas de seguridade e prevención de riscos.

**4.7.e) Contidos**

Contidos
Servizo de comidas en institucións.
Organización e distribución dos alimentos.
Aplicación de técnicas de administración de comidas.
Alimentación por vía oral e parenteral.
Aplicación de axudas técnicas para a inxestión.
Prevención de situacións de risco asociadas á alimentación.
Recollida e eliminación de excrecións.
Orientación á persoa usuaria, así como aos coidadores e ás coidadoras principais, sobre a inxestión de alimentos, a recollida de excrecións e a eliminación.
Valoración da importancia da actitude do persoal técnico fronte ás necesidades de apoio á inxestión.

**4.8.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
8	Principios anatomopatolóxicos do sistema urinario e reprodutor.	25

**4.8.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Organiza as actividades de atención sanitaria a persoas en situación de dependencia, en relación coas súas características e as súas necesidades.	NO

**4.8.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.1 Descríbense as características anatomofisiolóxicas básicas e as alteracións máis frecuentes dos sistemas cardiovascular, respiratorio, dixestivo e reprodutor.
CA1.3 Identifícanse os principais signos de deterioración física e sanitaria asociados a situacións de dependencia.
CA1.7 Argumentouse a importancia da participación da persoa nas actividades sanitarias.
CA1.8 Valorouse a importancia de promover o autocoidado.

**4.8.e) Contidos**

Contidos
Principios anatomofisiolóxicos dos sistemas cardiovascular, respiratorio, dixestivo e reprodutor: patoloxía relacionada.
Necesidades de atención sanitaria das persoas en situación de dependencia.
Identificación dos principais signos de deterioración física e sanitaria asociados a situacións de dependencia.
Estratexias para a promoción do autocoidado.
Sensibilización cara á necesidade de promover o autocoidado dentro das posibilidades da persoa.



**4.9.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
9	A exploración médica e as constantes vitais	18

**4.9.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Caracteriza actividades de asistencia sanitaria, tendo en conta a relación das necesidades e as características da persoa usuaria co establecido no plan de cuidados.	NO
RA5 - Realiza o control e o seguimento das actividades de atención sanitaria, para o que analiza os protocolos de observación e rexistro establecidos.	NO

**4.9.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA3.1 Seleccionáronse as posicións anatómicas máis adecuadas para facilitar a exploración das persoas usuarias.
CA3.6 Tomáronse as constantes vitais da persoa, utilizando os materiais adecuados e seguindo as prescricións establecidas.
CA3.7 Valorouse a importancia de favorecer a participación da persoa usuaria e o das persoas do seu contorno nas actividades sanitarias.
CA3.8 Empregáronse as medidas de protección, hixiene e seguridade establecidas tanto para o persoal como para a persoa usuaria.
CA5.5 Aplicáronse as técnicas e os instrumentos de observación previstos para realizar o seguimento da evolución física da persoa, e rexistráronse os datos obtidos segundo o procedemento establecido.
CA5.6 Rexistráronse os datos para a súa comunicación responsable do plan de cuidados individualizados.
CA5.7 Transmítiuse a información polos procedementos establecidos e no momento oportuno.

**4.9.e) Contidos**

Contidos
Posicións anatómicas precisas para a exploración médica.
Aplicación de técnicas e procedementos de medición e rexistro de constantes vitais. Constantes vitais: temperatura, frecuencia respiratoria, presión arterial e frecuencia cardíaca. Rexistro gráfico das constantes vitais. Balance hídrico.
Valoración da importancia da implicación da persoa e o seu contorno nas actividades sanitarias: asesoramento sobre pautas de actuación.
Utilización de rexistros manuais e informatizados: rexistro de incidencias.
Valoración da importancia da precisión e a obxectividade no rexistro dos datos.

**4.10.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
10	Terapéutica farmacolóxica. Termoterapia e hidroterapia.	16

**4.10.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Caracteriza actividades de asistencia sanitaria, tendo en conta a relación das necesidades e as características da persoa usuaria co establecido no plan de cuidados.	NO

**4.10.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA3.2 Preparouse e prevíuse a administración dos medicamentos, cumprindo as pautas establecidas no plan de cuidados individualizado e as prescricións específicas para cada vía e cada produto.
CA3.3 Identifícaronse os principais riscos asociados á administración de medicamentos.
CA3.4 Seleccionáronse tratamentos locais de frío e calor atendendo ás pautas dun plan de cuidados individualizado.
CA3.5 Identifícaronse os signos de posibles alteracións no estado xeral da persoa durante a administración de medicamentos.
CA3.7 Valorouse a importancia de favorecer a participación da persoa usuaria e o das persoas do seu contorno nas actividades sanitarias.
CA3.8 Empregáronse as medidas de protección, hixiene e seguridade establecidas tanto para o persoal como para a persoa usuaria.

**4.10.e) Contidos**

Contidos
Valoración da importancia da implicación da persoa e o seu contorno nas actividades sanitarias: asesoramento sobre pautas de actuación.  Principios de farmacoloxía xeral: formas farmacéuticas e clasificación de fármacos.  Preparación e administración de medicamentos: Principais características anatomofisiolóxicas das zonas afectadas. Administración por vía oral, tópica e rectal. Administración de aerosois e oxixeno. Riscos asociados á administración de medicamentos. Detecc Prevención de riscos na administración de medicamentos: uso de medidas de protección, hixiene e seguridade.  Aplicación de técnicas de aplicación local de frío e calor.  Aplicación de técnicas hidrotermais.  Aplicación de técnicas de masaxe para favorecer a circulación venosa e linfática.  Apoio na aplicación de técnicas específicas de rehabilitación.

## 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

### MÍNIMOS ESIXIBLES

Serán mínimos esixibles todos os criterios de avaliación indicados como tal para cada Unidade Didáctica nesta programación. Trátase dunha avaliación continua polo tanto, requírese da asistencia regular a clase do/a alumno/a.

Será necesario ter un cinco (5) en cada un dos instrumentos (PE, TO, LC) para realizar a media ponderada da unidade.

### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

O control do alumnado será diario. En cada unidade se menciona o tipo de instrumento co que se vai a avaliar e o seu peso. Os resultados de cada alumno/a quedarán reflectidos nunha táboa de excell. Os instrumentos a empregar serán:

A/ Na avaliación de conceptos usarase a Proba escrita (PE)

Cada pregunta aparecerá co seu peso e co criterio de avaliación.

Non se contempla a proba oral (PO). Excepcionalmente, no caso de ter que realizala, avaliarase do mesmo xeito que as escritas.

B/ Procedementos que debe manexar, empregarase:

Táboa de observación (TOp) con rúbrica específica para cada UD.

Lista de cotexos (LCp) que seguirá unha rúbrica determinada para o caderno de prácticas.

C/ Actitudes avaliadas mediante o uso dunha Táboa de observación (TOa). Divídense en dous grandes bloques:

C.1. Relacionados coa vestimenta e actitude fronte o traballo:

Trae o material necesario para traballar no laboratorio (lápiz, calculadora, goma, cuaderno de prácticas)

Trae o pelo correctamente recollido e apartado da cara.

Realiza unha hixiene correcta de mans.

Trae bata e emprega guantes cando é necesario.

Traballa en silencio e concentrado/a mentras realiza os diferentes protocolos.

Detecta posibles riscos e sabe como previlos.

Nos traballos cooperativos, realiza os protocolos de xeito metódico e coordinado co compañeiro/a.

C.2. Relacionadas cos criterios de avaliación establecidos por lei relacionados co correcto desenvolvemento do traballo a realizar:

CA1.7. Argumentouse a importancia da participación da persoa nas actividades sanitarias.

CA1.8. Valorouse a importancia de promover o autocoidado.

CA2.5. Adoptáronse medidas de prevención e seguridade.

CA4.8. Adoptáronse medidas de seguridade e prevención de riscos.

CA2.8. Amosouse sensibilidade cara á necesidade de potenciar a autonomía da persoa usuaria.

CA3.7. Valorouse a importancia de favorecer a participación da persoa usuaria e o das persoas do seu contorno nas  
CA3.8. Empregáronse as medidas de protección, hixiene e seguridade establecidas tanto para o persoal como para a

persoa usuaria.

D/ A avaliación das competencias clave seguirá unha rúbrica (R) que se usará nos cadernos, boletíns, cuestionarios, probas ou traballos (LCt) que se pidan.

Aquela UD que posúa actividades de debate ou traballo de exposición oral, presentará coavaliación. Corresponderalle o 75% da nota ao docente e o 25% restante aos compañeiros/as de aula (tendo en conta os indicadores da rúbrica correspondente: emprego de linguaxe adecuado, demostra dominio do tema ó explicar con propiedade o contido, claridade da exposición, emprego de recursos que sirve de apoio, respostas dadas as dúbidas que xurdan).

#### CUALIFICACIÓN CUANTITATIVA.

Cada UD ten o seu peso, o peso de cada CA e o número e tipo de probas a realizar. Teranse en conta as seguintes consideracións:

1º Todos os instrumentos empregados avaliaranse de 0 a 10 e os criterios de avaliación usados divídense en:

2º Criterios de avaliación relacionados con conceptos. Serán avaliados tendo en conta o seu peso na UD con probas escritas ou de ser necesario proba oral. Para a avaliación das tarefas/ traballos usaranse listas de cotexo.

As probas escritas terán de dúas partes:

PARTE A: - Cuestionario de resposta múltiple con só unha correcta (dúas respostas incorrectas restarán unha correcta e as respostas en branco non se valorarán).

PARTE B: - Preguntas curtas, textos, gráficos, problemas, imaxes, táboas ou mapas conceptuais.

Cada pregunta levará o CA que se avalía e o seu peso dentro da proba.

De coller copiando a un alumno/a; a proba de todo o alumnado implicado, cualificarase cun 1 quedando suspensa esa avaliación. Se ocorre se na recuperación suspenderase o módulo en convocatoria ordinaria.

De non acudir á proba, só se lle repetirá ao alumnado que presente o día que se incorpora ao centro, xustificación médica ou de deber inexcusable (médico de enfermidade, médico especialista e probas de especialistas pertencentes o rexime de Seguridade Social, xuízos e defuncións). A proba realizarase na primeira clase que teña logo de se incorporar.

3º Criterios de avaliación relacionados con protocolos (procedementos) a manexar e que seguirán un protocolo normalizado de traballo (PNT).

Avaliaranse según o seu peso con táboas de observación.

De non acudir ese día, só se repetirá ao alumnado que presente o mesmo día que se incorpora, xustificación médica ou de deber inexcusable. A proba farase na data establecida para a recuperación desa UD.

O alumnado disporá das fichas-guía/ modelos normalizados, na aula virtual que serán de obrigada cumprimentación e deberanse entregar nas datas indicadas polo docente. Non se obterá avaliación positiva se non se entregan.

As probas realizadas ensinaranse ao alumnado corrixidas e cualificadas e quedarán arquivadas en poder do docente.

Estes dous bloques (conceptos e procedementos) representarán o 80% da nota (40% cada un deles). As actitudes avaliadas, representarán un 10% e o 10% restante resérvase para traballos/ tarefas realizadas con data límite de presentación. De non entregalas en data avaliaranse cun 0.

A nota redondearase cara arriba a partir de fraccións superiores a 0,5.

As faltas de ortografía serán penalizadas en todos os apartados: baixarase 0,1 puntos por falta de ortografía e 0,01 puntos por tilde ata un máximo 2 puntos.

O CRITERIO DE CORRECCIÓN empregado será: MB (apartado perfecto) representa o 100% do total da nota dese apartado; B representa o 90% do total da nota dese apartado; R+ representa o 75% do total da nota da nota dese apartado, R (faltan a metade dos contidos) representa o 50% do total da nota do apartado, R- (faltan a maioría dos contidos) representa o 25% do total da nota do apartado; Mal (en branco ou incorrecto) representa o 0% do total da nota do apartado.

#### CUALIFICACIÓN CUALITATIVA.

Na corrección tentarase avaliar as competencias claves; polo tanto, valorarase tamén:

Boa expresión tanto oral como escrita.

Orde, presentación, limpeza, claridade nos razoamentos e precisión nos cálculos (terase en conta non só o resultado, senón tamén a coherencia da formulación).

Probas escritas co nome, a bolígrafo azul ou negro. Non se permite o uso do lapis.

Preguntas razoadas e xustificadas. Nos tests, a simple elección, aínda que sexa a correcta non suporá puntuación se se solicita que esté debidamente xustificada.

No caso dos traballos de grupo, valorarase ademais a dinámica de traballo, é dicir, valorarase se as tarefas se distribuíron equitativamente e tendo en conta as posibilidades e limitacións de cada membro do grupo, se se fixo unha posta en común para que o traballo resulte algo coherente e se se resolveron os problemas que puideran xurdir así como, a habilidade para buscar fontes bibliográficas que amplíen a información do documento e o emprego de cifras e táboas estatísticas que fundamenten os datos.

As tarefas poderán presentarse en distintos soportes: papel, dixital ou mural. Valorarase: orixinalidade, curiosidade e a expresión e claridade nos conceptos.

Durante o curso realizaranse as avaliacións establecidas na PXA. A nota de cada avaliación será a nota ponderada dos pesos que representan os criterios de avaliación desa avaliación e sairá da suma ponderada dos resultados obtidos en cada unidade didáctica. A nota da avaliación final obterase dacordo coa seguinte fórmula:

$$(UD1\ 10\%) + (UD2\ 10\%) + (UD3\ 10\%) + (UD4\ 10\%) + (UD5\ 10\%) + (UD6\ 10\%) + (UD7\ 10\%) + (UD8\ 10\%) + (UD9\ 10\%) + (UD10\ 10\%).$$

Considerarase o módulo superado cunha nota igual ou superior a 5. Unha nota inferior a 5 obrigará ao alumnado a presentarse á recuperación.

O alumnado está obrigado a presentarse nas datas establecidas polo docente ás probas consideradas avaliáveis. Se o alumno/a non pode asistir a clase nesa data deberá xustificalo documentalmente e realizará dita proba o mesmo día que se incorpore de novo ás clases. De non poder xustificar dita falta, realizará a proba na data que se estableza para a súa recuperación.

Os/as alumnos/as que superasen o módulo e que a final de curso desexen subir nota, poderán facelo presentándose a unha proba final de TODA a materia do curso. Se o/a alumno/a decide presentarse por este sistema deberá ter en conta que NON se gardará a nota que acadara ata ese momento.

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

Para o alumnado que non supere algunha das avaliacións establecerase un plan personalizado e programaranse tarefas de recuperación que van a depender da parte que non teñan superada:

- \_ As actitudes avaliadas serán avaliadas durante todo o curso e só dependerá do alumnado aprobala sempre e cando cambie as súas actitudes cara o traballo.
- \_ Os contidos serán avaliados mediante actividades, traballos e probas escritas que deberá realizar o alumnado na data establecida.
- \_ Os protocolos e técnicas de traballo que debe manexar voltarán a realizarse na aula taller e o alumnado suspenso deberá repetir os procedementos nos que falle. Según sexa o procedemento poderán ser avaliados mediante listas de cotexo e táboas de observación.

Acabada cada unha das avaliacións, reservaranse algunhas sesións para a recuperación daqueles criterios onde o/a alumno/a non acadase avaliación positiva e reserváraselle a nota daqueles que ten superados. Cada criterio avaliarase de 0 a 10. Para recuperar hai que ter correctamente a lo menos o 50% de cada criterio avaliado.

Se se obtén unha avaliación negativa na recuperación, o/a alumno/a realizará unha proba final de toda a avaliación ou avaliacións correspondentes.

#### ALUMNADO CO MÓDULO PENDENTE.

Para aquel alumnado que posúa este módulo pendente realizarase e entregaráselles dous boletíns de tarefas con aqueles mínimos que son esixibles para que o alumnado acadase unha avaliación positiva. Estes boletíns serán entregados na primeira e na segunda avaliación coa antelación suficiente para que os poidan realizar e entregar en data.

Estes boletíns representarán o 50% da nota do módulo e o 50% restante obterase a través da proba escrita correspondente a cada boletín.

Se o/a alumno/a co módulo pendente, acadase unha avaliación negativa durante o curso, deberá realizar unha proba final de todos os mínimos esixibles na data que estableza para ese fin o departamento.

Todas as probas escritas mencionadas anteriormente (parciais e finais) saíran das tarefas reflectidas nos boletíns.

### 6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Durante o curso, seguirase o establecido no protocolo de abandono escolar. Considerarase abandono se:

- \_ Non trae o material necesario e/ ou non realiza as actividades ou traballos na clase, a pesar de ter actividades axeitadas ó seu nivel de competencia curricular.
- \_ Entrega probas en branco de forma reiterada.
- \_ Manifesta verbal e explicitamente o abandono do módulo.
- \_ Hai presenza de absentismo escolar sen xustificación. Ao tratarse dun módulo presencial o número de faltas que implica a perda do dereito á avaliación continua (non xustificadas segundo os criterios fixados no RRI) será do 10% respecto da duración total do módulo (255 sesións) é dicir,

o número máximo de faltas de asistencia non xustificadas será de 26 sesións cos efectos previstos na lexislación vixente.

Para os efectos de determinación da perda do dereito á avaliación continua, valoraranse as circunstancias persoais e laborais do alumno/a na xustificación desas faltas. A súa aceptación será acorde co establecido no regulamento de réxime interior do centro.

Aquel alumnado con perda do dereito á avaliación continua deberá realizar na data establecida polo centro unha proba extraordinaria composta de dúas partes: unha, que incluírá CA relacionadas con contidos e outra, relacionada cos procedementos e protocolos que conforman o módulo e que foron levados a cabo ao longo de todo curso. Para a súa realización contará dun tempo máximo de tres horas.

A nota da proba obterase tendo en conta os pesos de cada CA. Será preciso ter un 5 en cada unha das partes para superar o módulo.

A cualificación final do módulo procederá da media aritmética das dúas partes, non podendo realizar unha media entre ambas partes se non se supera cada parte da proba.

## **7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente**

O seguimento da programación realizarase na aplicación informática do servizo (<https://www.edu.xunta.es/programacions/>) no apartado adicada á mesma.

No caso de modificacións na programación, xustificarse debidamente e quedará reflectido na mesma aplicación.

Para o correcto seguimento da programación se realizarán reunións do equipo docente do ciclo formativo nas cales, en actitude recíproca de participación colectiva, intercambiaranse puntos de vista, analizarase, deliberarase e chegarase a acordos que enriquezan mutuamente a práctica docente. Este procedemento pode estar complementado coas estimacións que o alumnado realice.

Para comprobar a eficacia da programación, cubrirase para cada UD indicadores de logro.

A avaliación da práctica docente farase mediante unha enquisa de satisfacción.

## **8. Medidas de atención á diversidade**

### **8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial**

Co fin de determinar a existencia no grupo de alumnos/as con necesidade de apoio educativo, o equipo docente do ciclo de Atención a persoas en situación de dependencia realizará unha reunión inicial a principios de curso para intercambiar a información obtida nas correspondentes avaliacións iniciais así como a información que resulte do exame dos expedientes dos alumnos/as realizada polo titor ou titora do grupo segundo as indicacións da xefatura de estudos.

A avaliación inicial a que se lle adicarán 2 sesións, vai destinada a recoller información para coñecer as características e a formación previa de cada alumna/o, os coñecementos de partida, así como as súas capacidades para orientar según a individualidade e situar mellor en relación co perfil profesional correspondente.

Tentarase coñecer as características das alumnas/os que podan ser relevantes para a súa participación e aportación no desenvolvemento do módulo a través do modelo de cuestionario inicial que o/a titor/a de grupo pasa ao inicio do curso.

A avaliación inicial en ningún caso levará consigo cualificación para o alumnado.

### **8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados**

Na reunión inicial analizaranse os datos e levaranse a cabo as medidas pertinentes para adecuar as ensinanzas e adoptaranse decisións respecto ás medidas de reforzo educativo que se consideren oportunas prestando especial atención a:

- Procedencia do alumnado: doutras titulacións académicas; do medio laboral, da ESO, da FP básica ou mesmo do bacharelato.
- Idade e contexto sociocultural do/a alumno/a.
- Diferenzas individuais no ritmo de aprendizaxe e nas capacidades intelectuais.
- Dificultades de relación interpersoal, de atención, de mobilidade.
- Dificultades de lectura e no cálculo numérico (dislexia).
- Dificultades de comprensión, tanto oral como escrita.
- Problemas auditivos/ visuais.

Partirase da consideración da diversidade como feito enriquecedor e salvo casos excepcionais non se informará sobre os resultados nin ao alumno/a nin a súa familia.

Destacan como medidas xerais a tomar:

- Plantexamento de actividades con distintos grados de dificultade: de reforzo educativo ou ben de ampliación; para alumnado máis avantaxado, que remata antes as tarefas, agrupamentos de traballo compensados; mezclando heteroxéneamente os grupos para compensar e dar flexibilidade na elección de tarefas.
- Como docente favorecerase: a cercanía na acción educativa, as actividades prácticas e motivadoras, as clases participativas e flexibilidade nos tempos de resposta.

Cando a análise da marcha dun estudante determine dificultades para o seguimento dos contidos do módulo, darase un apoio educativo personalizado determinando aqueles contidos nos que ten máis dificultades e propoñendo traballos e actividades de reforzo que lle permitan acadar os criterios de avaliación.

No caso de que se detecten necesidades que excedan do simple reforzo, trasladarase ao departamento de Orientación a correspondente solicitude de informe psicopedagóxico. O equipo docente manterá reunións mensuais nas que se fará un seguimento de cada alumno/a e se adopten as medidas necesarias para a súa correcta atención.

Prestarase especial atención aos resultados da primeira avaliación e, de ser preciso, adoptaranse as medidas correctoras e de adaptación curricular non significativa que se consideren oportunas empregando, de ser necesario, os protocolos que ten a Consellería á disposición dos docentes.

Cando se trate de dificultades na aprendizaxe, as adaptacións que se propoñan irán dirixidas principalmente a corrixir deficiencias e permitir que o estudante acadar os resultados da aprendizaxe correspondentes aos contidos que desenvolve o currículo do ciclo no decreto.



## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

No que se refire á formación profesional, ésta non ten únicamente un enfoque laboral; os contidos teñen que adaptarse á realidade cotiá e abarcar os tres eidos de formación: persoal, social e laboral.

É importante inculcarlles hábitos de boa actitude fronte ao traballo tanto teórico como práctico. Serán valores a promover a asertividade, a responsabilidade e a confidencialidade no traballo (segredo profesional).

Cómpre reforzar a concienciación do alumnado nunha serie de boas prácticas a realizar. Así, a formación teórico-práctica propia dos contidos do ciclo reforzaranse con contidos transversais entre os que cabe subliñar:

1.\_ Unha boa actitude, comportamento e respecto mutuo entre compañeiros/as e entre todo o colectivo escolar, inculcaráse o respecto cara calquera colectivo profesional/ laboral. Incidirase na súa importancia para o seu futuro profesional. Nas actividades das que consta esta programación proporáse tarefas para realizar en grupo e organizarase o traballo na clase de tal forma que o alumnado adquira hábitos de cooperación e traballo en equipo, colaboración e respecto cara o resto de integrantes do equipo respectando sempre as normas fixadas e valorando a igualdade de oportunidades entre ambos sexos.

2.\_ Reforzarase os conceptos de hixiene e seguridade na aula inculcando normas básicas de hixiene durante o desenvolvemento do seu traballo, así como as precaucións necesarias na manipulación de determinados tipos de material. Deste xeito impulsarase a aprendizaxe de valores como a saúde laboral, responsabilidade no traballo e coñecer o algoritmo ante calquera accidente laboral.

3.\_ Fomentarase a non discriminación por sexo, raza e/ou crenzas relixiosas e concienciarase sobre a igualdade de oportunidades de ambos os sexos rompendo o tópico da discriminación ou adxudicación de tarefas no traballo por razóns de sexo.

4.\_ Darase importancia á prevención de riscos laborales e á prevención de enfermidades infecciosas, así como á prevención en drogodependencia tabaquismo, alcoholismo e uso de drogas.

5.\_ Incidirase no respecto ao medio ambiente e na correcta xestión dos residuos. Impulsaranse hábitos de reciclaxe, de todo tipo de materiais de embalaxe e outros residuos xerados no traballo de rutina poñendo atención especial a algún tipo de residuo perigoso para o medio ambiente e o resto da poboación.

6.\_ O alumnado disporá ademais do acceso a un aula virtual e un blog que favorecerá a aprendizaxe e o acceso aos materiais en calquera momento e lugar.

7.\_ Fomentarase o espírito emprendedor. Un dos eixes vertebradores da formación profesional é a incorporación do alumnado ao mundo laboral e o autoemprego; por tanto, ser emprendedor é unha alternativa laboral moi importante. Para levalo a cabo é preciso inculcar no alumnado o desexo de ser emprendedor, que o alumnado coñeza como nace unha idea de negocio e como se crea un plan de empresa. Por outra banda, non é suficiente con ser so emprendedor, o alumnado debe ser autodidacta, é dicir, capaz de realizar unha aprendizaxe autónoma. Para fomentar esa autoaprendizaxe introduciranse textos periodísticos e vídeos que buscarán que o alumnado sinta curiosidade por saber máis sobre o tema e o docente sexa só un mero vehículo para que o alumnado acade os seus obxectivos.

## 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Na primeira Reunión de Ciclo propoñéronse distintas actividades complementarias e extraescolares que se tentarán realizar ao longo do curso e que aparecerán na acta correspondente e se comunicarán á Dirección do Centro.

Ao longo do curso promoveranse diferentes actividades complementarias e extraescolares tendentes a unha adecuada consecución dos resultados de aprendizaxe previstos no currículo:

**ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS** (organizadas en horario escolar, con carácter diferenciado das lectivas en canto á organización e uso de tempos, espazos e recursos):

- Charlas sobre a realidade educativa das escolas e diferentes aspectos relacionadas coa dinámica de traballo e actividades que se realizan nas mesmas, a cargo de profesionais en exercicio.
- Charlas de profesionais que desenvolven o seu labor no ámbito dos servizos sociais de atención á dependente.
- Organización de actos conmemorativos de datas significativas ou tradicionais: Día da discapacidade, día da saúde, Magosto, Entroido ...

**ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES** (realizadas fóra do horario lectivo, con carácter voluntario para o alumnado). Proponerse, sempre que sexa posible, visitas a centros/ institucións de dependentes da cidade e/ou doutros concellos; tanto do ámbito público coma do sector privado.

## 10. Outros apartados

### 10.1) INFORMACIÓN AO ALUMNADO

Na primeira sesión informarase dos aspectos relevantes da programación: secuencia temporal do módulo ao longo do curso, sistema de avaliación, material a usar e lugar onde se impartirán as clases.

Informarase da posibilidade de consultala en calquera momento por 2 vías:

- En papel, o docente posuirá unha copia,
- En arquivo electrónico na páxina web do centro e na aula virtual, dentro do propio módulo.

### 10.2) ATENCIÓN EDUCATIVA AO ALUMNADO POR CAUSAS SOBREVIDAS DURANTE O CURSO ESCOLAR

Ao inicio do curso o/a titor/a do ciclo fará unha enquisa para detectar posibles alumnos/as con problemática informática e adoptar solucións cos recursos do IES.

Aínda que determinadas tarefas/ actividades poidan ser enviadas polo alumnado a través da aula virtual, as clases serán presenciais na súa totalidade.

Se por causas especiais, debidamente xustificadas, non se poidesen impartir as clases de xeito presencial ou un alumno/a non poidese asistir por problemas de saúde, as clases desenvolveranse de xeito telemático a través da aula virtual do módulo, con actividades interactivas, presentacións e de ser necesario, videoconferencias.

Realizaranse sesións por videoconferencia empregando a plataforma Webex e combinarase coa aula virtual onde o alumnado terá acceso a tódolos documentos, vídeos... que faciliten o proceso ensinanza-aprendizaxe para que así o alumnado poida acadar os resultados de aprendizaxe

do curriculum.

Os criterios de avaliación relacionados con procedementos e protocolos, serán avaliados cando se volva a incorporar os alumnos/as ás clases. De non ser posible a incorporación realizaranse as probas a través da aula virtual e manteranse as ponderacións de ditos criterios de avaliación para o cálculo da cualificación final do módulo.

De darse esta situación os criterios de cualificación empregados serán os seguintes:

- Probas escritas: 50% da nota. Valorarase mediante proba escrita de cada unidade: preguntas tipo test/curtas e/ou de desenvolvemento tendo un tempo limitado para a súa realización. Superarase esta proba con cualificacións iguais ou superiores ó 5, de non acadarse esa nota pasarase o procedemento de recuperación.

- Tarefas: 50% da nota. Mediante tarefas individuais entregadas en tempo e forma na aula virtual. Serán realizadas cada trimestre tarefas e farase a media aritmética entre todas elas sempre e cando todas estén superadas cunha nota igual ou superior a 5. Cada unidade terá como mínimo un traballo e de non superar a avaliación mínima esixida terá unha segunda data de entrega no trimestre, de non facelo pasarase o procedemento de recuperación.

Malia que a avaliación é continua, para o alumnado que non supere algunha das avaliacións establecerase un plan personalizado e programaránse tarefas de recuperación relativas ás unidades didácticas que lle correspondan, a desenvolver a partires dos mesmos traballos propostos durante o curso así como a realización das probas escritas correspondientes co fin de acadar os resultados de aprendizaxe do módulo.

No caso de que o/a alumno/a non acade unha cualificación positiva nas avaliacións parciais realizará tarefas e/ou exames de recuperación que establecerá o docente de forma individualizada atendendo aos déficits do alumno/a e co obxectivo de acadar as capacidades terminais do módulo. As actividades do plan de recuperación poderán consistir na elaboración de probas, tarefas e/ou traballos semellantes aos propostos.

Se se suspende un parcial ou unha unidade didáctica, o/a alumno/a realizará a recuperación co parcial correspondente ou ca unidade didáctica segundo o caso.

Se se suspende a recuperación, o/a alumno/a realizará o examen final con toda a avaliación ou avaliacións correspondentes.

Os/as alumnos/as que perdan o dereito á avaliación continua terán que facer una proba final escrita durante un tempo máximo de dúas horas que constará dunha parte teórica e dunha parte práctica (na que o/a alumno/a deberá resolver preguntas das prácticas e tarefas feitas o longo do curso) sobre as unidades didácticas programadas. Así mesmo, deberá entregar tódolos traballos que fosen requeridos polo docente ao longo do curso académico.

### 10.3) PREVENCIÓN DE RISCOS E SAÚDE LABORAL

Os espazos nos que se desenvolve o módulo, cumpren os requisitos mínimos establecidos no anexo II do decreto.

O equipamento dispón ademais das instalacións necesarias para o seu correcto funcionamento respectando as normativas sobre prevención de riscos laborais e sobre seguridade e saúde no posto de traballo, así como cantas outras normas sexan de aplicación. Con ese fin, no transcurso do curso daránselles nocións de como identificar un risco laboral, como prevelo e como actuar ante un accidente.

Farase énfase naqueles relacionados co traballo que desenvolverán: uso de grúas, material punzante, queimaduras, tomas de electricidade, manipulación de secrecións, limpeza e desinfección de material, prevención de cortes.

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
27012048	Xograr Afonso Gómez de Sarria	Sarria	2023/2024

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
SSC	Servizos socioculturais e á comunidade	CMSSC01	Atención a persoas en situación de dependencia	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0831	Teleasistencia	2023/2024	6	104	124

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	PURIFICACIÓN FERREIRO FERNÁNDEZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

1. As medidas establecidas na Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, especialmente a importancia de que as persoas podan manterse no seu domicilio.
2. O aumento de persoas da terceira idade, xunto coa tendencia a que cada vez máis vivan soas.
3. A diminución de cuidadores informais no ámbito familiar derivada da situación socioeconómica e laboral das familias, dos valores sociais e da progresiva e imparable incorporación da muller ao mercado laboral.
4. A asistencia para a autonomía persoal e o incremento do sentimentos de inseguridade derivados en moitas ocasións da vida en soidade.
5. O progresivo avance das novas tecnoloxías que supoñen unha oportunidade para o apoio ás persoas dependentes.
6. A evolución imparable do servizo de teleasistencia en todo o estado.

Todos estes elementos xustifican a importancia de incorporar no currículo dos TAPSD aspectos relacionados coa teleasistencia. Concretamente a través deste módulo se pretende conquistar a competencia recollida no currículo de "Xestionar as chamadas entrantes e saíntes do servizo de teleasistencia, recibíndoas e emitíndoas segundo os protocolos establecidos, utilizando aplicacións informáticas e ferramentas telemáticas"

O currículo deste módulo forma aos futuros TAPSD nunha das funcións que poden desempeñar como teleoperador/a de teleasistencia, que pode ser moi importante dada a oportunidade que supón a aposta da Deputación de Lugo por incrementar a oferta deste servizo entre a poboación da provincia o que sen dúbida pode representar unha maior demanda deste perfil.

Por outra banda, e debido ao incremento de maiores que viven sós, é previsible que este servizo tamén sexa cada vez máis unha oferta do sector privado, o que implica oportunidades laborais para este perfil.

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	O SERVIZO DE TELEASISTENCIA.	Características, funcións e estrutura da teleasistencia	15	10
2	PERSOAS USUARIAS	Os posibles usuarios e as súas características. Modalidades acordadas ás necesidades dos usuarios. Requisitos para acceder ao servizo. Confidencialidade dos datos	15	10
3	ELEMENTOS BÁSICOS DO SERVIZO DE TELEASISTENCIA	Equipamentos básicos, organización do servizo, xestión de expedientes	20	15
4	ENTRENAMENTO EN HABILIDADES SOCIAIS E COMUNICACIÓN TELEMÁTICA	Habilidades persoais de comunicación telemática. Identificación de situacións de crise	14	15
5	XESTIÓN DE CHAMADAS ENTRANTES	Xestión de chamadas. Protocolos e pautas de actuación	30	25
6	XESTIÓN DE CHAMADAS SAINTES	Protocolos de actuación, incidencias do servizo indicadores de calidade	30	25

#### 4. Por cada unidade didáctica

##### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	O SERVIZO DE TELEASISTENCIA.	15

##### 4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Organiza a propia intervención no servizo de teleasistencia tendo en conta as características e o equipamento técnico do posto de traballo.	NO

##### 4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Descríbense as características, as funcións e a estrutura do servizo de teleasistencia.

##### 4.1.e) Contidos

Contidos
Servizo de teleasistencia: características, funcións e estrutura.

**4.2.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
2	PERSOAS USUARIAS	15

**4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Organiza a propia intervención no servizo de teleasistencia tendo en conta as características e o equipamento técnico do posto de traballo.	NO

**4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.5 Utilizáronse aplicacións informáticas e ferramentas telemáticas propias do servizo de teleasistencia.
CA1.8 Xustificouse a importancia de garantir a confidencialidade da información e o dereito á intimidade das persoas.

**4.2.e) Contidos**

Contidos
Verificación do contrasinal de acceso. Protección de datos e confidencialidade.
Dereitos da persoa usuaria: dereito á intimidade.
Altas e modificación de datos no expediente da persoa usuaria.



**4.3.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
3	ELEMENTOS BASICOS DO SERVIZO DE TELEASISTENCIA	20

**4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Organiza a propia intervención no servizo de teleasistencia tendo en conta as características e o equipamento técnico do posto de traballo.	NO
RA4 - Realiza o seguimento das chamadas entrantes e saíntes, rexistra as incidencias e as actuacións realizadas, e elabora o informe correspondente.	NO

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.2 Organizouse o espazo físico da persoa operadora con criterios de limpeza, orde e prevención de riscos.
CA1.3 Descríbense as normas de hixiene, ergonomía e comunicación que preveñen riscos sobre a saúde de cada profesional.
CA1.4 Argumentouse a necesidade de seguir os protocolos establecidos para mellorar a calidade do servizo en cada quenda.
CA1.6 Comprobáronse os terminais e os dispositivos auxiliares dos servizos de teleasistencia.
CA1.7 Descríbense as continxencias máis habituais no uso das ferramentas telemáticas.
CA4.1 Explicáronse os medios técnicos que favorecen a transmisión de información entre quendas.
CA4.3 Descríbense os tipos de informes do servizo de teleasistencia.
CA4.4 Elaboráronse informes de seguimento.
CA4.5 Identificáronse os aspectos da súa práctica laboral susceptibles de mellora.
CA4.7 Transmitíronselles as incidencias e as propostas de mellora ás persoas competentes.
CA4.8 Valorouse a importancia de adecuar a súa competencia profesional a novas necesidades no campo da teleasistencia.

**4.3.e) Contidos**

Contidos
Orde e mantemento do espazo físico de traballo: importancia do seu mantemento para a quenda seguinte.
Prevención de riscos laborais: normas de hixiene, ergonomía e comunicación.
Cooperación no servizo de teleasistencia. Aplicación dos protocolos propios do servizo para mellorar a súa calidade.
Uso de hardware e software de teleasistencia: tipos.
Uso de ferramentas telemáticas: compoñentes e características, manipulación e regulación.
Terminal e dispositivos auxiliares: utilización. Manual de instrucións.
Verificación do contrasinal de acceso. Protección de datos e confidencialidade.
Recollida da opinión de persoas usuarias: propostas e alternativas.

**Contidos**

Rexistro e transmisión de incidencias.

Adaptación a novas necesidades.

Xestión de expedientes: rexistros que os compoñen.

Tipos de información para rexistrar.

Axendas de seguimento: casos en que se programa e se rexistra.

Elaboración de informes: tipos, elementos, información, estrutura, redacción e presentación.

Identificación de casos susceptibles de elaboración de informes.

Situacións nas que cómpre a intervención de diferentes profesionais.

Indicadores da calidade do servizo de teleasistencia.

#### 4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	ENTRENAMENTO EN HABILIDADES SOCIAIS E COMUNICACIÓN TELEMÁTICA	14

#### 4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Aplica procedementos de xestión das chamadas saíntes utilizando aplicacións informáticas e ferramentas telemáticas.	NO
RA3 - Aplica procedementos de xestión das chamadas entrantes seguindo o protocolo e as pautas de actuación establecidos.	NO

#### 4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.8 Argumentouse a valoración do uso dunha linguaxe apropiada á persoa que recibe a chamada saínte.
CA3.1 Seguíronse os protocolos establecidos para a presentación, o desenvolvemento e a despedida.
CA3.5 Utilizáronse estratexias facilitadoras da comunicación e un trato personalizado.
CA3.6 Respondeuse correctamente ante situacións de crise e emerxencias.
CA3.8 Argumentouse a importancia de respectar as opinións e as decisións da persoa usuaria.

#### 4.4.e) Contidos

Contidos
Aplicación de protocolos de presentación e despedida: personalización.
Valoración da importancia de adecuar a comunicación á persoa interlocutora.
Boas prácticas profesionais: respecto polas opinións e as decisións das persoas usuarias.
Aplicación de técnicas de atención telefónica.
Aplicación de técnicas de comunicación telefónica eficaz: resposta ás necesidades e ás demandas das persoas usuarias.
Identificación de situacións de crise: tipos e actuación.
Aplicación de técnicas de control de estrés en servizos de teleasistencia.
Niveis de actuación fronte a emerxencias.

**4.5.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
5	XESTIÓN DE CHAMADAS ENTRANTES	30

**4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Aplica procedementos de xestión das chamadas entrantes seguindo o protocolo e as pautas de actuación establecidos.	SI
RA4 - Realiza o seguimento das chamadas entrantes e saíntes, rexistra as incidencias e as actuacións realizadas, e elabora o informe correspondente.	NO

**4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA3.1 Seguíronse os protocolos establecidos para a presentación, o desenvolvemento e a despedida.
CA3.2 Verificouse a alta da persoa no servizo.
CA3.3 Adecuouse ás características da persoa usuaria a explicación sobre as características e as prestacións do servizo, así como sobre o funcionamento do terminal e os dispositivos auxiliares.
CA3.4 Actualizáronse os datos da persoa na aplicación informática.
CA3.5 Utilizáronse estratexias facilitadoras da comunicación e un trato personalizado.
CA3.6 Respondeuse correctamente ante situacións de crise e emerxencias.
CA3.7 Puxéronse en marcha os recursos adecuados para responder á demanda presentada.
CA3.8 Argumentouse a importancia de respectar as opinións e as decisións da persoa usuaria.
CA4.1 Explicáronse os medios técnicos que favorecen a transmisión de información entre quendas.
CA4.2 Aplicáronse técnicas e procedementos de rexistro de información.
CA4.3 Descríbironse os tipos de informes do servizo de teleasistencia.
CA4.4 Elaboráronse informes de seguimento.
CA4.5 Identificáronse os aspectos da súa práctica laboral susceptibles de mellora.
CA4.6 Identificáronse as situacións en que cumpra a intervención de diferentes profesionais.
CA4.7 Transmitíronselles as incidencias e as propostas de mellora ás persoas competentes.

**4.5.e) Contidos**

Contidos
Aplicación de protocolos de presentación e despedida.
Verificación da alta da persoa usuaria do servizo.
Alarmas: tipos e actuación.

**Contidos**

Xestión de chamadas e mobilización de recursos: tipos, criterios e pautas de actuación.

Niveis de actuación fronte a emerxencias.

Rexistro e codificación da información.

Aplicación de técnicas e procedementos de rexistro de información.

Tipos de información para rexistrar.

Identificación de casos susceptibles de elaboración de informes.

Situacións nas que cómpre a intervención de diferentes profesionais.

**4.6.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
6	XESTIÓN DE CHAMADAS SAINTES	30

**4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Aplica procedementos de xestión das chamadas saíntes utilizando aplicacións informáticas e ferramentas telemáticas.	SI
RA4 - Realiza o seguimento das chamadas entrantes e saíntes, rexistra as incidencias e as actuacións realizadas, e elabora o informe correspondente.	SI

**4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.1 Accedeuse á aplicación informática mediante o contrasinal asignado.
CA2.2 Seleccionáronse na aplicación informática as axendas para realizar durante a quenda de traballo.
CA2.3 Programáronse as chamadas en función do número, o tipo e a prioridade establecida no protocolo.
CA2.4 Seleccionouse correctamente a chamada de axenda na aplicación informática.
CA2.5 Aplicouse un protocolo de presentación personalizado.
CA2.6 Axustouse a conversa ao obxectivo da axenda e ás características da persoa usuaria.
CA2.7 Seguíronse os protocolos establecidos para a despedida.
CA2.8 Argumentouse a valoración do uso dunha linguaxe apropiada á persoa que recibe a chamada saínte.
CA4.1 Explicáronse os medios técnicos que favorecen a transmisión de información entre quendas.
CA4.2 Aplicáronse técnicas e procedementos de rexistro de información.
CA4.3 Descríbironse os tipos de informes do servizo de teleasistencia.
CA4.4 Elaboráronse informes de seguimento.
CA4.5 Identificáronse os aspectos da súa práctica laboral susceptibles de mellora.
CA4.6 Identificáronse as situacións en que cumpra a intervención de diferentes profesionais.
CA4.7 Transmitíronselles as incidencias e as propostas de mellora ás persoas competentes.
CA4.8 Valorouse a importancia de adecuar a súa competencia profesional a novas necesidades no campo da teleasistencia.

**4.6.e) Contidos**

Contidos
Xestión de axendas: tipos. Localización na aplicación informática.
Programación de axendas. Protocolos e pautas de actuación para a planificación de chamadas diarias. Criterios de prioridade.

**Contidos**

Altas e modificación de datos no expediente da persoa usuaria.

Emisión de chamadas en servizos de teleasistencia.

Aplicación de protocolos de presentación e despedida: personalización.

Pautas de comunicación segundo axenda.

Valoración da importancia de adecuar a comunicación á persoa interlocutora.

Rexistro e codificación da información.

Aplicación de técnicas e procedementos de rexistro de información.

Tipos de información para rexistrar.

Identificación de casos susceptibles de elaboración de informes.

Situacións nas que cómpre a intervención de diferentes profesionais.

## 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

Os contidos mínimos esixibles deste módulo son todos aqueles que se recollen ao longo da programación didáctica e especificados por unidades. Os criterios de cualificación serán os seguintes:

As cualificacións trimestrais obteranse do seguinte xeito:

a) Un 60% da mesma procederá da cualificación obtida nas probas escritas ou orais. Para aprobar este módulo, deberá obterse unha cualificación mínima igual a 5 en cada unha das probas que se realicen ao longo do curso. Realizarase como mínimo unha proba escrita (exame), por trimestre. No caso de realizarse máis dunha proba escrita, deberá obterse unha cualificación mínima igual a 5 en cada unha delas e a nota total será a media aritmética das mesmas.

O alumnado que durante a realización dunha proba escrita ou da realización dun proxecto realizara calquera acto de copia, suplantación ou cambio obterá unha puntuación de 1.

b) Un 40% procederá das cualificacións de exercicios e traballos que se propoñan. A puntuación dos traballos grupais non será necesariamente a mesma para todos os membros do grupo, dependerá do traballo realizado e da actitude de cada compoñente.

Nos traballos, tanto de grupo como individuais, valoraranse as seguintes cuestións:

- 1) Estrutura, presentación e contidos
- 2) A exposición do traballo e recursos empregados (se procede)

No caso dos traballos de grupo, valorarase ademais: a dinámica de traballo, é dicir, valorarase se as tarefas se distribuíron equitativamente e tendo en conta as posibilidades e limitacións de cada membro do grupo, se cada un se responsabilizou activamente do seu traballo, se se fixo unha posta en común para que o traballo resulte algo coherente, se se resolveron os problemas que puideran xurdir.

A nota final acadada en cada avaliación calcularase sumando a nota resultante en cada apartado dos definidos.

Ao tratarse de avaliación continua, a nota final do módulo será a mesma que da terceira avaliación.

As cualificacións das avaliacións parciais e final serán numéricas entre 1 e 10, sen decimais. Se o primeiro decimal é igual ou inferior a 5, a nota redondéase á baixa. Pola contra, se ese primeiro decimal é superior a 5, a nota sería redondeada á alza.

No caso de non presentación dunha tarefa, procedemento ou traballo no prazo fixado polo/a docente, este poderá presentarse cun retraso máximo de tres días, e sempre tendo en conta que cada día de retraso na súa presentación supón a redución de 0,5 puntos na cualificación do traballo.

No caso de que o/a alumno/a non acadase unha cualificación positiva nas avaliacións parciais realizará as actividades de recuperación que establecerá a profesora de forma individualizada atendendo aos déficits do alumno/a e co obxectivo de acadar os obxectivos do módulo. As actividades do plan de recuperación poderán consistir na elaboración de probas, actividades e traballos semellantes aos propostos durante o trimestre.

Os alumnos que non teñan as avaliacións superadas e aqueles que teñan perdido o dereito de avaliación continua, deberán realizar o exame final para superar o módulo, así como entregar aquelas actividades e traballos que se demanden, de acordo cos realizados ao longo do curso polo resto do alumnado.

## 6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

### 6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

No caso de que o alumnado non acadase unha cualificación positiva nas avaliacións parciais realizará as actividades de recuperación que establecerá o docente de forma individualizada atendendo aos déficits do alumnado e coa finalidade de acadar os obxectivos do módulo. As actividades do plan de recuperación poderán consistir na elaboración de actividades e traballos semellantes aos propostos durante o trimestre e/ou a realización dunha proba escrita.

O plan de recuperación de cada avaliación responderá a ese principio, xa mencionado, de individualización e terá en todo caso como referencia os resultados de aprendizaxe e os contidos das correspondentes UD que o alumno/a non tivera superado.



Se estas medidas deseñadas para o alumnado no plan de recuperación non resultasen suficientes para algúns alumnos/as, ese alumno/a terá en xuño unha convocatoria de proba.

### **6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua**

O número de faltas de asistencia (non xustificadas segundo os criterios fixados no RRI) non poderá superar o 10% da duración (124 sesións) do módulo formativo, e dicir, o número máximo de faltas de asistencia non xustificadas será de 13 sesións

Se o alumnado, por tanto, supera este número indicado de faltas de asistencia perderá o dereito á avaliación continua, comunicándose a través da titora do grupo de xeito formal. O alumno/a que perda o dereito á avaliación continua non terá dereito a ser examinado por avaliacións parciais e polo tanto será avaliado na Convocatoria Ordinaria de Xuño nun único examen; No obstante o alumno/a poderá seguir asistindo a clase con carácter presencial.

A avaliación consistirá na realización dunha proba que constará dunha parte teórica e dunha parte práctica sobre os contidos do módulo.

Parte teórica: poderá incluír cuestións de diferente tipo: de elección, de resposta corta e/ou de desenvolvemento -máis ou menos amplo- de cuestións relacionadas cos contidos do módulo. A duración máxima desta proba será de 3 horas e valorarase cun máximo de 7 puntos.

A parte práctica o alumno/a, terá unha duración máxima de tres horas e unha puntuación máxima de 3 puntos. consistirá na realización de un máximo de 3 supostos prácticos e poderá incluír algunha outra práctica directa que permita comprobar o desenvolvemento do alumno/a nunha chamada entrante e/ou saínte.

Para alcanzar unha cualificación positiva na proba extraordinaria é preciso obter un mínimo do 50% en cada unha das partes da proba teórica e práctica.

### **7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente**

O procedemento fundamental para levar a cabo o seguimento da programación e a avaliación da práctica docente será a autoavaliación da práctica educativa. A avaliación corresponde, en primeiro lugar, ao/a profesor/a, que se enfrontará a todas as súas tarefas e funcións cunha actitude crítica permanente. De igual xeito, no equipo docente do ciclo formativo e no departamento didáctico, en actitude recíproca de participación colectiva, intercambiaranse puntos de vista, analizarase, deliberarase e chegarase a acordos que enriquezan mutuamente a práctica docente. Este procedemento pode estar complementado coas estimacións que o alumnado realice. O/A profesor/a provocará e favorecerá a avaliación desde o alumnado medindo desde eles o acerto das súas intervencións.

Os aspectos da programación que se someterán a seguimento son:

Os obxectivos: A concreción dos mesmos e a adecuación aos resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación da programación do módulo e do currículo do mesmo.

Os contidos de aprendizaxe: A adecuada selección e secuenciación dos mesmos ao longo das unidades didácticas.

As actividades docentes: Prestando especial atención á coherencia das actividades propostas coa liña metodolóxica que se considera máis adecuada para cada aprendizaxe e ao deseño e aplicación dunhas actividades diversificadas para favorecer os distintos ritmos de aprendizaxe.

O clima e as relacións na aula: Valorando as interaccións que se producen no grupo, as situacións en que esas interaccións perturban o clima da aula e os procesos de aprendizaxe, a autonomía do alumnado, a adecuación da organización espacial e dos agrupamentos ás características do grupo e do traballo que se realiza.

Os medios e recursos: uso e rentabilidade que se consegue.

O sistema de avaliación que se aplica para valorar ao alumnado, así como o propio sistema de avaliación da práctica docente

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Segundo o establecido no artigo 28 da ORDE do 12 de xullo de 2011 pola que se regulan o desenvolvemento, a avaliación e a acreditación académica do alumnado das ensinanzas de formación profesional inicial: ao comezo das actividades do curso académico, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno e de cada alumna, así como as súas capacidades. Así mesmo, deberá servir para orientar e situar o alumnado en relación co perfil profesional correspondente.

Nesta sesión, o profesor ou a profesora que se encarguen da titoría darán a información dispoñible sobre as características xerais do grupo ou sobre as circunstancias especificamente académicas ou persoais, con incidencia educativa, de cantos alumnos e alumnas o compoñan.

Esta información poderá proceder, entre outras:

- a) Dos informes individualizados de avaliación da etapa anteriormente cursada, de ser o caso.
- b) Dos estudos académicos ou das ensinanzas de formación profesional inicial ou para o emprego previamente realizados.
- c) Do alumnado matriculado sen titulación académica de acceso.
- d) Dos informes ou ditames específicos do alumnado discapacitado ou con necesidades educativas especiais que poida haber no grupo.
- e) Da experiencia profesional previa.
- f) Da matrícula condicional do alumnado estranxeiro.
- g) Da observación do alumnado e as actividades realizadas nas primeiras semanas do curso.

O tratado na sesión de avaliación inicial e os acordos que adopte o equipo docente nela recolleranse nunha acta, da cal se entregará copia na xefatura de estudos, incluíndo especialmente aqueles que teñan que ver con aspectos de flexibilización na duración das ensinanzas, segundo se desenvolve no artigo 16 desta orde. Esta avaliación inicial en ningún caso comportará cualificación para o alumnado.

Nos primeiros días de clase realizarase unha avaliación inicial sobre os coñecementos específicos do módulo que dará idea sobre o nivel de partida do alumnado e así poder adaptar mellor os contidos e actividades de aprendizaxe. Esta avaliación será anónima e polo tanto non terá repercusión na cualificación do alumnado.

### 8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

O reforzo educativo é unha medida ordinaria de atención á diversidade que afecta a elementos non prescriptivos do currículo, tratándose, polo tanto, de medidas educativas referidas á metodoloxía.

Na programación podemos referirnos a certos criterios moi globais que precisarían, de ser necesario, de concreción e desenvolvemento individualizado tras a detección das dificultades do alumnos/as; podendo solicitar asesoramento do Departamento de Información e Orientación e procurando acordos nos equipos de ciclo.

Entre eses criterios, resaltamos:

Favorecer ó acceso á información a través de soportes e medios de distinto tipo.

Indicar os obxectivos e contidos básicos do módulo que se deben acadar.

Propoñer actividades alternativas con distinto grado de dificultade para abordar aqueles contidos que sexan de dificultade para o alumno/a.

Traballar con distintos agrupamentos de alumnos para favorecer a súa participación, o traballos das actividades propostas e a axuda que podan

brindar outros compañeiros/as.

Buscar materiais alternativos acordes coas necesidades do alumno/a.

Realizar unha colocación máis favorecedora para o alumno/a para o seguimento das dinámicas da clase, tendo en conta a súas características

Aportar instrucións máis detalladas ou diversas para abordar exercicios, traballos, actividades e probas.

Flexibilizar, na medida do posible, de tempos necesarios para a realización das probas.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

Fundamentalmente vincularemos a educación en valores ós contidos actitudinais do módulo, que veñen a explicitar actitudes de respecto e valoración ós usuarios, destinatarios ó fin da súa posible intervención laboral-profesional; así como de fomento do traballo cos compañeiros/as, procurando un respecto pola contribución de cada membro da clase.

Podemos destacar tamén o papel da Metodoloxía na educación en valores, procurando que propicie un entendemento e axuda mutua, a través da interacción didáctica e facilite unha aprendizaxe significativa, como proceso motivador cara á reflexión e vivencia dos contidos actitudinais.

Tamén partiremos dunha concepción da educación en valores vinculada a dinámicas de traballo na aula que fomenten e procuren:

Puntualidade.

O diálogo, como recurso para o consenso nos traballos, e nos posibles conflitos que podan xurdir nas relacións.

O respecto ás aportacións e estilos dos/as compañeiros/as, a través da escoita activa, a espera solicita nas intervencións e da argumentación fundamentada nos debates.

O coidado do espazo e dos materiais na aula, procurando especialmente orden, limpeza, non alteración dos materiais. Pola sensibilidade do seu uso, merece destacar o coidado do material informático, usando segundo uns protocolos acordados: encendido e apagado de ordenadores, non modificación de fondos de pantalla, arquivos almacenados e programas informáticos, uso economizador das impresións, como algúns aspectos a destacar.

A procura dun aforro enerxético, a través fundamentalmente do apagado de luces na aula en momentos de recreo e ó final das sesións lectivas diarias.

Dinámicas responsables de traballo: prazos razoables de entrega de actividades e traballos (que salvo certas excepcións non se ampliarán), respectando a vía de entrega indicada e instrucións básicas detalladas, seguindo unha equidade e diálogo nos traballos en equipo.

Os aspectos sinalados anteriormente redundarán no desenvolvemento integral do alumnado, coa adquisición de valores ético-morais e non só na adquisición de capacidades cognitivas ou intelectuais. Incidirase polo tanto nas capacidades afectivas, motrices, de relación interpersonal e de inserción e actuación social, debatindo sobre aspectos relacionados con contidos transversais de educación para a paz, para a promoción da igualdade e non discriminación, respecto e coidado do medio ambiente e educación do consumidor.

### 9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Ao longo do curso promoveranse diferentes actividades complementarias e extraescolares tendentes a unha adecuada consecución dos resultados de aprendizaxe previstos no currículo, e sempre en coordinación co departamento. Entre elas poderán atoparse:

Charlas sobre a realidade educativa dos centros e diferentes aspectos relacionadas coa dinámica de traballo e actividades que se realizan nos mesmos, a cargo de profesionais en exercicio.

Charlas de profesionais que desenvolven o seu labor no ámbito dos servizos sociais de atención á dependentes

Visitas a centros de dependentes da cidade e/ou outros concellos.

Visita a central de teleasistencia

Levarase tamén a cabo a organización de actos conmemorativos de datas significativas ou tradicionais: Magosto, Entroido, así como datas especialmente relacionadas coa atención a dependencia.

## 10. Outros apartados

### 10.1) Funcionamento, traballos, exames e datas

Exames presenciais. Os exames realizaranse no día e hora estipulados pola profesora. Unicamente se repetirán os exames fóra da data previs, no caso de falecemento de parentes de 1º grao ou hospitalización do alumnado, coa entrega do debido xustificante. Non é motivo de cambio de exame as consultas médicas ou partes das mesmas por indisposición temporal do alumnado. Neste caso, o alumnado poderá asistir ao exame de recuperación. Calquera outro caso será analizado pola profesora.

Os exames de recuperación realizaranse antes ou despois de entrega de notas de avaliación trimestral, a criterio da profesora.

No caso de que o alumnado sexa sorprendido copiando nun exame, por calquera medio, automaticamente será sancionado e a recuperación da materia realizarase única e exclusivamente no mes de xuño.